



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 29 de setembro de 2023 (1552/1102)

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a José Caride Estévez
D. Carlos López Font
D. Angel Rivas González

Na Casa do Concello de Vigo, ás once horas e sete minutos do día vinte e nove de setembro de dous mil vinte e tres e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(807).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 22 de setembro de 2023. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(808).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA A CLUB AMFIV EN BASE AO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DA ACTIVIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2022-2023. EXPTE. 22443/333.

Visto o informe xurídico do 12/09/2023 e o informe de fiscalización do 15/09/2023, dáse conta do informe-proposta de data 06/09/2023, asinado polo xefe do Servizo de Deportes e director deportivo, o técnico de Deportes e conformado polo concelleiro delegado, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Co obxecto de dar continuidade á tramitación do expediente nº 22443/333 sobre a proposta de subvención nominativa a favor do Club Deportivo AMFIV, en base ó desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade considerada de elite na tempada deportiva 2022/2023, e atendendo á observación detallada pola intervención do Concello, procédese a informar sobre a consideración observada e á modificación da proposta e que a continuación se detalla:

1. Corrixíuse o punto 3º do apartado 2º do texto da resolución de concesión de subvención, incluíndo a previsión de pagos anticipados tal e como se prevé no informe-proposta.

Polo exposto, procede a modificación da proposta considerando e atendendo a observación detallada:

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 60.000,00€ € prevista na partida orzamentaria 3410.4890007 a favor da entidade CLUB DEPORTIVO AMFIV polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividades da entidade na tempada deportiva 2022-2023.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

En relación a esta actuación de colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas segundas categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva CLUB DEPORTIVO AMFIV conta cun equipo de elite na modalidade de BALONCESTO EN CADEIRA DE RODAS na categoría División de Honra. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade en competicións de alto nivel.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría División de Honra hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2022-2023, que impulsa e estimula a participación dos e das máis mozos nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade CLUB DEPORTIVO AMFIV e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.



Concello de Vigo

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na procura da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A busca dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade cara os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto de colaboración coas entidades deportivas con equipos de elite da cidade de Vigo fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendimento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais mozos teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendimento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas vigueses e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a tramitación dunha subvención a favor da entidade CLUB DEPORTIVO AMFIV para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para esta proposta, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de

Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final segunda; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e axudas públicas, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo na partida orzamentaria 3410.4890007 consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dunha resolución cuxo texto se somete a aprobación.

A Vixencia desta proposta é pola actividade desenvolta pola entidade CLUB DEPORTIVO AMFIV durante a tempada deportiva 2022-2023 tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre aprobación do expediente pola Xunta de Goberno Local e como máximo ata o 15 de Novembro de 2023.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala aprobación do expediente pola Xunta de Goberno Local, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera



Concello de Vigo

procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

En relación á xustificación da subvención, tendo en consideración por unha banda a dificultade e falta de liquidez financeira da entidade deportiva, sen ánimo de lucro e, por outra, a propia finalidade da subvención, que xira ao redor da importancia dos obxectivos de interese xeral que desenvolve o seu proxecto, que se vería en serio risco de cumprimento no caso de esixirse a constancia expresa do pago dos gastos subvencionados con anterioridade ó proceso de xustificación, a proposta exceptúa o cumprimento do establecido no art. 31.2 da L.X.S e no art. 29.2 da L.S.G, admitindo documentación xustificativa de gastos nos que non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión da subvención nominativa a favor da entidade deportiva CLUB DEPORTIVO AMFIV para o desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2022-2023 e aprobar o texto da resolución que a regula.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 60.000,00 € a favor da entidade CLUB AMFIV co CIF: G36711380 e enderezo social en Quiosco Canido Estación s/n (36390), en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da persoa secretaria que figura na documentación do expediente núm. 22443-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.4890007 do vixente orzamento.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO

CONDICIÓN E COMPROMISOS VINCULADOS COA PROPOSTA DE SUBVENCIÓN A FAVOR DA ENTIDADE CLUB DEPORTIVO AMFIV EN RELACIÓN Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2022-2023 (Expediente 22443-333)

I.-O obxecto da proposta é colaborar no desenvolvemento do programa de dinamización do proxecto deportivo da entidade CLUB AMFIV durante a tempada 2022-2023. A entidade conta cun equipo de elite que participa na categoría primeira (1ª – División de Honor),

desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade CLUB AMFIV desenvolve o proxecto do equipo de elite durante a tempada 2022-2023.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade CLUB AMFIV impulsa e estimula a participación dos e das máis mozos no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do baloncesto en cadeira de rodas en etapas de formación, contribuíndo ademais a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvaguardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.4890007 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 60.000,00 €, a favor da entidade deportiva CLUB AMFIV.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, a resolución de concesión e, no seu caso os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables, a presente resolución regulará os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar ó financiamento do proxecto xeral da entidade CLUB AMFIV na tempada deportiva 2022-2023.

VI.- A entidade CLUB AMFIV non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas



Concello de Vigo

obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 22443-333.

COMPROMISOS:

1º.- Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltoos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade beneficiaria:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: maiores, discapacitados...
- Colaboración coa promoción do deporte en igualdade.

2º.- Ter desenvolto un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de elite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de baloncesto en cadeira de rodas na tempada 2022-2023.

3º.- Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.

4º.- Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.- Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe do Concello de Vigo.

6º.- Realizar unha memoria das actividades realizadas durante a tempada deportiva, resultados, colaboracións, clasificacións, proxectos, fotografías coa imaxe institucional, etc... Esta memoria deberá incluír, como mínimo:

- Descrición detallada das competicións nas que a entidade participou, tanto do primeiro equipo da entidade como dos equipos e deportistas de base.
- Fotografías dos equipamentos de xogo tanto do primeiro equipo como dos equipos de base, que inclúan a imaxe institucional do Concello de Vigo.
- Fotografías de accións de xogo do primeiro equipo da entidade nas que se visualice a imaxe da imaxe institucional do Concello de Vigo nos equipamentos de xogo.
- Imaxes da instalación durante o desenvolvemento de competicións do primeiro equipo con detalle das lonas publicitarias coa imaxe institucional localizadas no terreo de xogo.

7º.- Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

8º.- Que en todas as comunicacións, informacións de partidos, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización de actividades, competicións ou adestramentos dos equipos da entidade, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.

9º.- Participar cos xogadores do primeiro equipo nos proxectos de promoción deportiva, difusión e información formulados polo Concello de Vigo.

10º.- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

11º.- Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade CLUB AMFIV na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade CLUB AMFIV (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade CLUB AMFIV unha subvención por importe de 60.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.4890007 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2022-2023.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería



Concello de Vigo

de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2022-2023 coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- Non está autorizada a subcontratación con terceiros da actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto da subvención, na cartellaría, equipamentos de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a aprobación da resolución por parte da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo e o 1 de novembro de 2023 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun

balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto da proposta de subvención cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado nesta proposta.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2022-2023. A tal efecto, o persoal técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do importe da subvención.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de Contratos del Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como



Concello de Vigo

mínimo tres ofertas de diferentes provedores, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficientes.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. A xefatura do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire esta proposta e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

Décimo cuarto.- A vixencia do acordo abarca o período comprendido entre a aprobación do expediente por parte da Xunta de Goberno Local e ata o 1 de setembro de 2023 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto da presente proposta, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto da proposta rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polas condicións que se conteñen

nesta proposta; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, rexerese polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de o 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de o 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Décimo sétimo- Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Décimo oitava.- O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución desta proposta establécese en base as memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan formular.

Décimo novena.- En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire esta proposta de subvención e procedemento para a súa apreciación e imposición, no disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015.

3(809).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA A ORGANIZIA EVENTOGLOBAL S.L POLA ORGANIZACIÓN DUNHA PROBA DE TENIS PRAIA/LIGA MAPFRE DE TENIS PRAIA E UNHA PROBA DO CIRCUITO GALEGO DE VOLEI PRAIA - TROFEO CIDADE DE VIGO. EXPTE. 22458/333.

Visto o informe xurídico do 12/09/2023 e o informe de fiscalización do 15/09/2023, dáse conta do informe-proposta de data 06/09/2023, asinado polo xefe do Servizo de Deportes e director deportivo, o técnico de Deportes e conformado polo concelleiro delegado, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Co obxecto de dar continuidade á tramitación do expediente nº 22458/333 sobre a proposta de subvención a favor da entidade Organizia Eventoglobal S.L en relación á organización do evento VigoArena 2023, e atendendo á observación detallada pola intervención do Concello, procédese a informar sobre a consideración observada e á modificación da proposta e que a continuación se detalla:

1. Elimínouse, na parte expositiva da proposta e no apartado sétimo das condicións e compromisos (Anexo I) vinculados coa proposta de subvención, a posibilidade de



Concello de Vigo

admitir, no momento da xustificación, de *“documentación xustificativa de gastos nos que non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación”*

Polo exposto, procede a modificación da proposta considerando e atendendo a observación detallada:

Con data 25.01.2023 o Concelleiro-delegado de deportes deu instrución para o inicio dun expediente de subvención por importe de 10.000,00€ a favor da entidade Organizia EventoGlobal S.L. pola organización dos eventos deportivos Circuito Mapfre de Tenis praia-Liga Mapfre de Tenis Praia e unha proba do Circuito galego de Volei Praia, que terán a consideración de Trofeo Cidade de Vigo no entorno da Praia de Samil ó longo do mes de xullo de 2023.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación ó interese que ten para a cidade impulsar proxectos deportivos do máis alto nivel competitivo.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ó desenvolvemento dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a toda a cidadanía.

Atendendo a estas consideracións e obxectivos, a Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 27.12.2019 un “Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo”. Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como “cidade do deporte”, inclúe o desenvolvemento das liñas estratéxicas básicas de actuación.

Unha destas liñas básicas é a relacionada coa promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a promover o apoio ó desenvolvemento de proxectos deportivos.

Neste ámbito e tal como está configurada a dinamización do deporte, o Concello de Vigo ten interese no fomento de propostas de subvención que permitan, a través do apoio institucional, o desenvolvemento de proxectos e eventos deportivos vinculados con criterios e principios relacionados co calendario deportivo que, pola súa propia estrutura, impiden ou limitan a capacidade para planificar unha determinada actuación cun gran período de tempo previo á súa celebración, xa que na maioría dos casos estes calendarios se configuran a partir de decisións de organismos nacionais ou internacionais cuxos tempos de xestión non coinciden cos tempos de xestión das administracións.

En relación co que vai dito, a entidade Organizia Eventoglobal S.L solicitou ó Concello de Vigo con data 18/05/2023 unha subvención en relación á proposta de celebración, na cidade de Vigo, dunha proba integrada no Circuito Mapfre de Tenis praia-Liga Mapfre de Tenis Praia e una proba integrada no Circuito Galego de Volei Praia, que terán ademais a consideración de Trofeos Cidade de Vigo, para as que conta coa exclusividade segundo se deriva das certificacións emitidas polas Federacións de ambas modalidades.

A entidade acredita documentalmente posuír os todos os dereitos deportivos, de execución, publicitarios e de comunicación do evento, e o seu proxecto fundamenta o interese xeral que supón para a cidade de Vigo, xa que contará con gran interese e nivel deportivo e unha ampla difusión en medios de comunicación.

O gasto global derivado do proxecto deportivo segundo o presuposto presentado pola entidade organizadora ascenden a un total de 22.000,00€, conforme ao programa e Presuposto de ingresos e gastos, recollidos como Anexos da documentación presentada pola entidade o 05.06.2023.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na busca da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

- Promoción da marca Vigo como cidade do deporte.
- Atracción de proxectos que supoñan a consolidación do tecido produtivo na súa relación do deporte.
- O impulso dunha oferta deportiva de calidade no ámbito dos eventos deportivos.
- Dinamizar propostas de interese de deporte-espectáculo de alto nivel.

Este proxecto de colaboración fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendimento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten con eventos deportivos visibles que potencien a práctica deportiva.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional e consolidación de Vigo como “Cidade do Deporte”

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos, considérase fundamentada a necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos de interese para a cidade de Vigo, e que motiva a proposta de tramitación dunha dunha subvención orientada, entre outras cuestións, a favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.



Concello de Vigo

A lexislación aplicable, para esta proposta, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e axudas públicas, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social, e se atopa detallada no orzamento da Concellería de deportes do ano 2023, o que xustifica que se conceda directamente. A súa concesión canalízase a través dunha proposta de resolución cuxo texto se somete a aprobación.

A tramitación do pago da subvención realizarase unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa.

PRIMEIRO: Aprobar a proposta de resolución de concesión dunha subvención a favor de Organizia EventoGlobal S.L., CIF: B36915585 pola organización dunha proba do Circuito Mapfre de Tenis praia/Liga Mapfre de Tenis Praia e unha proba do circuito galego de Volei Praia, que terán a consideración de Trofeo Cidade de Vigo de acordo coas condicións e compromisos que se detallan como anexo no presente expediente.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 10.000,00€. a favor da entidade Organizia Evento Global S.L co CIF: B.36915585 e enderezo social na rúa Avda de Samil, 99,-2, en Vigo, segundo resulta da documentación presentada e

vinculada co expediente do expediente núm. 22458-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.470.00.01 do vixente orzamento.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO

ANEXO: CONDICIÓN E COMPROMISOS VINCULADOS COA PROPOSTA DE SUBVENCIÓN A FAVOR DE ORGANIZIA EVENTO GLOBAL S.L. EN RELACIÓN Á CELEBRACIÓN DUNHA PROBA DO CIRCUÍTO MAPFRE DE TENIS PRAIA-LIGA MAPFRE DE TENIS PRAIA E UNHA PROBA DO CTO. GALEGO DE VOLEI PRAIA

I.-O obxecto da proposta é colaborar no desenvolvemento na cidade de Vigo dunha proba do Circuito Mapfre de tenis praia-Liga Mapfre de Tenis Praia e unha proba do circuito galego de Volei Praia, organizados por Organizia Evento Global S.L., que ostenta os dereitos de organización e representación en exclusiva dos Eventos deportivos, tal como acredita na documentación presentada no Concello de Vigo.

A entidade organizadora plantexou a celebración na cidade de Vigo dunha proba do Circuito Mapfre de tenis praia-Liga Mapfre de Tenis Praia e unha proba do circuito galego de Volei Praia, uns importantes proxectos deportivos que converten á cidade de Vigo, durante a súa celebración, nun importante centro de atención en ambas modalidades.

Na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, como o feito de que se trate dun proxecto de grande repercusión a nivel nacional e autonómico, que contén cunha ampla promoción da actividade deportiva e o altísimo nivel deportivo da competición, coa participación na cidade de moitos dos e das mellores deportistas do país.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

O Circuito Mapfre de tenis praia-Liga Mapfre de Tenis Praia, avalado polo selo da Federación Española de Tenis e a Federación Galega de Tenis, está considerado como un dos máis relevantes da modalidade, e atrae a participación das mellores parellas de deportistas da modalidade, que se atopan no ránking nacional, entre os que se atopan xogadores do nivel internacional.

O evento converte a praia de Samil, durante a súa celebración, na capital nacional desta modalidade deportiva atraendo a atención de numeroso público e unha relevante presenza en medios de comunicación.

Por outra banda, a proba do circuito galego de Volei Praia é un evento dos máis destacados a nivel autonómico na modalidade. Nesta proba participan as mellores parellas do circuito galego, alcanzando un alto nivel deportivo e sendo de gran atractivo para os siareiros. Esta dúas proba acollen a participación de 60 das mellores parellas da modalidade autonómica.



Concello de Vigo

II.-A entidade Organizia Evento Global S.L. organiza unha proba do Circuito Mapfre de tenis praia-Liga Mapfre de Tenis Praia e unha proba do circuito galego de Volei Praia que supoñen un valor moi importante para a promoción deportiva e turística da cidade de Vigo, o que lle confire un valor único e de carácter excepcional, tendo ademais unha importante repercusión mediática e social de enorme valor.

O evento deportivo reúne os e as mellores deportistas do país durante a celebración de ambas actividades, celebrándose case 400 partidos en total e xerando un alto grado de expectación ao redor, para un evento de acceso gratuito, e que supón un espectáculo deportivo de enorme nivel competitivo e espectacularidade, e cunha importante repercusión nos medios de comunicación.

Súmase a isto, o compoñente social e o valor promocional do deporte deste nivel. Considérase que a organización de este evento permite reforzar o compromiso coa sociedade e dar a coñecer o público das posibilidades de organización destes eventos deportivos, e tendo a oportunidade de incrementar o número de afeccionados e deportistas, coa repercusión mediática nos medios de comunicación, enlaces web, redes sociais, ademais de mostrar a Vigo como destino turístico-deportivo, destacando, como valor promocional engadido, os máis de 19.000 alcances en Facebook, os máis de 446.000 en Instagram, ou a presenza da imaxe promocional do evento no diario Faro de Vigo, que superou as 93.000 impresións no pico máis destacado.

III.-A entidade Organizia Evento Global S.L. non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 22458-333.

COMPROMISOS:

Primeiro.- A entidade Evento Global Organizia S.L. colabora coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Organiza unha proba do Circuito Mapfre de tenis praia-Liga Mapfre de Tenis Praia e unha proba do circuito galego de Volei Praia, coa consideración de Trofeos Cidade de Vigo, obxecto da subvención, asumindo a responsabilidade única no mesmo e garantindo os medios materiais e humanos necesarios para tal fin, cumprindo cos obxectivos e actividades detalladas no proxecto.

2º.- Debe asumir todos os gastos derivados da organización do evento deportivo.

3º.-Debe garantir a instalación e equipamentos axeitados ao proxecto contando coas homologacións e permisos necesarios.

4º.- Debe obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades.

5º.- Debe publicitar de xeito adecuado as actividades recollidas na programación. En todos os casos figura a imaxe institucional do Concello de Vigo, como colaborador do evento deportivo.

6º.- Responsabilízase fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do evento deportivo, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento.

7º.- Debe asegurarse de que en todas as comunicacións, informacións, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización do evento deportivo, aparece a imaxe institucional do Concello de Vigo.

8º.- Debe invitar ó Concello de Vigo a participar de forma activa na entrega dos premios principais do evento deportivo e á presentación, clausura e demais actos institucionais vinculados co mesmo.

9º.- Debe garantir que en todas as actividades que se desenvolvan vinculadas co evento deportivo, con independencia dos patrocinios, figura nun lugar visible a imaxe institucional do Concello de Vigo, e concretamente:

- Nos actos de presentación, clausura e demais actos públicos.
- Nas zonas centrais e de máxima visibilidade na zona de xogo, espazo deportivo ou nos arcos de saída ou chegada se os houbera.
- Na páxina principal da WEB da entidade e do evento deportivo, así como en todas as comunicacións oficiais, documentación, entradas (se as houbera), lonas de publicidade ou carteis promocionais.

10º.- Debe realizar unha memoria do evento deportivo, con resultados, colaboracións, clasificacións, actos, fotografías que inclúan a imaxe institucional durante o desenvolvemento do evento, etc...

11º.- Debe, en xeral, cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

12º.- Debe atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

Conceder directamente á entidade Evento Global Organiza S.L. unha subvención por importe de 10.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.470.00.01 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas ca organización dunha Circuito Mapfre de tenis praia-Liga Mapfre de Tenis Praia e unha proba do circuito galego de Volei Praia, que terán a consideración de Trofeos Cidade de Vigo. A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á celebración do evento deportivo.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá



Concello de Vigo

efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto da subvención, na cartelería, web e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a aprobación do expediente pola Xunta de Goberno Local e o 15 de novembro de 2023 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos probativos polo importe total do orzamento do evento. Se poderá substituír a presentación destes documentos polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto da subvención cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán aquelas facturas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se

aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificadas a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc..) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen para a organización dunha proba do Circuito Mapfre de tenis praia-Liga Mapfre de Tenis Praia e unha proba do circuito galego de Volei Praia

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe da subvención.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de Contratos del Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, agás que por as súas especiais características non exista no mercado suficientes.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.



Concello de Vigo

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire esta proposta de subvención e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

Décimo cuarto.- A vixencia da proposta abarca o período comprendido entre a aprobación do expediente en Xunta de Goberno Local e ata o 15 de Novembro de 2023 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación da mesma.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto- A concesión da subvención obxecto da presente proposta rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polas condicións e compromisos que se conteñen nesta proposta; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, rexerá polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de o 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de o 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Décimo sétimo- Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Décimo oitava.- O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución desta proposta establécese en base as memorias e informes que presente a entidade solicitante e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan plantexar.

Décimo novena.- En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire esta proposta e procedemento para a súa apreciación e imposición, no disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015.

4(810).- MINORACIÓN DO IMPORTE DO CONTRATO CORRESPONDENTE A ANUALIDADE 2023: CONTRATO BASEADO NO ACORDO MARCO DE SUBMINISTRO DE ENERXÍA EN ALTA E BAIXA TENSIÓN ADXUDICADO POLA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEMP A IBERDROLA CLIENTES S.A.U. EXPTE. 53070/444.

Visto o informe de fiscalización do 21/09/2023, dáse conta do informe-proposta de data 19/09/2023, asinado pola enxeñeira industrial, a técnica de xestión, o xefe da Área de Investimentos, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de goberno de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 11 de outubro de 2022, adoptou o seguinte acordo:

"...Terceiro.- Adxudicar o contrato baseado no Acordo Marco de SUBMINISTRO DE ENERXÍA EN ALTA E BAIXA TENSIÓN adxudicado pola Central de Contratación da FEMP a IBERDROLA CLIENTES S.A.U., con data 7 de abril de 2022 e formalizado o 12 de maio de 2022.

Cuarto.- O contrato baseado iniciarase en data 1 de novembro de 2022, por canto o contrato vixente de subministro de enerxía eléctrica(Expediente 52008-444) adxudicado pola Xunta de Goberno local a IBERDROLA CLIENTES, rematará o vindeiro 31 de outubro de 2023."

II.- Consecuencia do devandito acordo, e de cara a execución da anualidade 2023, no expediente están tramitados os seguintes documentos contables :



Concello de Vigo

	EXPEDIENTE		DOCUM. ECONOMICO	IMPORTE
GRUPO 1	1330 2210000- SUBMINISTRO E. E. NOS SEMAFOROS			
	XANEIRO-OUTB 23	52543/444	AD 16303	149.301,90 €
			ADREM1 16297	26.000,00 €
	NOV.-DEC 2022	52543/444	ADREM 13984	38.480,90 €
GRUPO 2	1650 2210000- SUBMINISTRO E. E. ALUMEADO PUBLICO			
	XANEIRO-OUTB 23	52543/444	AD 16304	6.590.876,56 €
			ADREM 16298	1.610.000,00 €
	NOV.-DEC 2022	52543/444	ADREM 13988	1.800.192,42 €
GRUPO 3	1710 2210000- SUBMINISTRO ELECTRICO EN FONTES DE PARQUES E XARDINS			
	XANEIRO-OUTB 23	52543/444	AD 16305	112.625,30 €
			ADREM1 16299	36.000,00 €
	NOV.-DEC 2022	52543/444	ADREM 13992	32.625,07 €
GRUPO 4	3230 2210000- SUBMINISTRO E.E. NOS COLEXIOS			
	XANEIRO-OUTB 23	52543/444	AD 16306	1.174.470,91 €
			ADREM1 16300	275.000,00 €
	NOV.-DEC 2022	52543/444	ADREM 13995	318.176,55 €
GRUPO 5	3420 2210000- SUBMINISTRO E.E. INST. DEPORTIVAS			
	XANEIRO-OUTB 23	52543/444	AD 16307	1.349.604,29 €
			ADREM16301	340.000,00 €
	NOV.-DEC 2022	52543/444	ADREM 13998	370.888,75 €
GRUPO 6	9200 2210000- SUBMINISTRO E.E. DEP.MUNICIPAIS			
	XANEIRO-OUTB 23	52543/444	AD 16308	1.799.139,98 €
			ADREM1 16302	379.000,00 €
	NOV.-DEC 2022	52543/444	ADREM 14001	478.128,29 €

IV.- Na memoria económica onde xustifícase o prezo do contrato, considérase o custe medio do CAP do gas cun valor de 132,59 €/Mwh, aplicado durante 7 meses, ascendendo o importe do mesmo a 2.849.082.98€, tal e como contempla a táboa de xustificación do prezo do contrato:

	CUSTE ENERXÍA+CUSTE POTENCIA	CAP GAS	Alugueiro equipo de medida	IMPOSTO ELÉCTRICO	IVE 10%	IVE 21%	IVE TOTAL	TOTAL CON IVE
subministro de enerxía eléctrica nos semáforos	154.783,37 €	36.351,76 €	2.257,20 €	955,68 €	19.434,80 €	0,00 €	19.434,80 €	213.782,80 €
subministro enerxía eléctrica alumeadado público	7.093.892,22 €	1.726.245,93 €	15.267,36 €	44.100,69 €	675.575,93 €	445.986,86 €	1.121.562,78 €	10.001.068,98 €
subministro eléctrico en fontes de parques e xardíns	123.498,87 €	29.304,00 €	748,80 €	764,01 €	4.974,20 €	21.960,47 €	26.934,67 €	181.250,36 €
subministro de enerxía eléctrica nos colexios públicos	1.188.485,13 €	286.758,29 €	6.384,12 €	7.376,22 €	30.951,85 €	247.691,91 €	278.643,76 €	1.767.647,52 €
subministro eléctrico - inst. deportivas	1.375.400,09 €	341.595,23 €	6.516,60 €	8.584,98 €	32.131,10 €	296.265,03 €	328.396,14 €	2.060.493,04 €
subministro eléctrico - dependencias municipais	1.774.251,51 €	428.827,77 €	11.529,12 €	11.015,40 €	33.396,84 €	397.247,63 €	430.644,47 €	2.656.268,27 €
	11.710.311,19 €	2.849.082,98 €	42.703,20 €	72.796,97 €	796.464,72 €	1.409.151,90 €	2.205.616,62 €	16.880.510,97 €

FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.

I.- Respecto da execución do devandito contrato cabe indicar o seguinte:

O a estimación do valor do CAP do gas realizouse cos seguintes valores:

MEDIA CUSTE CAP DO GAS (€/MWh)	
MES	Barras Central
Xun-22	92,23
Xull-22	115,45
Ago- 22	153,01
Sep-22	102,88

Considerouse o custe medio do CAP do gas cun valor de 132,59 €/Mwh.

A realidade posterior do mercado nos meses posteriores foi a seguinte:



Concello de Vigo

MEDIA CUSTE CAP DO GAS (€/MWh)	
MES	Barras Central
Oct-22	36,77
Nov-22	10,15
Dec- 22	43,87
Xan-23	3,05
Feb-23	-1,09
Mar-23	0,00
Abr-23	0,00
Mai-23	0,00
Xuñ-23	0,00
Xull-23	0,00
Ago-23	0,00

Actualmente, as previsións de mercado non sinalan que o CAP do gas volva a ter datos positivos.

Como consecuencia do exposto, o técnico que subscribe informa que, tendo en conta que:

- O importe contemplado no contrato para o CAP do Gas no contrato é de 2.849.082.98€
- Unicamente se facturaron 522.441 € do CAP do gas dende o inicio do contrato, polo que quedan por facturar 2.326.641,98 €
- A previsión de facturas que poden chegar do período Nov 22-Xan-23 onde o Cap do Gas foi positivo son mínimas
- As previsións de custe 0 € do CAP do Gas para os vindeiros meses

Cunclúese que o gasto máximo previsto para o CAP do Gas non será superior ao importe de 676.732,71 €, ao menos 1.649.909,27 € do importe do orzamento destinado a tal concepto para o ano 2023 non será executado no mesmo, desglosado nas seguintes partidas:

EXPEDIENTE		DOCUM. ECONOMICO	IMPORTE	IMPORTE A MINORAR
GRUPO 1	1330 2210000- SUBMINISTRO E. E. NOS SEMAFOROS			
	XANEIRO-OUTB 23	52543/444	AD 16303	149.301,90 €
			ADREM1 16297	26.000,00 €
	NOV.-DEC 2022	52543/444	ADREM 13984	38.480,90 €
GRUPO 2	1650 2210000- SUBMINISTRO E. E. ALUMEADO PUBLICO			
	XANEIRO-OUTB 23	52543/444	AD 16304	6.590.876,56 €
			ADREM 16298	1.610.000,00 €
	NOV.-DEC 2022	52543/444	ADREM 13988	1.800.192,42 €
GRUPO 3	1710 2210000- SUBMINISTRO ELECTRICO EN FONTES DE PARQUES E XARDINS			
	XANEIRO-OUTB 23	52543/444	AD 16305	112.625,30 €
			ADREM1 16299	36.000,00 €
	NOV.-DEC 2022	52543/444	ADREM 13992	32.625,07 €
GRUPO 4	3230 2210000- SUBMINISTRO E.E. NOS COLEXIOS			
	XANEIRO-OUTB 23	52543/444	AD 16306	1.174.470,91 €
			ADREM1 16300	275.000,00 €
	NOV.-DEC 2022	52543/444	ADREM 13995	318.176,55 €
GRUPO 5	3420 2210000- SUBMINISTRO E.E. INST. DEPORTIVAS			
	XANEIRO-OUTB 23	52543/444	AD 16307	1.349.604,29 €
			ADREM16301	340.000,00 €
	NOV.-DEC 2022	52543/444	ADREM 13998	370.888,75 €
GRUPO 6	9200 2210000- SUBMINISTRO E.E. DEP.MUNICIPAIS			
	XANEIRO-OUTB 23	52543/444	AD 16308	1.799.139,98 €
			ADREM1 16302	379.000,00 €
	NOV.-DEC 2022	52543/444	ADREM 14001	478.128,29 €

II.- A disposición adicional trixésima terceira da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público (LCSP), aplicable ao presente contrato, "Contratos de subministracións e servizos en función das necesidades", establece:

Nos contratos de subministracións e de servizos que tramiten as Administracións Públicas e demais entidades do sector público con orzamento limitativo, nos cales o empresario se obrigue a entregar unha pluralidade de bens ou a executar o servizo de forma sucesiva e por prezo unitario, sen que o número total de entregas ou prestacións incluídas no obxecto do contrato defínase con exactitude ao tempo de celebrar leste, por estar subordinadas as mesmas ás necesidades da Administración, deberá aprobarse un orzamento máximo.



Concello de Vigo

No caso de que, dentro da vixencia do contrato, as necesidades reais fosen superiores ás estimadas inicialmente, deberá tramitarse a correspondente modificación. A tales efectos, haberá de preverse na documentación que rexa a licitación a posibilidade de que poida modificarse o contrato como consecuencia de tal circunstancia, nos termos previstos no artigo 204 desta Lei. A citada modificación deberá tramitarse antes de que se esgote o orzamento máximo inicialmente aprobado, reservándose a tal fin o crédito necesario para cubrir o importe máximo das novas necesidades.

III.- Para o suposto proposto, o informe da IGAE de data 03/02/2016 que interpreta a DA 34ª do TRLCSP – de acordo co Informe 17/12 da JCCA-, de idéntica redacción que a correspondente á vixente DA 33ª da LCSP, indica o seguinte :

“(…)

Se o que se advirte é o suposto inverso, isto é, unhas necesidades reais durante a vixencia do contrato inferiores ás previstas (por unha revisión á baixa das estimacións iniciais da Administración), sen que varíen os prezos unitarios nin o obxecto do contrato, o que procederá é unha modificación do expediente de gasto, sen que se considere unha modificación contractual, podendo nestes casos descontaer ou liberar o crédito comprometido con anterioridade á liquidación do contrato, previa tramitación da mencionada modificación do expediente de gasto.

(…)”

A vista do exposto e tendo en conta a condición de execución do contrato en función das necesidades do servizo, e sendo estas as indicadas no informe de execución do contrato, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención xeral, a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Minorar a anualidade do contrato para o ano 2023 en 1.649.909,27 € (UN MILLÓN SEISCENTOS CORENTA E NOVE MIL NOVECIENTOS NOVE EUROS CON VINTE SETE CÉNTIMOS) sobre o crédito dispoñible para a execución deste contrato no ano 2023 nas aplicacións orzamentarias sinaladas na táboas, e proceder a liberación do importe minorado na mesma aplicación orzamentaria:

EXPEDIENTE		DOCUM. ECONOMICO	IMPORTE	IMPORTE A MINORAR
GRUPO 1	1330 2210000- SUBMINISTRO E. E. NOS SEMAFOROS			
	XANEIRO-OUTB 23	52543/444	AD 16303	149.301,90 €
			ADREM1 16297	26.000,00 €
	NOV.-DEC 2022	52543/444	ADREM 13984	38.480,90 €
GRUPO 2	1650 2210000- SUBMINISTRO E. E. ALUMEADO PUBLICO			
	XANEIRO-OUTB 23	52543/444	AD 16304	6.590.876,56 €
			ADREM 16298	1.610.000,00 €
	NOV.-DEC 2022	52543/444	ADREM 13988	1.800.192,42 €
GRUPO 3	1710 2210000- SUBMINISTRO ELECTRICO EN FONTES DE PARQUES E XARDINS			
	XANEIRO-OUTB 23	52543/444	AD 16305	112.625,30 €
			ADREM1 16299	36.000,00 €
	NOV.-DEC 2022	52543/444	ADREM 13992	32.625,07 €
GRUPO 4	3230 2210000- SUBMINISTRO E.E. NOS COLEXIOS			
	XANEIRO-OUTB 23	52543/444	AD 16306	1.174.470,91 €
			ADREM1 16300	275.000,00 €
	NOV.-DEC 2022	52543/444	ADREM 13995	318.176,55 €
GRUPO 5	3420 2210000- SUBMINISTRO E.E. INST. DEPORTIVAS			
	XANEIRO-OUTB 23	52543/444	AD 16307	1.349.604,29 €
			ADREM16301	340.000,00 €
	NOV.-DEC 2022	52543/444	ADREM 13998	370.888,75 €
GRUPO 6	9200 2210000- SUBMINISTRO E.E. DEP.MUNICIPAIS			
	XANEIRO-OUTB 23	52543/444	AD 16308	1.799.139,98 €
			ADREM1 16302	379.000,00 €
	NOV.-DEC 2022	52543/444	ADREM 14001	478.128,29 €

Segundo.- Notificar á empresa adxudicataria IBERDROLA CLIENTES S.A.U, indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

5(811).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SUBMINISTRO DE MATERIAL DE XARDINERÍA. EXPTE. 50559/446.

Visto o informe xurídico do 21/09/2023 e o informe de fiscalización do 22/09/2023, dáse conta do informe-proposta de data 08/09/2023, asinado pola adxunta ao xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, o xefe do Servizo e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I- A Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 7 de outubro de 2021, acordou, entre outros:

PRIMEIRO “Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada do contrato para a ADQUISICIÓN DE MATERIAIS DE XARDINERÍA, así como o prego de prescricións técnicas particulares, asinado na data 30 de agosto de 2021 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por este procedemento asinado en data 21 de setembro de 2021.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 9.000,00€, que inclúe un IVE de 1.561,98€, o cal se imputará á partida 1710.2100000 “Mantemento Parques, Xardíns, Alamedas e Parques Forestais”, do vixente orzamento 2021.

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.”

II- O apartado 3) “Contido económico” do Anexo I – FEC – do Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o contrato, establece anualidades por importe de 3.000 euros (con IVE), incluída a prórroga.

III- O concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais, mediante resolución de data 17 de marzo de 2022, resolveu (expte. 49358/446):

*“Adxudicar a **PÉREZ GROBA CARAMUXO, S.L. (CIF B36906279)**, cunha baixa do 15% sobre os prezos unitarios fixados no prego de prescricións técnicas, o **PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DE TRAMITACIÓN ABREVIADA DA ADQUISICIÓN DE MATERIAIS DE XARDINERÍA**, por un prezo total de **9.000,00€**, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.561,98€, con cargo á partida orzamentaria 1710.2100000 “Mantemento parques, xardíns, alamedas e parques forestais”, distribuído nas seguintes anualidades:*

Anualidade	Importe
2.022	4.500,00 €
2.023	4.500,00 €

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

IV.- Na cláusula 4 do contrato dispónse que o prazo do contrato será de “2 anos e 2 meses. Se o contrato se formalizase con posterioridade á data prevista para o inicio do contrato, este prazo reducirase, debendo rematar necesariamente o 31 de decembro de 2023”.

V- A cláusula 4.C das FEC do Prego de cláusulas administrativas que rexe o contrato prevé unha prórroga de un ano de duración. Polo que, con data 8 de agosto de 2023, o concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais, a proposta da adxunta ao xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, resolveu iniciar a tramitación do expediente de prórroga do contrato para a adquisición de materiais de xardinería (expte. 50559/446).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

O artigo 29 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do sector público (LCSP 2017), dispón no seu apartado 2º que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das modificacións que se poidan introducir de conformidade co establecido nos artigos 203 a 207 da presente Lei. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu preaviso de produza polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, salvo que no prego que rexe o contrato se estableza un maior. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fose inferior a dous meses. En ningún caso poderá producirse a prórroga polo consentimento tácito das partes.

O artigo 29 da citada norma, no seu apartado 4 sinala que os contratos de servizos de prestación sucesiva terán un prazo máximo de duración de cinco anos, incluíndo as posibles prórrogas que en aplicación do apartado segundo deste artigo acorde o órgano de contratación, respectando as condicións e límites establecidos nas respectivas normas orzamentarias que sexan aplicables ao ente contratante.

Na cláusula 4 do contrato dispónse que o prazo do contrato será de “2 anos e 2 meses. Se o contrato se formalizase con posterioridade á data prevista para o inicio do contrato, este prazo reducirase, debendo rematar necesariamente o 31 de decembro de 2023”, contemplándose unha prórroga de un ano de duración.

Así mesmo, o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP en adiante) do contrato dispón, na cláusula 7 establece que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das Follas Características do Contrato (FEC), sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.



Concello de Vigo

Finalmente, o apartado 4.C das FEC prevé unha prórroga de un ano de duración.

Na actualidade, o subministro de materiais de xardinería desenvólvese conforme ao disposto no prego de prescricións técnicas particulares que rexe o contrato (49358/446).

Asemade, as características do contrato permanecerán inalterables durante o período de duración da prórroga, manténdose a mellora ofertada no contrato, consistente en aplicar un desconto único do 15% a todos os prezos unitarios fixados no apartado 3G) do Anexo I – FEC – do Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o contrato.

En data 11 de xullo de 2023, comunicouse á entidade PÉREZ GROBA CARAMUXO, S.L., mediante a notificación con número de rexistro de saída 49377-2023-1, a intención desta Administración de iniciar a tramitación da prórroga do contrato, outorgándolle un trámite de audiencia por un prazo de dez días para que formulase as alegacións que estimase procedentes.

A notificación foi recibida pola entidade en data 11 de xullo de 2023 e, transcorrido o prazo outorgado, non consta que a empresa manifestase oposición á formalización da prórroga.

Como xa se expuxo anteriormente, o prazo de execución do contrato remata o 31 de decembro de 2023, polo que, debido á necesidade de garantir o subministro obxecto do contrato faise necesario tramitar a prórroga do contrato para a adquisición de materiais de xardinería.

A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, por canto se ven desenvolvendo este mesmo tipo de subministro en anos anteriores e, polo tanto, encádrase na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración local, a cal no seu artigo 3 dispón que:

“En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.”

Ante o exposto, de conformidade co establecido no artigo 29 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do sector público (LCSP 2017), nas cláusulas 4ª e 7ª do Prego de Cláusulas Administrativas e no apartado 4.C das FEC do contrato, e atendendo ás necesidades contractuais que se expoñen no presente informe da adxunta ao xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 TRLRFL), como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- Autorizar a prórroga de UN ANO, para o período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2024 e o 31 de decembro de 2024, do CONTRATO ADXUDICADO POLO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DE TRAMITACIÓN ABREVIADA DA ADQUISICIÓN DE MATERIAIS DE XARDINERÍA, dependente da concellería da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais, do que é actualmente adxudicataria a entidade mercantil, PÉREZ GROBA CARAMUXO, S.L. (CIF B36906279) por resolución do concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais, mediante resolución de data 17 de marzo de 2022, resolveu (expte. 49358/446).

O importe da prórroga será de 3.000,00€ euros, tal como se recolle no contido económico do apartado 3) do Anexo I – FEC – do Prego de cláusulas administrativas particulares e se imputará á partida 1710.2100000 “Mantemento parques, xardíns, alamedas e parques forestais” do orzamento do ano 2024, manténdose no período de prórroga a mellora ofertada no contrato consistente en aplicar un desconto único do 15% a todos os prezos unitarios fixados no apartado 3G) do Anexo I – FEC – do citado Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o contrato.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo á empresa contratista, nos termos establecidos no art. 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC), con indicación expresa de que contra o mesmo poderá interpoñer recurso de reposición ante o órgano que o adopta no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante a Xurisdición contencioso-administrativa de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 (LPAC) e 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Porén, interposto o recurso de reposición, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

Os asinantes subscriben declaración de non estar incurso en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24 de febreiro de 2021 e do 03/03/2021 para os empregados públicos, en execución do O.O.3 "Reforzar a Integridade nos procesos", Liña Estratéxica 3, "Racionalizar e reforzar a integridade nos procesos", Obxectivo Estratéxico 3.4, "Apoiar e favorecer a integridade durante o proceso", Acción 3.4.1.1, do Plan de Integridade na Contratación aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 12.12.2019.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

6(812).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO E REPARACIÓN DO EQUIPAMENTO INFORMÁTICO, MULTIMEDIA E REDES DE DATOS DOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO E A XESTIÓN DE TRABALLOS TÉCNICOS DERIVADOS DA PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E ESPECTÁCULOS. EXPTE. 11048/320.

Visto o informe xurídico de data 15/09/2023 e o informe de fiscalización do 20/09/2023, dáse conta do informe-proposta de data 12/09/2023, asinado pola xefa do Servizo de Participación Cidadá e conformado polo concelleiro delegado de Participación Cidadá e polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución de 12 de xaneiro de 2023, o Concelleiro Delegado de Participación Cidadá e Festas autorizou iniciar o expediente de contratación da PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE MANTEMENTO E REPARACIÓN DO EQUIPAMENTO INFORMÁTICO, MULTIMEDIA E REDES DE DATOS DOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO E A XESTIÓN DE TRABALLOS TÉCNICOS DERIVADOS DA PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E ESPECTÁCULOS.

Segundo.- No expediente tramitado ao efecto consta a seguinte documentación:

1. Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato e orde de inicio do contrato asinados pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e polo xefe de servizo de Administración Electrónica en data 11 de xaneiro de 2023, e polo Concelleiro Delegado de Participación Cidadá e Festas en data 12 de xaneiro de 2023.
2. Memoria económica do contrato de data 24/08/2023, asinada pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, e en data 25/08/2023 polo xefe de servizo de Administración Electrónica, polo concelleiro delegado de Participación Cidadá e Festas e polo concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda.

3. Documentos contables de retención de crédito do 28/04/2023 (RC núm. Operación 202300065335), (RCFUT núm. Operación 202300065336).
4. Declaración dos redactores do prego de prescricións técnicas particulares asinada polo xefe de Servizo de Administración Electrónica e pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, de data 19/04/2023.
5. Prego de prescricións técnicas particulares do contrato, de data 09/06/2023, asinado polo xefe de Servizo de Administración Electrónica e pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.
6. Memoria xustificativa do contrato, co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, asinada o 25 de agosto de 2023 pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e polo concelleiro delegado de Participación Cidadá e Festas.
7. Informe do servizo de contratación, asinado pola técnica de administración xeral de Contratación de data 28/08/2023.
8. Prego de cláusulas administrativas de data 28/08/2023, asinado pola pola técnica de administración xeral de Contratación..

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación. No concello de Vigo esta competencia estaba delegada por Resolución da Alcaldía do 4 de setembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros e concelleiras de área do Concello de Vigo", e acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados de competencias" e rectificación de erros posteriores de datas 19 de novembro e 23 de decembro de 2020, o concelleiro delegado de Participación Cidadá e Festas, en resolución de 12 de xaneiro de 2023, autorizou o inicio deste expediente de contratación.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas redactado polo xefe de Servizo de Administración Electrónica e pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola técnica de administración xeral de Contratación.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto de tramitación ordinaria.

Cuarto.- No artigo 116.3 do LCSP establécese que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito, documento que se emitirá polo servizo de Intervención Xeral quen, ademais, fiscalizará previamente a aprobación do expediente.

Quinto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda apartado 4º do LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe xurídico favorable da Asesoría Xurídica municipal e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de



Concello de Vigo

contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

1º Aprobar o expediente de contratación (11048/320) por procedemento aberto de tramitación ordinaria dos “SERVIZOS DE MANTEMENTO E REPARACIÓN DO EQUIPAMENTO INFORMÁTICO, MULTIMEDIA E REDES DE DATOS DOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO E A XESTIÓN DE TRABALLOS TÉCNICOS DERIVADOS DA PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E ESPECTÁCULOS”.

2º. Aprobar o o prego de prescricións técnicas particulares de 09/06/2023 e o prego de cláusulas administrativas de 28 de agosto de 2023, que rexerán a contratación do “SERVIZOS DE MANTEMENTO E REPARACIÓN DO EQUIPAMENTO INFORMÁTICO, MULTIMEDIA E REDES DE DATOS DOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO E A XESTIÓN DE TRABALLOS TÉCNICOS DERIVADOS DA PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E ESPECTÁCULOS”.

3º.- Aprobar o gasto de 109.552,32 € para a contratación dos “SERVIZOS DE MANTEMENTO E REPARACIÓN DO EQUIPAMENTO INFORMÁTICO, MULTIMEDIA E REDES DE DATOS DOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO E A XESTIÓN DE TRABALLOS TÉCNICOS DERIVADOS DA PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E ESPECTÁCULOS” con cargo á aplicación orzamentaria 9240 2279905 do vixente orzamento do concello de Vigo do ano 2023, distribuídos do xeito seguinte:

	Ano 2023	Ano 2024	Ano 2025	Aplicación orzamentaria
Lote 1	8.348,51 €	33.394,03 €	25.045,52 €	9240 2279905
Lote 2	5.345,53 €	21.382,12 €	16.036,60 €	9240 2279905
Total	13.694,04 €	54.776,16 €	41.082,12 €	

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(813).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO X PROGRAMA PARA ARROMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA SOBRE A VÍA PÚBLICA E DEMAIS ESPAZOS LIBRES QUE CONFORMAN A PAISAXE URBANA. EXPTE. 11537/307.

Visto o informe xurídico de data 22/09/2023, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa da Unidade de Patrimonio Histórico e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

Por delegación do alcalde de 30/06/2023 das atribucións específicas nos/as diferentes concelleiros/as, a Primeira teniente de alcalde e concelleira delegada da área de goberno de Patri-

monio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística conta entre as súas competencias “a dirección técnica e política, xestión, seguimento, tramitación e execución das actividades artístico-culturais do programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública e actuacións sobre os espazos libres que conforman a paisaxe histórica urbana”.

Neste marco, a concelleira delegada, por resolución do 21 de setembro de 2023, inicia expediente para desenvolver o X programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública e demais espazos libres que conforman a paisaxe urbana e someter a aprobación da Xunta de Goberno Local tanto o programa como as súas bases.

O obxectivo principal desta actuación é acometer un conxunto de accións impulsadas dende Concello cara a mellorar a imaxe urbana da cidade e que o tratamento dos paramentos exteriores visibles dende a vía pública contribúa ao realce da paisaxe e do noso patrimonio.

As edicións anteriores do programa desenvolvéronse nos anos 2015, 2016, 2017, 2018, 2019, 2020, 2021, 2022 e 2023, e contaron cunha importante participación cidadá e coa colaboración de institucións educativas e asociacións culturais.

O obxecto do DÉCIMO programa é :

- tratar con pintura ou murais decorativos as medianeiras das edificacións, isto é, aquelas superficies verticais que se sitúan sobre lindeiros da parcela que non reúnen a condición de aliñación oficial e son cegas, así como aqueles paramentos exteriores cegos visibles dende a vía pública tanto de titularidade pública como privada.
- embelecer, decorar, tratar con expresións artísticas os espazos libres de titularidade pública co fin de mellorar a paisaxe urbana.
- expoñer e ademais difundir a obra de artistas urbanos representantes do novo arte contemporáneo.
- coa colaboración dos colexios e institutos da cidade decorar aqueles paramentos exteriores cos debuxos do alumnado que un equipo de traballo especializado, seleccionado pola concellería, dirixirá o seu traslado aos muros do centro educativo.
- durante a execución do programa desenvolver en toda a cidade unha serie de actividades artístico-culturais: talleres de pintura na rúa, performances, actividades musicais ou calquera outra manifestación artística con recursos plásticos, lingüísticos ou sonoros.
- que a cidadanía poida desfrutar libremente das expresións do novo arte contemporáneo.

O propósito da convocatoria é contribuír ao proceso de recuperación e revitalización do entorno urbano e comercial e da paisaxe urbana, a posta en valor do patrimonio da cidade, mellorar a calidade de vida tanto dos habitantes destas zonas coma do resto da cidadanía e dar



Concello de Vigo

a coñecer e valorar a obra dos artistas urbanos nas súas diversas disciplinas coma o postgraffiti, o pop surrealista, o cómic...

Nesta edición, continuadora das anteriores, desenvolveranse entre tres e dez actuacións, sen prexuízo doutras de menor entidade consonte ó orzamento dispoñible.

O programa estrutúrase en dúas fases: unha primeira de “actuacións preparatorias”, na que se seleccionarán os espazos, artistas e centros educativos, e outra segunda de execución dos murais ou outras expresións artísticas. A concellería de Patrimonio Histórico, previo asesoramento técnico, cursará as invitacións aos artistas seleccionados que se formalizarán a través da correspondente contratación, debendo o seleccionado cumprir cos requisitos que a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público esixe para contratar coa administración. A contratación estenderase a aqueles medios auxiliares necesarios para desenvolver os traballos.

O orzamento estímase en 480.000 euros, en base a edicións anteriores, que se farán efectivos con cargo á partidas orzamentarias correspondentes ao orzamento municipal do 2024.

O prazo de execución da actuación de arrombamento será determinado no contrato correspondente.

Na base novena prevense causas específicas de resolución do contrato.

Tamén se prevé a cesión ó Concello dos dereitos de explotación das obras contratadas.

En canto á primeira fase, o procedemento de selección ven determinado no propio programa, e en canto a súa execución se estará ó disposto na normativa reguladora da contratación das corporacións locais, constituída pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

En todo caso non é de aplicación a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e demais normativa reguladora das subvencións en canto o resultado da actividade de arrombamento da escena urbá por persoas suxeitas a dereito privado, non é de propiedade e utilización exclusiva do suxeito de dereito privado (artigo 2.3 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento de subvencións), senón que actuación conforma a paisaxe urbá, de propiedade colectiva.

O Concello é competente para desenvolver actuacións de rehabilitación da edificación, reforma interior dos barrios, mellora da súa habitabilidade, revitalización, recuperación e desenvolvemento en virtude das competencias que os artigos 25.2 e 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, atribúen ós municipios, en concreto a xestión e protección do patrimonio histórico e a promoción da cultura, así como o servizo de medio ambiente urbano.

En consecuencia, propónse á Xunta de Goberno Local o seguinte:

1º.- APROBAR O DÉCIMO PROGRAMA PARA ARROMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA SOBRE A VÍA PÚBLICA E DEMAIS ESPAZOS LIBRES QUE CONFORMAN A PAISAXE URBANA.

2º.- APROBAR AS BASES QUE REXERÁN O DÉCIMO PROGRAMA PARA ARROMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA SOBRE A VÍA PÚBLICA E DEMAIS ESPAZOS LIBRES QUE CONFORMAN A PAISAXE URBANA, que son as que se transcriben de seguido:

X PROGRAMA para arrombar con carácter provisional medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública, e demais espazos libres que conforman a paisaxe urbana

INTRODUCCIÓN

Co obxecto de mellorar a imaxe urbana da cidade durante o ano 2015 desenvolveuse o primeiro Programa de tratamento de medianeiras e paredes vistas con pintura e murais decorativos; ademais tiveron lugar unha serie de actuacións artísticas complementarias (mapping, actividades musicais, de danza urbana e outras de natureza similar).

Os artistas foron seleccionados segundo prevían as bases reitoras do programa, rexistrándose os datos dos interesados en participar, segundo solicitude recibida, e que achegaron a súa traectoria profesional. Ademais o Programa contou cunha importante participación cidadá e coa colaboración de institucións educativas e asociacións culturais.

Dende o ano 2016 iniciouse unha liña de traballo de expresión artística aberto e plural, entendendo a cidade coma un lugar de disfrute e aberto á expresión artística, ofrecendo ao público un espectáculo único con diversidade de actuacións e exposicións efímeras. Coas intervencións do ano 2023 son xa máis de 100 as intervencións en espazos, entre medianeiras e muros, e ademais se consolida o carácter internacional do evento coa presenza de artistas consagrados da escena mundial.

Os criterios de selección dos espazos foron fixados polo Concello coa colaboración dunha comisión asesora: idoneidade da medianeira ou muro, a súa localización, o seu grao de protección ou catalogación municipal e, por suposto, o interese da propiedade dos espazos escollidos que se manifestou previamente e por escrito ante o Concello.

O procedemento efectuouse baixo os principios de participación pública, publicidade, concorrencia e obxectividade.

O programa correspondente á X edición rexerese polas seguintes

BASES

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto do Décimo programa de tratamento de medianeiras, outros espazos urbanos deteriorados e actuacións de dinamización dos espazos públicos é:



Concello de Vigo

- tratar con carácter provisional a través de pintura ou murais decorativos as medianeiras das edificacións, isto é, aquelas superficies verticais que se sitúan sobre lindeiros da parcela que non reúnen a condición de aliñación oficial e son cegas, así como aqueles paramentos exteriores cegos visibles dende a vía pública tanto de titularidade pública como privada, en tanto non se cubren segundo normativa urbanística ou a propiedade decide derrubala en exercicio dos seus dereitos.
- embelecer, decorar, tratar con expresións artísticas os espazos libres de titularidade pública ou privada co fin de mellorar a paisaxe urbana.
- expoñer e ademais difundir a obra de artistas urbanos representantes do novo arte contemporáneo.
- coa colaboración dos colexios e institutos da cidade, decorar aqueles paramentos exteriores cos debuxos do alumnado que un equipo de traballo especializado, seleccionado pola concellería, dirixirá o seu traslado aos muros do centro educativo.
- durante a fase de execución dos murais desenvolver en toda a cidade unha serie de actividades artístico-culturais: talleres de pintura na rúa, performances, actividades musicais ou calquera outra manifestación artística con recursos plásticos, lingüísticos ou sonoros.
- que a cidadanía poida desfrutar libremente das expresións do novo arte contemporáneo.

SEGUNDA.- FIN

A finalidade da convocatoria é contribuír ao proceso de recuperación e revitalización do entorno urbano e comercial e da paisaxe urbana, a posta en valor do patrimonio da cidade, mellorar a calidade de vida tanto dos habitantes destas zonas coma do resto da cidadanía e dar a coñecer e valorar a obra dos artistas urbanos nas súas diversas disciplinas coma o post graffiti, o pop surrealista, o comic.

Debe considerarse sempre o carácter provisional da intervención pola propia definición de “medianeira” en relación coas previsións que o planeamento urbanístico abrangue para a parede a decorar, polo que poidera ser “tapada” a través de edificación, vexetación, incluso ser derrubada segundo calificación urbanística ou previsións da normas urbanísticas ou da ordenación do territorio.

TERCEIRA.- ÁMBITO

Neste décimo programa, continuador dos celebrados nos anos anteriores, desenvolveranse entre tres e dez actuacións, sen prexuízo doutras de menor entidade consonte ao orzamento dispoñible.

O Concello resérvase o dereito de modificar os lugares elixidos para as actuacións se as necesidades de tramitación así o aconsellan; para a salvagarda do interese público, non será causa de modificación do contrato o cambio de espazo ou artista seleccionados ao longo do desenvolvemento do programa (incluso durante a tramitación do procedemento de contratación das obras) nas seguintes circunstancias:

- 1.- Non implique alteración nas previsións económicas iniciais.
- 2.- Non se trate dunha modificación substancial.

Nestes supostos deberase aportar ao expediente únicamente, e segundo o caso, o consentimento expreso do/a artista que renuncia, ou desistimento expreso da propiedade que renuncia e a aceptación expresa da propiedade do novo espazo seleccionado.

A comisión de selección será quen de decidir o novo artista ou o novo espazo.

CUARTA.- PROGRAMA DA ACTUACIÓN

O programa estrutúrase en dúas fases:

Fase 1.- Actuacións preparatorias

1.1 Subfase de propostas dos espazos a tratar, colexios e institutos oficiais interesados no programa, artistas participantes.

- As bases aprobadas publicaranse no Boletín Oficial da Provincia; unha vez publicadas, mediante anuncio na páxina web do Concello, www.vigo.org, e prensa local, abrirase un prazo de 15 días naturais, contados dende o día seguinte da súa publicación na prensa, para que a propiedade dos espazos, asociacións veciñais, culturais, sociais e, en xeral, calquera interesado poida formular propostas de espazos a tratar.

- Cando as propostas veñan subscritas pola propiedade dos inmobles deberán xuntar autorización da comunidade da propiedade que se inclúe como ANEXO I.

- A cesión dos espazos de propiedade privada para o Programa supón o compromiso por parte desta de manter a obra artística polo menos durante o prazo de garantía do tratamento de protección da pintura (verniz), aproximadamente seis anos, sen que a propiedade poida iniciar accións destinadas á desaparición da mesma, agás as circunstancias reflectidas na base segunda.

-Durante o mesmo prazo de 15 días as institucións educativas interesadas en participar no programa, colexios e institutos, achegarán solicitude de participación que se relaciona como ANEXO II. A súa actuación axustarase, en principio, ao espazo a tratar do propio centro educativo.

- Os/as artistas, ou grupos de artistas, relacionados coa creación artística contemporánea interesados en participar no Programa poderán achegar en calquera tempo xustificación da súa traxectoria profesional, que será considerada pola comisión técnica encargada de propor á concellería as invitacións oportunas para executar os traballos de decoración.



Concello de Vigo

- As propostas irán dirixidas á concellería de Patrimonio Histórico a través da dirección de correo electrónico ofi.ph@vigo.org

1.2 Subfase de selección dos espazos a tratar, colexios e institutos interesados no programa e artistas participantes.

1.2.1 Selección dos espazos

Unha comisión técnica, previo estudio da viabilidade das localizacións, propondrá á concellería os espazos a renovar de acordo cos seguintes criterios:

- que a medianeira ou muro visibles dende o espazo público estea en axeitadas condicións de seguridade estrutural e estanquidade.
- viabilidade técnica dos traballos.
- interese espacial e urbano.
- existencia de elementos descontextualizados como cables, caixas de servizos, etc.
- medianeiras con gran impacto visual no conxunto do núcleo.
- interese arquitectónico da edificación e proximidade a edificacións de interese.
- constancia de servidumes que afecten ás medianeiras ou ao seu mantemento.
- ambiente urbano degradado.
- patios degradados de uso público das edificacións.

- A comisión será nomeada pola concellería de Patrimonio histórico e nela estarán representadas asociacións culturais da cidade, expertos en arte urbano e técnicos municipais especializados na conservación do patrimonio histórico.

- O réxime xurídico da comisión axustarase ás normas contidas na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público, sen prexuízo das peculiaridades organizativas da administración local da que depende, o Concello de Vigo.

- A comisión poderá resolver calquera dúbida, imprevisto ou interpretación que se deriven das presentes bases.

- Á vista da proposta de selección, técnicos designados pola concellería emitirán informe acompañado de detallado reportaxe fotográfico, no que se describa o estado da medianeira en canto a súa seguridade, conservación, impermeabilidade e demais consideracións técnicas a ter en conta con carácter previo á intervención.

- As posibles propostas non seleccionadas pasarán a formar parte dun inventario para, no seu caso, vindeiras edicións.

1.2.2 Selección de artistas

Os/as artistas seleccionaranse por invitación, baixo dúas modalidades:

- Aqueles artistas urbanos de recoñecido prestixio serán, no seu caso, invitados pola concellería de Patrimonio histórico.
- Artistas propostos á concellería pola comisión técnica, a cal, previo exame da súa trayectoria profesional, formulará a correspondente proposta de invitación. Para a selección dos artistas considerarase o rexistro creado na concellería de Patrimonio Histórico coas solicitudes de participación.
- A persoa gañadora do concurso V Batalla Mural celebrado no marco da IX edición do Programa de medianeiras, segundo as bases reguladoras da convocatoria da actividade (o primeiro premio consistirá na participación como artista na seguinte edición do Programa de medianeiras).

1.2.3 Selección dos colexios ou institutos

A comisión técnica propondrá á concellería de Patrimonio Histórico os centros educativos nos que se actuará, tendo en conta os que se teñan interesado en participar nesta edición; aqueles que participaron en edicións anteriores, agás excepción xustificada, quedarán excluídos da selección para a actual.

1.2.4 Características dos bosquejos/expresións artísticas

A comisión técnica será quen de indicar a cada artista por ela proposto e seleccionado pola concellería o carácter do bosquejo a representar, con respecto tanto á creatividade do artista como á normativa específica de protección das zonas históricas.

Aínda que a temática será libre, fíxanse os seguintes criterios:

- nas zonas históricas priorizaranse os murais identitarios que relaten tanto a historia da cidade, as súas actividades, fontes de riqueza e aqueles aspectos que identifiquen á cidade, considerando sempre a normativa urbanística de aplicación, polo que as cores a empregar serán as autorizadas no planeamento correspondente ou segundo estudio de cores predominante nestas zonas.
- o resultado final no contexto do espazo a decorar.
- dificultades de mantemento.
- axuste ao presuposto máximo.
- prohíbese a representación de temáticas que constitúan apoloxía da violencia, obras de contido racista, sexista, xenófobo, obsceno ou calquera outro que atente contra a dignidade das persoas.



Concello de Vigo

En relación coas propostas dos colexios e institutos:

A dirección do colexio ou instituto elixirá os cursos para que os alumnos realicen un debuxo de temática libre. Un equipo de traballo especializado dirixirá os traballos de traslado dos debuxos aos muros do centro educativo.

Fase 2.- Execución dos murais/proxectos artísticos

As invitacións para executar os tratamentos efémeros dos espazos con pintura, murais e demais expresións artísticas, formalizaranse a través da correspondente contratación, **da que formarán parte estas bases reguladoras.**

O programa para intervir provisionalmente baixo as condicións urbanísticas os espazos, sexan muros ou medianeiras incluso as actuacións nas paredes dos colexios, abrangue a súa decoración sen que se poida estender á reparación dos muros ou medianeiras danados.

O/a autor ou autores da pintura mural será a mesma persoa ou grupo de persoas que elaborou o bosquejo ou proxecto aprobado; os/as seleccionados deberán cumprir cos requisitos que a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público esixe para contratar coa administración e executar os traballos con absoluto respecto ás medidas de seguridade laboral e de ocupación, no seu caso, da vía pública e nas debidas condicións de seguridade, e no prazo que sinale a concellería.

A contratación estenderase a aqueles medios auxiliares necesarios para desenvolver os traballos: pinturas, andamios, escaleiras ... debendo a adxudicataria dos traballos de preparación da medianeira ou espazo libre dispor dun seguro de responsabilidade dos danos que se poidan causar a persoas ou bens.

QUINTA. - DEREITOS DE PROPIEDAD INTELLECTUAL

Os dereitos de explotación das obras contratadas serán cedidos ao Concello de Vigo, incluíndo os dereitos de reprodución, difusión e exhibición públicas, quen poderá facer uso deles en calquera das modalidades previstas no Texto refundido da propiedade intelectual e sen outros límites que os establecidos nesta e noutras normas que resulten de aplicación. En ningún caso o Concello de Vigo esixirá nin obterá contraprestación económica no caso de uso propio ou cesión dos ditos dereitos a terceiros.

O prezo do contrato será o pago único pola cesión dos dereitos de propiedade intelectual, sen que proceda liquidación algunha pola posterior utilización dos dereitos cedidos.

As cesións dos dereitos de propiedade intelectual non terán o carácter de exclusivas, de xeito que o artista poder facer uso destes, sempre que non se prexudiquen os dereitos do Concello. De se realizar esta explotación o artista deberá mencionar a contratación por parte do Concello de Vigo dentro deste Programa.

En todo caso debe considerarse o carácter temporal das pinturas segundo normativa urbanística de aplicación de forma que, cando se constrúa ou derrube a edificación que soporta a pintura, non haberá lugar a indemnización algunha ao/á autor da mesma.

SEXTA. - DOCUMENTACIÓN

Fase 1.- Actuacións preparatorias

- Selección de espazos

A propiedade, asociacións veciñais, culturais, sociais, sociedades e en xeral calquera interesado pode formular propostas de espazos a tratar, sempre que sexan visibles dende as zonas públicas, e deberán achegar:

- emprazamento do espazo.
- fotografía actual.
- dimensións aproximadas.
- datos da propiedade.
- no caso de cesións de paredes de propiedade privada, autorización desta segundo ANEXO I.

- Selección de artistas

Os artistas interesados en participar achegarán :

- xustificación da súa traxectoria profesional.
- fotocopia do DNI (pasaporte do participante e, no seu caso, de cada un dos compoñentes do grupo).

Os artistas seleccionados deberán achegar, a requerimento do Concello de Vigo, toda a documentación necesaria para formalizar un contrato coa administración pública.

SÉTIMA.- OBRIGAS DOS PARTICIPANTES

Sétima.1 DOS ARTISTAS SELECCIONADOS

- Dar axeitada publicidade do carácter público do financiamento da obra.
- Realizar a obra consonte ó bosquexo ou proxecto aprobado.
- Responder da autenticidade da obra, baixo a persoal responsabilidade da persoa que realice o bosquexo.
- Dispoñer dun seguro de responsabilidade civil que cubra os posibles danos que se poidan causar a persoas e bens durante a execución da obras.
- Presentar ao Concello de Vigo toda a documentación requerida por este para a formalización do contrato en tempo e forma.

Sétima.2 DA PROPIEDAD DE LOS ELEMENTOS A DECORAR



Concello de Vigo

Asumir o compromiso para garantir no futuro o mantemento da pintura, da aparencia do edificio nunhas axeitadas condicións estéticas consonte coas obras executadas, polo menos durante o prazo de garantía do tratamento de protección da pintura (verniz), aproximadamente seis anos.

Sétima.3 DA ADXUDICATARIA DOS TRABALLOS DE PREPARACIÓN DA MEDIANEIRA OU ESPAZO LIBRE

Segundo expediente de contratación das obras que se tramite ao efecto.

OITAVA.- FINANCIAMENTO

A cantidade destinada a este X Programa de tratamento de medianeiras, outros espazos urbanos deteriorados e outras actuacións de dinamización dos espazos públicos estímase en 480.000 euros, en base a edicións anteriores, que se farán efectivos con cargo á partidas orzamentarias correspondentes ao orzamento municipal do 2024.

NOVENA.- HONORARIOS DOS ARTISTAS

Os honorarios dos/as artistas virán determinados pola concellería de Patrimonio Histórico segundo a lexislación contractual, atendendo ás seguintes variables: a) a tipoloxía do espazo (muros ou medianeiras), b) a superficie total do espazo e c) a proxección/valoración do/a artista no mercado da arte.

DÉCIMA.- RÉXIME SANCIONADOR

Será causa específica de resolución do contrato co artista a actitude violenta ou falta de respecto dos artistas aos demais participantes ou asistentes. A rescisión poderá implicar a prohibición de participar en futuros programas durante un tempo que se determinará en función das circunstancias que concorran.

Será tamén motivos para a resolución:

- a. A realización de pinturas fora dos espazos designados polo Concello para este evento.
- b. A alteración das obras doutros participantes.
- c. O plaxio das obras doutros artistas.
- d. A non correspondencia das obras co seu bosquejo ou proxecto orixinal.

DISPOSICIÓNS FINAIS

A participación no Programa supón a aceptación de todas as bases e estas formarán parte dos contratos que se deriven do mesmo. As actuacións serán gravadas e/ou fotografadas e poderán ser reproducidas e /ou expostas polo Concello.

Todas as actuacións recollidas nestas bases están condicionadas á evolución da situación sanitaria xerada pola COVID-19 e ás medidas que sexan adoptadas en cada momento polas autoridades sanitarias.



Concello de Vigo

**CONCELLERÍA
DE
PATRIMONIO
HISTÓRICO**

CONCELLO DE VIGO



ANEXO I: AUTORIZACIÓN DA PROPIEDAD DA PAREDE

D.
no seu propio nome/en representación da comunidade de propietarios do inmovible sito
en
con DNI/pasaporte núm..... e enderezo electrónico a efectos de
notificacións (*no caso
de representación da comunidade da propiedade, acompañarase copia do nomeamento*)

autorizo ao Concello de Vigo para decorar con pintura, a través do *X PROGRAMA para
arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública, e
demais espazos libres que conforman a paisaxe urbana*, a parede/medianeira da súa
propiedade, tal e como se recolle no acordo da xunta xeral da propiedade de
data, do que se achega un exemplar. Ademais, a propiedade do inmovible
senalado ACEPTA o traballo artístico plasmado no espazo que se autorizou ao efecto e se
compromete a impedir a súa eliminación por calquera membro da comunidade da propiedade
polo menos durante o prazo de garantía do tratamento de protección da pintura (verniz),
aproximadamente seis anos; de producirse esta situación, asume o compromiso de
comunicarlle inmediatamente ao Concello de Vigo ou á persoa que ostente a súa
representación, quen exercerá as accións oportunas.

O que asino en Vigo, o de de 20...

Sinatura

Concellería de Patrimonio Histórico
Edificio do Concello de Vigo, Praza do Rei, 36202 VIGO



Concello de Vigo

**CONCELLERÍA
DE
PATRIMONIO
HISTÓRICO**

CONCELLO DE VIGO



ANEXO II: SOLICITUDE DE CENTROS EDUCATIVOS PARA PARTICIPAR NO PROGRAMA (COLEXIOS E INSTITUTOS)

O centro educativo, colexio / instituto.....

e

actuando na súa representación,
don/dona.....

(especificar o cargo),

con DNI/pasaporte núm....., e con enderezo de correo electrónico a efectos de notificacións

solicito participación do citado centro no *X PROGRAMA para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública, e demais espazos libres que conforman a paisaxe urbana.*

En Vigo, o de de 20.....

Selo e sinatura

Concellería de Patrimonio Histórico
Edificio do Concello de Vigo, Praza do Rei, 36202 VIGO

**CONCELLERÍA
DE
PATRIMONIO
HISTÓRICO**

CONCELLO DE VIGO



ANEXO III: DOCUMENTO DE AUTORIZACIÓN E COMPROMISO

D/Dña.....

con DNI..... , en nome propio e/ou representación (que acredito en documento anexo) do meu grupo, integrado por:

....., con DNI/NIF

....., con DNI/NIF

....., con DNI/NIF

.

autorizo ao Concello de Vigo para a publicación, reprodución ou distribución, total ou parcial, da obra seleccionada no *X PROGRAMA para arrambar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública, e demais espazos libres que conforman a paisaxe urbana*, con renuncia expresa a calquera tipo de reclamación que poida derivarse e nos termos esixidos no Real decreto legislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de propiedade intelectual.

En Vigo, ode de 20.....

Sinatura

Concellería de Patrimonio Histórico
Edificio do Concello de Vigo, Praza do Rei, 36202 VIGO



Concello de Vigo

8(814).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE KITS DE TEST INDICIARIO DA PRESENCIA DE DROGAS OU SUBSTANCIAS PROHIBIDAS EN SALIVA. EXPTE. 124/2153.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización de data 12/09/2023, dáse conta do informe-proposta de data 24/08/2023, asinado polo intendente da Policía Local, o xefe de Área de Seguridade e Mobilidade e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1 .- O 3 de febreiro de 2023 a Concelleira delegada de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal ordena a incoación dun expediente de contratación para o subministro de 1.650 kits de test indiciarios para a determinación da presenza de drogas ou substancias prohibidas na saliva, proporcionada por condutores de vehículos para a detección de drogas tóxicas, substancias estupefacientes, estimulantes ou análogas (expte. 124/2153).

2.- O expediente de contratación está formado polos seguintes documentos:

2.1 Informe de necesidade e idoneidade e orde de inicio de expediente (03/02/2023)

2.2 Memoria económica (16/05/2023).

2.3 Certificados da existencia de crédito adecuado e suficiente : RC 856; RCFUT 857 (15/02/2023).

2.4 Prego de Prescripcíons Técnicas (16/03/2023).

2.5 Declaración redactor Prego de Prescripcíons Técnicas (16/02/2023).

2.6 Memoria Xustificativa (01/06/2023).

2.7 Informe do Servizo de Contratación (01/06/2023).

2.8 Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (01/06/2023).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

PRIMEIRO.- En canto ao inicio e tramitación do expediente, arts. 116 e concordantes, e disposicións adicionais segunda e terceira todos da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público.

SEGUNDO.- En canto á aprobación do expediente, D.A. 2ª da Lei 9/17 de Contratos do Sector Público.

TERCEIRO.- En canto á competencia para iniciar o expediente, Acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/07/2023, de delegación de competencias nos Concelleiros-

delegados das Áreas de Goberno e nos Concelleiros delegados e aprobación do Texto Refundido.

CUARTO.- No expediente consta a existencia de crédito adecuado e suficiente con cargo á aplicación orzamentaria 1320.2219900 (MATERIAL DIVERSO PARA OPERATIVIDADE DO SERVIZO).

En mérito de canto antecede, previo informe da Asesoría Xurídica e posterior fiscalización da Intervención Xeral, vense en propoñer á Concelleira delegada de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal que eleve á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de,

ACORDO

1. Aprobar o expediente de contratación para o subministro de 1.650 kits de test indiciarios para a determinación da presenza de drogas ou substancias prohibidas na saliva, proporcionada por condutores de vehículos para a detección de drogas tóxicas, substancias estupefacientes, estimulantes ou análogas, cos seus pregos de Prescripción Técnicas Particulares e de Cláusulas Administrativas Particulares, cunha duración de 36 meses (de setembro ata decembro de 2023; anos 2024 e 2025; e de xaneiro ata agosto de 2026).

2. Aprobar o gasto, por un importe máximo de licitación de 39.930,00 euros, correspondendo a cantidade de 6.930,00 ao 21% de IVE, con cargo á aplicación orzamentaria 1320.2219900 (MATERIAL DIVERSO PARA OPERATIVIDADE DO SERVIZO).

O valor estimado do contrato é de 33.000,00 euros

Dacordo coas anualidades previstas nos apartados 2 e 4 da memoria económica, a imputación do prezo do contrato farase do seguinte xeito:

Exercicioo 2023 (de setembro ata decembro)	4.840,00 euros	200 kits
Exercicio 2024	13.310,00 euros	550 kits
Exercicio 2025	13.310,00 euros	550 kits
Exercicio 2026 (de xaneiro ata agosto)	8.470,00 euros	350 kits

3. Ordenar a apertura do procedemento de adxudicación na modalidade aberto simplificado abreviado (valor estimado do subministro inferior a 60.000,00 euros).



Concello de Vigo

4. A competencia para a adxudicación do contrato rexirase polo Acordo da Xunta de Goberno Local de 28 de xullo de 2023.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(815).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA, TRANSPORTE E ANÁLISE CUANTITATIVO DE DROGAS EN MOSTRAS DE FLUÍDO ORAL A CONDUTORES DE VEHÍCULOS. EXPTE. 111/2153.

Visto o informe xurídico de data 12/09/2023 e o informe de fiscalización do 19/09/2023, dáse conta do informe-proposta de data 24/08/2023, asinado polo intendente da Policía Local, o xefe da Área de Seguridade e Mobilidade e polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- O 25 de xaneiro de 2023 a Concelleira delegada de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal ordena a incoación dun expediente de contratación para a prestación dun servizo de recollida, transporte e análise en laboratorios homologados, de 800 mostras de fluído oral, proporcionada por condutores de vehículos para a detección de drogas tóxicas, sustancias estupefacientes, psicotrópicos, estimulantes, ou análogas (expte. 111/2153).

2.- O expediente de contratación está formado polos seguintes documentos:

2.1 Informe de necesidade e idoneidade e orde de inicio de expediente (25/01/2023).

2.2 Memoria económica (07/03/2023).

2.3 Certificados da existencia de crédito adecuado e suficiente : RC 717; RCFUT 718 (01/02/2023).

2.4 Declaración redactor Prego de Prescripcíons Técnicas (31/01/2023).

2.5 Prego de Prescripcíons Técnicas (07/03/2023).

2.6 Memoria Xustificativa (01/06/2023).

2.7 Informe do Servizo de Contratación (01/06/2023).

2.8 Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (01/06/2023).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

PRIMEIRO.- En canto ao inicio e tramitación do expediente, arts. 116 e concordantes, e disposicións adicionais segunda e terceira todos da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público.

SEGUNDO.- En canto á competencia para iniciar o expediente, Acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/07/2023, de delegación de competencias nos Concelleiros-delegados das Áreas de Goberno e nos Concelleiros delegados e aprobación do Texto Refundido.

TERCEIRO.- En canto á aprobación do expediente, D.A. 2a da Lei 9/17 de Contratos do Sector Público.

CUARTO.- No expediente consta a existencia de crédito adecuado e suficiente con cargo á aplicación orzamentaria 1320.2270602 (ANÁLISE SALIVA EN LABORATORIO).

En mérito de canto antecede, previo informe da Asesoría Xurídica e posterior fiscalización da Intervención Xeral, vense en propoñer á Concelleira delegada de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal que eleve á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de,

ACORDO

1. Aprobar o expediente de contratación para a prestación dun servizo de recollida, transporte e análise en laboratorios homologados, de 800 mostras de fluído oral, proporcionada por condutores de vehículos para a detección de drogas tóxicas, sustancias estupefacientes, psicotrópicos, estimulantes, ou análogas, cos seus pregos de Prescripción Técnicas Particulares e de Cláusulas Administrativas Particulares, cunha duración de 24 meses (de setembro ata decembro de 2023; ano 2024; e de xaneiro ata agosto de 2025).

2. Aprobar o gasto, por un importe máximo de licitación de 38.720,00 euros, correspondendo a cantidade de 6.720,00 euros ao 21% de IVE, con cargo á aplicación orzamentaria 1320.2270602 (ANÁLISE SALIVA EN LABORATORIO).

O valor estimado do contrato é de 32.000,00 euros.

Dacordo coas anualidades previstas nos apartados 2 e 4 da memoria económica, a imputación do prezo do contrato farase do seguinte xeito:

Exercicio 2023 (de setembro ata decembro)	6.534,00 euros	135 análises
Exercicio 2024	19.360,00 euros	400 análises
Exercicio 2025 (de xaneiro ata agosto)	12.826,00 euros	265 análises

3. Ordenar a apertura do procedemento de adxudicación na modalidade aberto simplificado abreviado (valor estimado do servizo inferior a 60.000,00 euros).

4. A competencia para a adxudicación do contrato rexirase polo Acordo da Xunta de Goberno Local de 28 de xullo de 2023.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

10(816).- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN NO PADROADO DA FUNDACIÓN MARCO. EXPTE. 1476/1102.

Dáse conta da proposta de data 26/09/2023, asinada pola secretaria de Goberno Local e polo alcalde, que di o seguinte:

En data 11 de agosto de 2023 a Xunta de Goberno Local, trala constitución da nova Corporación xurdida das eleccións locais do 28 de maio do 2023, e de conformidade co sinalado no art.127 m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local designou os representantes do Concello de Vigo no Padroado da Fundación MARCO (artigo 16 dos Estatuto).

En data 26.09.2023 o grupo municipal socialista presenta (núm. Rexistro pleno 4074-1101) modificación dos representantes no Padroado da Fundación MARCO designados polo seu grupo

O Concello de Vigo, como entidade fundadora da Fundación Marco actuará no Padroado a través da Presidencia que recaerá no Sr. Alcalde e no Padroado a través de sete vogais designados polo Concello (artigo 16 dos Estatuto en relación coa segundo comunicación da Fundación de data 6 de xullo de 2023)

A vista da comunicación da modificación dos representantes do grupo municipal socialista formúlase á Xunta de Goberno Local seguinte **PROPOSTA**

Primeiro.- O Concello de Vigo estará representado no Padroado da Fundación MARCO, polo seu Alcalde como Presidente do Padroado e polos/as seguintes vogais:

Grupo municipal socialista

Dna. María del Carmen Silva Rego
Dna. Elena Espinosa Mangana
D. Gorka Gómez Díaz
Dna. María del Carmen Lago Barreiro
D. Cayetano Rodríguez Escudero

Grupo municipal do Partido Popular

D. José Miguel Martín Peña

Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego

Dna. Ana Martínez Piñeiro

Segundo.- Comunicar este acordo á Fundación MARCO de Vigo, aos Grupos políticos municipais, aos e ás vogais designados/as, e para xeral coñecemento, inserilo na Intranet municipal e no Portal de Transparencia Municipal.

Terceiro.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa aprobación, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica municipal conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Cuarto.- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado do mesmo, de conformidade co establecido no art. 44 do RD 2568/19856, en relación co 38.d) do mesmo texto legal.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(817).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE OBRA DO PROXECTO DE “MELLORA DE ACCESIBILIDADE DA CONTORNA DO CENTRO DE SAÚDE DE TEIS”. EXPTE. 1271/441.

Visto o informe xurídico de data 20/09/2023 e o informe de fiscalización do 22/09/2023, dáse conta do informe-proposta de data 30/08/2023, asinado pola técnica de Xestión, o xefe da Área de Investimentos e conformado pola a técnica de Admón. Xeral (delegación do 25/08/2023) e o concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES:

Respecto do expediente de contratación e de execución das obras:

1.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 5 de maio de 2022, acordou aprobar o proxecto de “MELLORA DE ACCESIBILIDADE DA CONTORNA DO CENTRO DE SAÚDE DE TEIS”, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Dna. María Ferreiro Núñez, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN TRESCENTOS OITO MIL CENTO SEIS EUROS CON TRINTA E CINCO CÉNTIMOS (1.308.106,35 €) de data decembro de 2020, asinado dixitalmente en data 31 de xaneiro de 2022. Expte. 4867-443.



Concello de Vigo

2.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 30 de xuño de 2022, acordou aprobar o expediente de contratación a través do procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “MELLORA DE ACCESIBILIDADE DA CONTORNA DO CENTRO DE SAÚDE DE TEIS”, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Dna. María Ferreiro Núñez., e aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación con data 3 de xuño de 2022.

3.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 3 de novembro de 2022, acordou adxudicar a PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. (A-70.319.678) o procedemento aberto para a contratación das obras de “Mellora de accesibilidade da contorna do Centro de Saúde de Teis” (1271-441) por un prezo total do contrato de 1.245.186,44 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 216.106,74 euros.

4.- En data 14 de novembro de 2022 formalízase o contrato das obras de “MELLORA DE ACCESIBILIDADE DA CONTORNA DO CENTRO DE SAÚDE DE TEIS”, entre o Concello de Vigo e a empresa PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.

5.- O Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos en data 16 de novembro de 2022 (en virtude das delegacións do Decreto de Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 e acordos da Xunta de Goberno Local de data 20 de xuño de 2019 e de data 24 de xuño de 2021), previo informe proposta do servizo xestor, acordou aprobar o nomeamento como titulares da Dirección Facultativa da obra de “MELLORA DE ACCESIBILIDADE DA CONTORNA DO CENTRO DE SAÚDE DE TEIS” EXPTE. 1271/441 á Enxeñeira Industrial Dna. CRISTINA CAMINO LOUREIRO e ao Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. FÉLIX MIGUEL MARÍN GÓMEZ, (Tte. 6 do expediente da execución da obra 5791-443).

6.- En data 14 de decembro de 2022, debido á falta de cumprimentación de diversos trámites de carácter administrativo necesarios asínase acta de comprobación do replanteo negativa. Posteriormente, en data 03 de xaneiro de 2023, asínase a acta de comprobación de replanteo, dando comezo as obras ao día seguinte (Ttes. 10 e 29 do expediente da execución da obra 5791-443).

7.- O Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos en data 4 de xaneiro de 2023 (en virtude das delegacións do Decreto de Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 e acordos da Xunta de Goberno Local de data 20 de xuño de 2019 e de data 24 de xuño de 2021), previo informe proposta do servizo xestor, acordou aprobar a ampliación do nomeamento como titulares da dirección facultativa da obra de “MELLORA DE ACCESIBILIDADE DA CONTORNA DO CENTRO DE SAÚDE DE TEIS” EXPTE. 1271/441 á Enxeñeira Industrial Dna. CRISTINA TAPIAS BOUSO quedando así conformado o nomeamento Dna. CRISTINA CAMINO LOUREIRO, D. FÉLIX MIGUEL MARÍN GÓMEZ e Dna. CRISTINA TAPIAS BOUSO. (Tte. 31 do expediente da execución da obra 5791-443).

8.- A petición do contratista e previo informe proposta do servizo xestor, con data 3 de xullo de 2023 o Concelleiro delgado da Área de Fomento e Servizos acordou autorizar a ampliación de prazo de execución das obras do proxecto de “ MELLORA DE ACCESIBILIDADE DA CONTORNA DO CENTRO DE SAÚDE DE TEIS”, adxudicadas por acordo da XGL de data 3 de novembro de 2022 á mercantil PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., por un período adicional de 2 meses. (Tte. 63 Expte. 5791-443)

9.- A petición do contratista e previo informe proposta do servizo xestor, con data 29 de agosto de 2023 o Concelleiro delgado da Área de Fomento e Servizos acordou autorizar a ampliación de prazo de execución das obras do proxecto de “ MELLORA DE ACCESIBILIDADE DA CONTORNA DO CENTRO DE SAÚDE DE TEIS”, adxudicadas por acordo da XGL de data 3 de novembro de 2022 á mercantil PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., por un período adicional de 1 meses. (Tte. 71 Expte. 5791-443)

Respecto do financiamento do expediente de contratación das obras:

10.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 29 de setembro de 2022, adoptou o acordo da participación do Concello de Vigo na convocatoria correspondente ó exercicio 2022 do programa de axudas regulado pola “Orde TMA/892/2021, de 17 de agosto, pola que se aproban as bases reguladoras para o Programa de axudas a municipios para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sostible do transporte urbano, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e apróbase e publica a convocatoria correspondente ao exercicio 2021” expte. 1383/441, aceptando de forma expresa o procedemento regulado por esta Orde Ministerial.



Concello de Vigo

Dita participación recolle dentro das actuacións de tipo 6 "VIGO VERTICAL. MELLORA DE ACCESIBILIDADE DA CONTORNA DO CENTRO DE SAÚDE DE TEIS". Importe (IVE incluído): 1.308.106,35 € Subvención solicitada: 972.971,67 € Importe a financiar polo Concello: 335.971,67 €.

11.- Con data 18 de abril de 2023, a Secretaría Xeral de Transportes e Mobilidade resolve provisionalmente a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva ás Entidades Locais reflectidas no Anexo I LISTADO PROVISIONAL DE ENTIDADES LOCAIS BENEFICIARIAS, no que se determina a achega asignada a cada proxecto.

No Anexo I LISTADO PROVISIONAL DE ENTIDADES LOCAIS BENEFICIARIAS, figura o Concello de Vigo – Código de Solicitud ZBEMRR/22/00151. Código e título da actuación: P06_L2-20220927-3 "Vigo Vertical - Mejora accesibilidad entorno Centro de Salud de Teis", cun importe da axuda de 972.971,67 € .

12.- En data 17 de xullo de 2023 o Secretario de Estado de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana asina a resolución definitiva pola que se resolve a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, da segunda convocatoria do programa de axudas a municipios para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sostible do transporte urbano, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (C1.I.1), (Tte. 232 Expte. 1271-441).

No seu Anexo I, para cada solicitude beneficiaria indícanse, entre outros datos, as actuacións aprobadas, o importe solicitado e a axuda concedida, téndose no caso do Concello de Vigo o seguinte:

- Código e título da actuación: P06_L2-20220927-3 "Vigo Vertical - Mejora accesibilidad entorno Centro de Salud de Teis" Importe Solicitado: 972.971,67 €. Axuda Concedida: 972.971,67 €.

Asemade declárase, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos, que tódalas actuacións levadas a cabo no marco de dita convocatoria implican que o beneficiario asumirá as obrigas e responsabilidades regulados nas Bases Reguladoras e na propia Convocatoria, onde se identifica, entre outras, a seguinte normativa:

- Orde TMA/892/2021, do 17 de agosto, pola que se aproban as bases reguladoras para o Programa de axudas a municipios para a implantación de zonas de baixas emisións e a

transformación dixital e sostible do transporte urbano, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e apróbase e publica a convocatoria correspondente ao exercicio 2021.

- Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, do Ministerio de Facenda e Función Pública.
- Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información para proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, do Ministerio de Facenda e Función Pública.
- Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, relativa ó análise sistemático do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Todas elas configuran o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e establecen o procedemento e formato da información a proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan.

Igualmente existe a obriga de cumprir a normativa reguladora das subvencións e, especificamente, de respectar o principio de non causar un prexuízo significativo ao medioambiente (DNSH) e cumprir coas condicións da etiquetaxe climática e dixital previstas polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR); así como o resto da normativa que os desenvolva e que se estableza no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Á vista destes antecedentes o Concello de Vigo como entidade beneficiaria e executora de proxectos financiados con fondos económicos do PRTR, financiados pola Unión Europea – NextGenerationEU, debe proceder a establecer os procesos necesarios para garantir unha correcta planificación, execución e seguimento dos proxectos, e cumprir coas obrigas derivadas da condición de “beneficiario” de proxectos financiados con fondos do PRTR.

A Orde HFP/1030/2021, no artigo 2, establece como principios de xestión específicos do PRTR de obrigada consideración na planificación e execución os seguintes:



Concello de Vigo

- a) A determinación de “fitos” e “obxectivos” como criterios de planificación, seguimento e acreditación do resultado dos proxectos.
- b) Etiquetaxe verde e etiquetaxe dixital, como unha obriga para a identificación dos recursos destinados a obrigada transición ecolóxica e dixital.
- c) Análise de riscos en relación aos posibles impactos negativos significativos sobre o medio ambiente (non causar prexuízo significativo, DNSH), seguimento e verificación dos resultados da avaliación inicial.
- d) Fortalecemento dos mecanismos de prevención, detección e corrección de fraude, corrupción e conflitos de intereses.
- e) Compatibilidade do réxime de axudas estatais e prevención do dobre financiamento.
- f) Identificación do destinatario final dos fondos, ben como beneficiario da axuda, ben como adxudicatario dun contrato ou subcontratista.
- g) Comunicación.

Asemade, por acordo da Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria de data 17 de febreiro de 2022, estableceuse un PROGRAMA MUNICIPAL DE COORDINACIÓN, PLANIFICACIÓN, SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DOS PROXECTOS FINANCIADOS CON FONDOS DO PRTR- PROGRAMA NEXT GENERATION EU, que determinará as directrices de xestión e coordinación co obxectivo de acadar sinerxías entre os distintos servizos municipais, favorecendo a conformación de equipos multisicplinares entre os diversos técnicos municipais, co obxectivo de impulsar a execución dos proxectos vinculados as distintas convocatorias do PRTR.

De acordo co proceso desenvolto polo Concello de Vigo para a preparación da súa organización en relación ás obrigas como entidade xestora de proxectos cofinanciados co PRTR, financiados pola Unión Europea – NextGenerationEU, e de acordo co recollido no PROGRAMA MUNICIPAL DE COORDINACIÓN, PLANIFICACIÓN, SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DOS PROXECTOS FINANCIADOS CON FONDOS DO PRTR- PROGRAMA NEXT GENERATION, atópanse aprobados os seguintes expedientes vinculados á execución deste programa:

- Por Resolución do Concelleiro delegado da Área de Fomento, na súa condición de responsable do desenvolvemento operativo do PROGRAMA MUNICIPAL DE COORDINACIÓN, PLANIFICACIÓN, SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DOS PROXECTOS FINANCIADOS CON FONDOS DO PRTR- PROGRAMA NEXT GENERATION UE, con data 09 de marzo de 2022, apróbase o MANUAL DE PROCEDIMENTOS - XESTIÓN PROXECTOS CON FINANCIAMENTO DE FONDOS DO PRTR - NEXT GENERATION EU.

(enlace: https://hoxe.vigo.org/conecenos/prtr_pmcpse.php?lang=gal#/)

- Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 11 de marzo de 2022, procedeuse a aprobar o PLAN DE MEDIDAS ANTIFRAUDE do Concello de Vigo, que se corresponde co acordo da sesión de 8 de marzo de 2022 do comité de autoavaliación do programa municipal de coordinación, planificación, seguimento e avaliación dos proxectos financiados con Fondos do PRTR- programa financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU.

(enlace: https://hoxe.vigo.org/conecenos/prtr_antifraude.php?lang=gal#/)

13.- En base as obrigas descritas e tendo en conta que o presente expediente foi licitado, adxudicado e formalizado con anterioridade a resolución desta convocatoria, con data 28 de xullo de 2023 a Dirección facultativa da obra emite informe solicitando o inicio do expediente de modificación do contrato das obras do proxecto de MELLORA DE ACCESIBILIDADE DA CONTORNA DO CENTRO DE SAÚDE DE TEIS.

Por todo o anteriormente exposto, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos, previo informe proposta do servizo xestor, en data 1 de agosto de 2023 resolveu aprobar o inicio do expediente de modificación do contrato das obras do proxecto de MELLORA DE ACCESIBILIDADE DA CONTORNA DO CENTRO DE SAÚDE DE TEIS.

14.- En datas 2 e 3 de agosto de 2023, pola dirección facultativa da obra, e coa conformidade do Xefe da Área de Investimentos, emítese informe que consta no expediente, solicitando a modificación do contrato de obras do proxecto de MELLORA DE ACCESIBILIDADE DA CONTORNA DO CENTRO DE SAÚDE DE TEIS, no seguinte senso:

“(…)

II. PROPOSTA DA MODIFICACIÓN

Á vista da resolución definitiva e tendo en conta que o dito proxecto está financiado polos Fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia-NextGenerationEU, á tramitación deste expediente resultaranlle de aplicación ademais das normas xerais de contratación pública, o Real Decreto-Lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, a Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro e a Orde HFP/1031/2021,



Concello de Vigo

do 29 de setembro, a Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro e cantas normas de desenvolvemento se aproben.

Asemade, o Concello de Vigo, a entidade adxudicataria e as empresas subcontratadas, de ser o caso, garantirán o respecto ao principio de "non causar prexuízo significativo ó medioambiente" (DNSH), así como o cumprimento da metodoloxía de seguimento de axudas segundo o disposto no RETC, no artigo 5.2 do Regulamento (UE) número 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, e a súa normativa de desenvolvemento. En particular, axustarase á Comunicación da Comisión Guía técnica 2021/C 58/01, sobre a aplicación do principio de "non causar prexuízo significativo", así como o exixido na Resolución de Execución do Consello respecto á aprobación da avaliación do Plan de Recuperación e Resiliencia de España (CID), e as condicións da etiquetaxe climática e dixital.

Polo que atendendo aos antecedentes descritos, así como aos condicionantes para a execución do devandito proxecto, subvencionado polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, propónse modificar o contrato de obras do proxecto de "MELLORA DE ACCESIBILIDADE DA CONTORNA DO CENTRO DE SAÚDE DE TEIS" (1271-441), adxudicado a PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., (A-36.008.886), en base aos seguintes condicionantes:

1.- Incluir como obrigas do adxudicatario para as actuacións vinculadas ó financiamento dos Fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia-NextGenerationEU, e máis concretamente en relación á convocatoria do Programa de axudas a municipios para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sostible do transporte urbano, de acordo coa normativa de aplicación as seguintes:

- Obriga de cumprimentar a Declaración de Ausencia de Conflito de Intereses (DACI), así como para os subcontratistas de ser o caso, segundo o descrito no Anexo III.C da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro.
- Adoptar medidas dirixidas a previr, detectar, comunicar e corraxir o fraude e a corrupción, con especial atención ó artigo 6 da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro.
- Cumprir coas obrigas comunitarias e nacionais relacionadas co financiamento do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da UE.
- Suxeición ás medidas de control e auditoría recollidas no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, e en particular, ao establecido no artigo 22 do

devandito Regulamento, para o que deberá dispoñer dos datos dos subcontratistas e dos destinatarios finais dos fondos.

- *Obrigas en materia de información, comunicación e publicidade contempladas no artigo 34 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.*
- *Obriga de cumprimento do principio de non causar un prexuízo significativo ao medioambiente (DNSH) na execución das actuacións contratadas, de conformidade co artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar investimentos sostibles e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088, así como do resto das normativas ambientais da Unión e nacionais. Para satisfacer o cumprimento do principio DNSH poderanse seguir as indicacións e recomendacións da “Guía Técnica sobre a aplicación do principio de «non causar prexuízo significativo» en virtude do Regulamento relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia” (2021/C 58/01) e da “Guía para o deseño e desenvolvemento de actuacións acordes co principio de non causar un prexuízo significativo ó medioambiente”, publicada polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.*
- *Obriga de achega por parte do contratista e dos subcontratistas da información relativa ao titular real do beneficiario final dos fondos no formulario previsto no artigo 10 da Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, incluíndo: NIF do beneficiario, nome da persoa física ou razón social da persoa xurídica e domicilio fiscal da persoa física ou xurídica.*
- *Declaración expresa do compromiso co cumprimento do “Plan antifraude” do Concello de Vigo.*
- *Cumprimento dos fitos e obxectivos relacionados co cumprimento do PRTR e dos seus prazos temporais, así como dos mecanismos establecidos para o seu control.*
- *Cumprimento das obrigacións asumidas en materia de etiquetado verde e etiquetado dixital e dos mecanismos establecidos para o seu control.*
- *Facilitar e manter actualizada a información relativa a súa identificación e a dos seus subcontratistas, así como dos destinatarios finais do prezo do contrato, segundo o recollido no artigo 8.2 da Orde HFP 1030/2021, de 29 de setembro, consonte ao previsto no artigo 22 do Regulamento (UE) 2021/241.*
- *Obrigas en materia de comunicación, difusión, visibilidade e emprego de logos que se conteñen no artigo 9 da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro.*
- *Obriga de achega para contratistas, e subcontratistas de ser o caso, dos modelos de Cesión e tratamento de datos e de Compromiso de cumprimento de principios*



Concello de Vigo

transversais na execución de actuación do PRTR, segundo os Anexos IV.B e IV.C da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro.

- Cumprimento das obrigas específicas establecidas na Orde TMA/892/2021, do 17 de agosto, pola que se aproban as bases reguladoras para o Programa de axudas a municipios para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sostible do transporte urbano, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

2.- Obrigas para o responsable do contrato: En relación á condición de ser un contrato financiado polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, entre as competencias do responsable do contrato deben incluírse:

- Deberá establecer mecanismos que garantan que as actuacións a realizar por terceiros contribúan á consecución das actuacións previstas e que ditos terceiros faciliten a información que, no seu caso, sexa necesaria para determinar o cumprimento das obrigas determinadas pola compoñente do PRTR de aplicación na execución deste contrato en relación a: "Fitos" e "obxectivos", criterios de etiquetaxe verde e etiquetaxe dixital, criterios dos posibles impactos negativos significativos sobre o medio ambiente (non causar prexuízo significativo, DNSH), identificación do destinatario final dos fondos, ben como beneficiario da axuda, ben como adxudicatario dun contrato ou subcontratista, así como a identificación das actuacións de comunicación relacionadas coas obrigas do PRTR.
- Informar ao Comité técnico de Programa Municipal Fondos PRTR, do seguimento da execución das actuacións obxecto do contrato, de xeito que se poida coñecer en cada momento o nivel de consecución de cada actuación e os fitos e obxectivos que se establezan ao respecto en cumprimento das obrigas determinadas pola compoñente do PRTR de aplicación na execución deste contrato en relación a: "Fitos" e "obxectivos", criterios de etiquetaxe verde e etiquetaxe dixital, criterios dos posibles impactos negativos significativos sobre o medio ambiente (non causar prexuízo significativo, DNSH), identificación do destinatario final dos fondos, ben como beneficiario da axuda, ben como adxudicatario dun contrato ou subcontratista, así como a identificación das actuacións de comunicación relacionadas coas obrigas do PRTR

3.- Modificar o financiamento do contrato: En relación á condición de contrato cofinanciado polos Fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea - Next GenerationEU, figurando na Compoñente 1 do devandito Plan "Plan de choque de mobilidade sostible, segura e conectada nas contornas urbanas e metropolitanas" na medida Investimento 1 "Zonas de baixa emisións e transformación dixital e sostible do transporte urbano

e metropolitano”, tendo asignado o campo de intervención 048 e unha etiquetaxe verde cun coeficiente climático do 40% e cun coeficiente medioambiental do 100%.

4.- Modificar a denominación do contrato: Segundo o establecido no artigo 9.3.b da Orde HFP/1030/2021, todas as convocatorias, licitacións, convenios e resto de instrumentos xurídicos que se desenvolvan no ámbito do PRTR, deberán conter tanto no seu encabezamento como no seu corpo a seguinte referencia «Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia - Financiado por la Unión Europea – NextGenerationEU», de xeito que o título deberá ser: “MELLORA DE ACCESIBILIDADE DA CONTORNA DO CENTRO DE SAÚDE DE TEIS no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU ”

III.- XUSTIFICACIÓN TÉCNICA DA MODIFICACIÓN

En relación ao alcance da proposta de modificación exposta, o PCAP que rexe a contratación das obras recolle no seu Anexo I Folla de Especificacións do Contrato (FEC), Punto 6 a posibilidade de modificación do contrato, indicando no seu Apartado C) “Circunstancias que determinan a modificación”, a posibilidade de modificación do mesmo nas seguintes circunstancias:

- Que no ámbito afectado polas obras aparezan redes de servizos e instalacións, construcións soterradas, elementos de protección arqueolóxica, estado das estruturas e contencións, ou condicións xeotécnicas distintas das recollidas no proxecto.
- Necesidades de adaptación ao contorno, no referente a servizos, deseño, esquema funcional ou accesibilidade, ou usos e seguridade no funcionamento da instalacións sempre e cando este sufra modificacións con posterioridade á data de aprobación do proxecto.

Á vista das circunstancias expostas debese indicar que aínda que o PCAP regula a posibilidade de modificación do contrato, a proposta que se xustifica no presente informe non pode considerarse como unha causa incluída no PCAP polas seguintes condicionantes:

O obxecto deste modificado, atopase relacionado cunha situación extraordinaria, derivada da concesión de axuda por importe de 972.971,67 euros, outorgada polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana ao Concello de Vigo segundo a Orde TMA/892/2021, de 17 de agosto, pola que se aproban as bases reguladoras do Programa de axudas a municipios para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sostible do transporte



Concello de Vigo

urbano, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, cuxa resolución definitiva de data 17 de xullo do 2023, foi posterior á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas particulares e da licitación do procedemento aberto da obra para a contratación das obras do proxecto de "MELLORA DE ACCESIBILIDADE DA CONTORNA DO CENTRO DE SAÚDE DE TEIS" (1271-441).

Por outra banda, a proposta desta modificación, en relación ás obrigas instrumentais a cargo do contratista e os seus subcontratistas e do responsable do contrato, dérivase da execución de unha actuación financiada no marco dos Fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia-NextGenerationEU, e polo tanto, ademais das normas xerais de contratación pública seranlle de aplicación o Real Decreto-Lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, a Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, polo que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia; a Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e o formato da información que deben facilitar as Entidades do Estado, Comunidade Autónoma e Sector Público Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contabilización das medidas dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia; a Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de intereses nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e cantas normas de desenvolvemento se aproben.

Así mesmo, regularase polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Parlamento Europeo Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia e o resto da normativa que a desenvolve. En particular, as medidas previstas no citado Regulamento teñen por obxecto evitar o dobre financiamento (artigo 9); medidas contra a fraude, a corrupción e conflito de intereses [artigo 22.2.b)]; as medidas para o rexistro dos datos dos beneficiarios nunha única base de datos [artigo 22.2.d)]; sometemento aos controis de organizacións europeas [artigo 22.2.e)]; a obriga de preservar o documentación [artigo 22.2.f)] e as normas de comunicación e publicidade, de conformidade co disposto no artigo 34.

Asemade, Concello de Vigo, a entidade adxudicataria e as empresas subcontratadas, de ser o caso, garantirán o respecto ao principio de "non causar prexuízo significativo ó medioambiente"

(DNSH), así como o cumprimento da metodoloxía de seguimento de axudas segundo o disposto no RETC, no artigo 5.2 do Regulamento (UE) número 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, e a súa normativa de desenvolvemento. En particular, axustarase á Comunicación da Comisión Guía técnica 2021/C 58/01, sobre a aplicación do principio de "non causar prexuízo significativo", así como o esixido na Resolución de Execución do Consello respecto á aprobación da avaliación do Plan de Recuperación e Resiliencia de España (CID), e as condicións da etiquetaxe climática e dixital.

Estas obrigas non supoñen a realización de novas prestacións nin implican custe, e refírense unicamente ao cumprimento de normas ou a observancia de determinadas condutas na execución do contrato.

Polo que a modificación proposta ten o seu encaixe no art.205.2b) da LCSP que recolle a posibilidade de modificacións non previstas no PCAP cando a necesidade de modificar un contrato vixente se derive de circunstancias sobrevidas e que foran imprevisibles no momento no que tivo lugar a licitación do contrato, sempre e cando se cumpran as tres condicións seguintes:

1. Que a necesidade da modificación se derive de circunstancias que unha Administración dilixente non puidera prever.
2. Que a modificación non altere a natureza global do contrato.
3. Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme a este artigo, do 50% do seu prezo inicial, IVE excluído.

Por todo o exposto solicítase a modificación do **CONTRATO DE OBRA DO PROXECTO DE MELLORA DE ACCESIBILIDADE DA CONTORNA DO CENTRO DE SAÚDE DE TEIS (1271-441)** en base aos seguintes condicionantes:

1.- Incluir no apartado 7.B da FEC como "outros dereitos e/ou obrigas do adxudicatario" para as actuacións vinculadas ó financiamento dos Fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - NextGenerationEU, en relación ao Programa de axudas a municipios para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sostible do transporte urbano, no marco do PRTR, de acordo coa normativa de aplicación as seguintes:



Concello de Vigo

- *Obriga de cumprimentar a Declaración de Ausencia de Conflito de Intereses (DACI), así como para os subcontratistas de ser o caso, segundo o descrito no Anexo III.C da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro.*
- *Adoptar medidas dirixidas a previr, detectar, comunicar e corrixir o fraude e a corrupción, con especial atención ó artigo 6 da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro.*
- *Cumprir coas obrigas comunitarias e nacionais relacionadas co financiamento do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da UE.*
- *Suxeición ás medidas de control e auditoría recollidas no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, e en particular, ao establecido no artigo 22 do devandito Regulamento, para o que deberá dispoñer dos datos dos subcontratistas e dos destinatarios finais dos fondos.*
- *Obrigas en materia de información, comunicación e publicidade contempladas no artigo 34 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.*
- *Obriga de cumprimento do principio de non causar un prexuízo significativo ao medioambiente (DNSH) na execución das actuacións contratadas, de conformidade co artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar investimentos sostibles e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088, así como do resto das normativas ambientais da Unión e nacionais. Para satisfacer o cumprimento do principio DNSH poderanse seguir as indicacións e recomendacións da “Guía Técnica sobre a aplicación do principio de «non causar prexuízo significativo» en virtude do Regulamento relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia” (2021/C 58/01) e da “Guía para o deseño e desenvolvemento de actuacións acordes co principio de non causar un prexuízo significativo ó medioambiente”, publicada polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.*
- *Obriga de achega por parte do contratista e dos subcontratistas da información relativa ao titular real do beneficiario final dos fondos no formulario previsto no artigo 10 da Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, incluíndo: NIF do beneficiario, nome da persoa física ou razón social da persoa xurídica e domicilio fiscal da persoa física ou xurídica.*
- *Declaración expresa do compromiso co cumprimento do “Plan antifraude” do Concello de Vigo.*
- *Cumprimento dos fitos e obxectivos relacionados co cumprimento do PRTR e dos seus prazos temporais, así como dos mecanismos establecidos para o seu control.*
- *Cumprimento das obrigacións asumidas en materia de etiquetado verde e etiquetado dixital e dos mecanismos establecidos para o seu control.*

- *Facilitar e manter actualizada a información relativa a súa identificación e a dos seus subcontratistas, así como dos destinatarios finais do prezo do contrato, segundo o recollido no artigo 8.2 da Orde HFP 1030/2021, de 29 de setembro, consonte ao previsto no artigo 22 do Regulamento (UE) 2021/241.*
- *Obrigas en materia de comunicación, difusión, visibilidade e emprego de logos que se conteñen no artigo 9 da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro.*
- *Obriga de achega para contratistas, e subcontratistas de ser o caso, dos modelos de Cesión e tratamento de datos e de Compromiso de cumprimento de principios transversais na execución de actuación do PRTR, segundo os Anexos IV.B e IV.C da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro.*
- *Cumprimento das obrigas específicas establecidas na Orde TMA/892/2021, do 17 de agosto, pola que se aproban as bases reguladoras para o Programa de axudas a municipios para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sostible do transporte urbano, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.*

2.- Modificar as obrigas para o responsable do contrato previstas na cláusula 1.3 do PCAP incluíndo as seguintes:

- *Deberá establecer mecanismos que garantan que as actuacións a realizar por terceiros contribúan á consecución das actuacións previstas e que ditos terceiros faciliten a información que, no seu caso, sexa necesaria para determinar o cumprimento das obrigas determinadas pola compoñente do PRTR de aplicación na execución deste contrato en relación a: “Fitos” e “obxectivos”, criterios de etiquetaxe verde e etiquetaxe dixital, criterios dos posibles impactos negativos significativos sobre o medio ambiente (non causar prexuízo significativo, DNSH), identificación do destinatario final dos fondos, ben como beneficiario da axuda, ben como adxudicatario dun contrato ou subcontratista, así como a identificación das actuacións de comunicación relacionadas coas obrigas do PRTR.*
- *Informar ao Comité técnico de Programa Municipal Fondos PRTR, do seguimento da execución das actuacións obxecto do contrato, de xeito que se poida coñecer en cada momento o nivel de consecución de cada actuación e os fitos e obxectivos que se establezan ao respecto en cumprimento das obrigas determinadas pola compoñente do PRTR de aplicación na execución deste contrato en relación a: “Fitos” e “obxectivos”, criterios de etiquetaxe verde e etiquetaxe dixital, criterios dos posibles impactos negativos significativos sobre o medio ambiente (non causar prexuízo significativo, DNSH), identificación do destinatario final dos fondos, ben como beneficiario da axuda, ben como adxudicatario dun contrato ou subcontratista, así como a identificación das actuacións de comunicación relacionadas coas obrigas do PRTR.*



Concello de Vigo

3.- Modificar o apartado 3.J das FEC en relación ao financiamento do contrato incluíndo o seguinte:

O presente proxecto atópase cofinanciado con fondos do «Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU», Compoñente 1 “Plan de choque de mobilidade sostible, segura e conectada nas contornas urbanas e metropolitanas”, na medida Investimento 1 “Zonas de baixa emisións e transformación dixital e sostible do transporte urbano e metropolitano”, tendo asignado o campo de intervención 048 e unha etiquetaxe verde cun coeficiente climático do 40% e cun coeficiente medioambiental do 100%.

4.- Modificar a denominación do contrato engadindo á denominación do proxecto de obras a cofinanciación no marco do PRTR, quedando do seguinte xeito: *“Mellora de accesibilidade na contorna do Centro de Saúde de Teis no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU ”.*

Fundamentos técnicos e xurídicos

I.- A vixente Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e o do Consello 2014/23/UE 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP), establece no seu artigo 190 que o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta (artigo 203 LCSP), dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e para os efectos sinalados na Lei.

II.- Asemade, o artigo 203.2 da LCSP contempla que os contratos administrativos celebrados polos órganos de contratación solo poderán modificarse durante a súa vixencia, cando se de algún dos seguintes supostos:

- a) Cando así se teña previsto no prego de cláusulas administrativas particulares, nos termos e condicións establecidos no artigo 204 da LCSP;
- b) Excepcionalmente cando sexa necesario realizar unha modificación que non está prevista no prego de cláusulas administrativas particulares, sempre e cando se cumpran as condicións establecidas no artigo 205.

Polo tanto, a LCSP prevé dous supostos de modificación dos contratos (artigos 204 e 205 da LCSP). No primeiro caso regúlanse as modificacións previstas na documentación que rexe a licitación e no segundo as modificacións non previstas na documentación que rexe a licitación.

III.- En relación coa posibilidade de modificación prevista no artigo 205 da LCSP, as modificacións non previstas no prego de cláusulas administrativas particulares o que, habendo sido previstas, no se axusten ao establecido no artigo 204, solo poderán realizarse cando a modificación en cuestión cumpra os seguintes requisitos:

- a) Que atope a súa xustificación en algún dos supostos que se relacionan no apartado segundo deste artigo.
- b) Que se limite a introducir as variacións estritamente indispensables para responder a causa obxectiva que as faga necesarias.

Entre os supostos que eventualmente poderían xustificar unha modificación non prevista, sempre e cando esta cumpra tódolos requisitos recolleitos no apartado anterior, figuran as seguintes (art.205.2.b) da LCSP):

- Cando a necesidade de modificar un contrato vixente se derive de circunstancias sobrevenidas e que foran imprevisibles no momento no que tivo lugar a licitación do contrato, sempre e cando se cumpran as tres condicións seguintes:
 - 1. Que a necesidade da modificación se derive de circunstancias que unha Administración dilixente non puidera prever.
 - 2. Que a modificación non altere a natureza global do contrato.
 - 3. Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme a este artigo, do 50% do seu prezo inicial, IVE excluído.

IV.- Neste caso que nos ocupa, a proposta de modificación do contrato ten encaixe no apartado 2.b do artigo 205: “Cando a necesidade de modificar un contrato vixente se derive de circunstancias sobrevenidas e que foran imprevisibles no momento no que tivo lugar a licitación do contrato”. Concorren neste caso as tres condicións esixidas legalmente:



Concello de Vigo

1. A necesidade da modificación derivase de circunstancias que unha Administración dilixente non puidera prever. O obxecto deste modificado, atopase relacionado cunha situación extraordinaria, derivada da concesión directa, ao Concello de Vigo, dunha subvención para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sostible do transporte urbano, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, transformación e resiliencia, cuxa resolución definitiva de data 17 de xullo do 2023, foi moi posterior á aprobación do expediente de contratación e posterior mesmo á adxudicación do contrato das obras do proxecto de "MELLORA DE ACCESIBILIDADE DA CONTORNA DO CENTRO DE SAÚDE DE TEIS".
2. A modificación non altera a natureza global do contrato dado que a modificación unicamente consiste en engadir obrigas instrumentais tanto a cargo do contratista e os seus subcontratistas como do responsable do contrato en cumprimento da normativa que rexe as actuacións derivadas do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
3. A modificación do contrato implica unha alteración na súa contía que non excede, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme a este artigo, do 50% do seu prezo inicial, IVE excluído. Neste caso concreto a modificación proposta non implica alteración da súa contía xa que refírense unicamente ao cumprimento de normas ou a observancia de determinadas condutas na execución do contrato.

V.- As especialidades procedimentais a seguir para a modificación dos contratos figuran reguladas con carácter xeral no artigo 207 da LCSP, figurando no artigo 242 do mesmo texto as especificacións propias das modificacións dos contratos de obra.

Tales requisitos son os seguintes:

1. Audiencia do redactor do proxecto ou das especificacións técnicas, se estes se tiveran preparado por un terceiro alleo ao órgano de contratación en virtude dun contrato de servizos para que, nun prazo non inferior a tres días, formulen as consideracións que considere convenientes (artigo 191, 207 e 242 da LCSP).
2. Informe da Asesoría Xurídica Municipal e fiscalización previa da Intervención Municipal (artigos 191 do LCSP e 102 do RLCAP)

3. Ditame preceptivo do Consello Consultivo de Galicia nos casos de modificacións do contrato cando no estivesen previstas no prego de cláusulas administrativas e a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 % do prezo inicial do contrato, IVA excluído, e o seu prezo sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros ou cando se formule oposición por parte do contratista (artigo 191 da LCSP)

VI.- As modificacións do contrato serán obrigatorias para o contratista e deberán formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 (artigo 205 e 206 da LCSP).

VII.- Deberase publicar en todo caso un anuncio de modificación no perfil do contratante do órgano de contratación, no prazo de 5 días desde a aprobación da mesma, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de tódolos informes que , no seu caso, recadaranse con carácter previo á aprobación, incluídos aqueles aportados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación (artigo 63.3 e 207.3 da LCSP).

Asemade, remitirase copia certificada ao Consello de Contas dentro dos tres meses seguintes á formalización, para o exercicio da función fiscalizadora, sempre que a contía do contrato exceda de 600.000 euros, tratándose de obras (artigo 335 da LCSP).

VIII.- Revisado o expediente administrativo constan todos os requisitos legais preceptivos. Así:

1º.- Consta informe da Dirección Facultativa, reproducidos nos antecedentes da presente proposta, xustificativos da necesidade da modificación, do seu interese público, e do cumprimento das esixencias dos artigos 203, 205 e 206 da LCSP.

2º.- Consta autorización do Concelleiro da Área de Goberno de Fomento e Servizos de data 1 de agosto de 2023, en virtude do Decreto de Alcaldía de datas 19, 20 e 28 de xuño de 2023 e Acordo de Delegación de Competencias da Xunta de Goberno Local nos Concelleiros de Área de Goberno de data 22 de xuño de 2023; órgano de contratación conforme ó previsto na Disposición Adicional 2ª da LCSP.

3º.- Consta audiencia dos redactores do proxecto, o cal manifesta en data 23.08.2023, "que o proxecto non é obxecto de modificacións senón que a modificación do contrato responde a necesidades de adaptación ás condicións da subvención concedida ao Concello de Vigo con posterioridade á licitación, adxudicación e formalización do expediente de contratación das obras,



Concello de Vigo

polo que non proceden comentarios por parte dos autores do proxecto". (ttes. 226, 233 e 234 do expediente dixital).

4º.- Consta o trámite de audiencia ao contratista sobre a modificación do contrato e a conformidade deste, en data 25.08.2023. (ttes. 227, 235 e 236 do expediente dixital).

5º.- Non é preceptivo o ditame do Consello Consultivo de Galicia (artigo 191.3.b da LCSP) xa que a modificación do contrato non conleva variacións do proxecto nin do prezo.

6º.- Tal e como indica o informe da Dirección facultativa a modificación respecta o previsto no artigo 205 da LCSP.

7º.- Con carácter previo a súa aprobación polo órgano de contratación debe emitirse:

- Informe da Asesoría Xurídica Municipal
- Informe de Fiscalización da Intervención Xeral

8º.- Unha vez aprobado o mesmo:

- Debe ser formalizado.
- Non procede reaxustar a garantía definitiva ao non producirse variación no prezo do contrato (artigo 109.3 d LCSP).
- Deberá facerse pública a información da modificación (artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e artigo 203.3 da LCSP)

IX.- Proceda elevar, previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, a citada proposta á Xunta de de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda da LCSP:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

PRIMEIRO.- Modificar o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "MELLORA DE ACCESIBILIDADE DA CONTORNA DO CENTRO DE SAÚDE DE TEIS". A modificación consiste en:

1.- Incluir no apartado 7.B da FEC como “outros dereitos e/ou obrigas do adxudicatario” para as actuacións vinculadas ó financiamento dos Fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - NextGenerationEU, en relación ao Programa de axudas a municipios para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sostible do transporte urbano, no marco do PRTR, de acordo coa normativa de aplicación as seguintes:

- Obriga de cumprimentar a Declaración de Ausencia de Conflito de Intereses (DACI), así como para os subcontratistas de ser o caso, segundo o descrito no Anexo III.C da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro.
- Adoptar medidas dirixidas a previr, detectar, comunicar e corrixir o fraude e a corrupción, con especial atención ó artigo 6 da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro.
- Cumprir coas obrigas comunitarias e nacionais relacionadas co financiamento do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da UE.
- Suxeición ás medidas de control e auditoría recollidas no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, e en particular, ao establecido no artigo 22 do devandito Regulamento, para o que deberá dispoñer dos datos dos subcontratistas e dos destinatarios finais dos fondos.
- Obrigas en materia de información, comunicación e publicidade contempladas no artigo 34 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.
- Obriga de cumprimento do principio de non causar un prexuízo significativo ao medioambiente (DNSH) na execución das actuacións contratadas, de conformidade co artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar investimentos sostibles e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088, así como do resto das normativas ambientais da Unión e nacionais. Para satisfacer o cumprimento do principio DNSH poderanse seguir as indicacións e recomendacións da “Guía Técnica sobre a aplicación do principio de «non causar prexuízo significativo» en virtude do Regulamento relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia” (2021/C 58/01) e da “Guía para o deseño e desenvolvemento de actuacións acordes co principio de non causar un prexuízo significativo ó medioambiente”, publicada polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.
- Obriga de achega por parte do contratista e dos subcontratistas da información relativa ao titular real do beneficiario final dos fondos no formulario previsto no artigo 10 da Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, incluíndo: NIF do beneficiario, nome da persoa física ou razón social da persoa xurídica e domicilio fiscal da persoa física ou xurídica.



Concello de Vigo

- Declaración expresa do compromiso co cumprimento do “Plan antifraude” do Concello de Vigo.
- Cumprimento dos fitos e obxectivos relacionados co cumprimento do PRTR e dos seus prazos temporais, así como dos mecanismos establecidos para o seu control.
- Cumprimento das obrigacións asumidas en materia de etiquetado verde e etiquetado dixital e dos mecanismos establecidos para o seu control.
- Facilitar e manter actualizada a información relativa a súa identificación e a dos seus subcontratistas, así como dos destinatarios finais do prezo do contrato, segundo o recollido no artigo 8.2 da Orde HFP 1030/2021, de 29 de setembro, consonte ao previsto no artigo 22 do Regulamento (UE) 2021/241.
- Obrigas en materia de comunicación, difusión, visibilidade e emprego de logos que se conteñen no artigo 9 da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro.
- Obriga de achega para contratistas, e subcontratistas de ser o caso, dos modelos de Cesión e tratamento de datos e de Compromiso de cumprimento de principios transversais na execución de actuación do PRTR, segundo os Anexos IV.B e IV.C da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro.
- Cumprimento das obrigas específicas establecidas na Orde TMA/892/2021, do 17 de agosto, pola que se aproban as bases reguladoras para o Programa de axudas a municipios para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sostible do transporte urbano, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

2.- Modificar as obrigas para o responsable do contrato previstas na cláusula 1.3 do PCAP incluíndo as seguintes:

- Deberá establecer mecanismos que garantan que as actuacións a realizar por terceiros contribúan á consecución das actuacións previstas e que ditos terceiros faciliten a información que, no seu caso, sexa necesaria para determinar o cumprimento das obrigas determinadas pola compoñente do PRTR de aplicación na execución deste contrato en relación a: “Fitos” e “obxectivos”, criterios de etiquetaxe verde e etiquetaxe dixital, criterios dos posibles impactos negativos significativos sobre o medio ambiente (non causar prexuízo significativo, DNSH), identificación do destinatario final dos fondos, ben como beneficiario da axuda, ben como adxudicatario dun contrato ou subcontratista, así como a identificación das actuacións de comunicación relacionadas coas obrigas do PRTR.

- Informar ao Comité técnico de Programa Municipal Fondos PRTR, do seguimento da execución das actuacións obxecto do contrato, de xeito que se poida coñecer en cada momento o nivel de consecución de cada actuación e os fitos e obxectivos que se establezan ao respecto en cumprimento das obrigas determinadas pola compoñente do PRTR de aplicación na execución deste contrato en relación a: “Fitos” e “obxectivos”, criterios de etiquetaxe verde e etiquetaxe dixital, criterios dos posibles impactos negativos significativos sobre o medio ambiente (non causar prexuízo significativo, DNSH), identificación do destinatario final dos fondos, ben como beneficiario da axuda, ben como adxudicatario dun contrato ou subcontratista, así como a identificación das actuacións de comunicación relacionadas coas obrigas do PRTR.

3.- Modificar o apartado 3.J das FEC en relación ao financiamento do contrato incluíndo o seguinte:

O presente proxecto atópase cofinanciado con fondos do «Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU», Compoñente 1 “Plan de choque de mobilidade sostible, segura e conectada nas contornas urbanas e metropolitanas”, na medida Investimento 1 “Zonas de baixa emisións e transformación dixital e sostible do transporte urbano e metropolitano”, tendo asignado o campo de intervención 048 e unha etiquetaxe verde cun coeficiente climático do 40% e cun coeficiente medioambiental do 100%.

4.- Modificar a denominación do contrato engadindo á denominación do proxecto de obras a cofinanciación no marco do PRTR, quedando do seguinte xeito: “Mellora de accesibilidade na contorna do Centro de Saúde de Teis no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU ”.

SEGUNDO.- Instar á mercantil PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., (A-70.319.678) adxudicataria do contrato de obra, á formalización do modificado do mesmo no prazo máximo de 15 días hábiles a contar dende o seguinte ao da recepción da notificación da presente resolución, nos termos do artigo 153 da LCSP.

TERCEIRO.- Remitir ao Consello de Contas a modificación do contrato, en cumprimento do artigo 335.2 da LCSP.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

12(818).- PROPOSTA DE SUSPENSIÓN PARCIAL E TEMPORAL DO DESCANSO OBRIGATORIO DOS TAXIS DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 4375/449.
Dáse conta do informe-proposta de data 25/09/2023, asinado pola xefa do Servizo de Transportes e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

Por acordo plenario de data 6 de setembro de 2010 aprobouse a disposición complementaria para a regulación de quendas de descanso no sector do taxi fixándose o descanso de 92 taxis por día de forma rotatoria de luns a domingo de 00:00 a 24:00 horas por un período de proba de tres meses. Dita medida é provocada pola situación de crise e diminución de traballo do sector.

Por acordo plenario de data 31 de xaneiro de 2011 foi aprobada a prorroga do descanso obrigatorio dos taxis da cidade, aprobado inicialmente por un período de tres meses e nas mesmas condicións, acordo que se mantén en vigor até a data.

SOLICITUDES :

Na data 4 de setembro de 2023 a Asociación Élite Taxi Vigo (CIF G27844935), representada polo seu Presidente Daniel Matías Gómez, expón :

“Como en anos anteriores durante las fechas de la feria CONXEMAR se produce un aumento considerable de la actividad reduciendo la disponibilidad de taxis en toda la ciudad, tanto por el día como por las noches.

La previsión para este año aún es mayor debido al aumento de expositores en la feria donde se espera superar la afluencia de más de 30 mil personas.

Polo que solicitan por ser responsabilidade do seu colectivo garantir unha adecuada prestación do servizo de taxi en canto a cantidade e calidade, a liberación da quenda de descanso nos 3 días da feira e o día anterior a mesma, desde as 00:00 do luns 2 de outubro até as 23:59 do xoves día 5 de outubro.”

Na data 15 de setembro de 2023 D. Emilio Mosquera Rodríguez, como Presidente da Xunta Directiva da ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE AUTOPATRONOS DEL TAXI DE LA PROVINCIA DE PONTEVEDRA (C.I.F. G-36636637), e en representación da mesma, considerando que é responsabilidade do seu colectivo garantir unha adecuada prestación do servizo de taxi en canto a eficiencia e calidade, expón:

“Que para los días 2,3,4,5 y 6, de Octubre con motivo de la celebración en nuestra ciudad de la Feria Conxemar 2023, se prevé un importante aumento de la demanda de nuestros servicios, tanto para prestar servicio a las personas que se van a desplazar a la Feria, a los que vienen a la ciudad para acudir a ella y también por el movimiento diurno y nocturno que ello va a generar. La feria se celebra los días 3,4 y 5 de Octubre, pero pensamos que se debe cubrir el día anterior y también el posterior.

Por tal motivo, y a fin de solucionar y anticiparnos a que la oferta de servicio sea inferior a la demanda, proponemos que con carácter

provisional se suspenda el descanso obligatorio durante los días del 2 al 6 de octubre, ambos inclusive.

E na data 22 de setembro de 2023 D. Emilio Mosquera Rodríguez, como Presidente da Xunta Directiva da ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE AUTOPATRONOS DEL TAXI DE LA PROVINCIA DE PONTEVEDRA (C.I.F. G-36636637), e en representación da mesma, considerando que é responsabilidade do seu colectivo garantir unha adecuada prestación do servizo de taxi en canto a eficiencia e calidade expón:

Que para esta temporada de otoño e ante lo que ya se prevé que va a suceder en inverno con el encendido de las luces y las fiestas navideñas y el consiguiente aumento del ocio nocturno, consideramos que se debería levantar el descanso en horario nocturno.

Polo que solicitan “ a fin de solucionar y anticiparnos a que la oferta de servicio sea inferior a la demanda, proponemos que con carácter provisional se suspenda el descanso obligatorio en el horario comprendido entre las 22:00 y las 08:00 horas y hasta el día 14 de Enero.

INFORME :

Nos últimos anos e dende a pandemia produxéronse importantes variacións en relación coa demanda do servizo de taxis na cidade, pasando dunha escasa demanda durante os anos 2020 e 2021, a un incremento da demanda durante o ano 2022 e sobre todo no ano 2023.

Durante as festas de Nadal, foi suspendida provisionalmente a obrigatoriedade do descanso até o 15 de xaneiro en horario nocturno, sen que se apreciase exceso na oferta; durante os días 31 de marzo e 1 e 2 de abril datas coincidentes coa celebración da festa da Reconquista, tamén se produzo un importante incremento da demanda, datas nas que foron presentadas denuncias pola falta de servizo, especialmente en horario nocturno.

Durante a celebración do Marisquiño foi suspendida provisionalmente a obrigatoriedade do descanso durante as 24 horas dos días 10, 11, 12, e 13 de agosto de 2023, ao obxecto de poder satisfacer o previsible incremento da demanda nas mencionadas datas e a fin de manter a calidade do servizo de taxis.

E, así mesmo foi suspendida provisionalmente a obrigatoriedade do descanso no horario comprendido entre as 22:00 e as 08:00 horas, no período comprendido entre o 1 de xullo e até o 3 de setembro de 2023 incluído, ao obxecto de poder satisfacerse o previsible incremento da demanda existente, e manter a calidade do servizo de taxis.

Durante todos estes períodos de suspensión da obrigatoriedade do descanso, non se apreciou exceso de oferta en ningún caso,

Na actualidade e debido a continuidade do incremento da demanda do servizo, especialmente no horario nocturno, así como nos casos de que se produzan eventos na cidade que xeneren un importante incremento dos visitantes da cidade, potenciais usuarios do servizo de taxi, como o caso da feira Conxemar, o como o caso das festas de Nadal, o Concello ten a obriga de adoptar as medidas necesarias para manter unha oferta adecuada a demanda



Concello de Vigo

O incremento da demanda actual do servizo de taxis especialmente no horario nocturno, superior a oferta, debido principalmente ao descanso obrigatorio de 92 taxis cada día, implica que non poida satisfacerse a totalidade da demanda o que da lugar a queixas por parte dos usuarios do servizo

Ante este previsible incremento da demanda, o Concello ten a obriga de garantir a cantidade e calidade do servizo de taxi, polo que se considera que procede adoptar medidas por parte do servizo de transportes, a fin de garantir que durante as 24 horas do día o servizo sexa suficiente para satisfacer a demanda, e evitar que esta sexa superior á oferta, cos prexuízos que poderían derivarse para os usuarios de transporte publico da cidade.

A solicitude de suspensión temporal e parcial do descanso obrigatorio durante a celebración da feira Conxemar foi solicitada polas dúas asociacións representativas do sector a fin de poder garantir a satisfacción da demanda, e evitar as queixas sobre a calidade do servizo.

En canto a solicitude da suspensión provisional do descanso obrigatorio en horario nocturno comprobouse que as queixas en relación co servizo se producen neste horario, e considerando que o cambio da tarifa 1 a tarifa 2 se realiza as 22:00 horas, propónse que sexa a partir desa hora cando se autorice a suspensión podendo mantelo até as 08:00 horas.

En canto as datas de suspensión, propónse que se inicie a partir do día seguinte da adopción do acordo de suspensión e se manteña ate o final das festas do Nadal

Polo exposto, por parte de este servizo propónse informar favorablemente, ao amparo da regulación legal recollida no artigo 39 da vixente ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi da cidade de Vigo, a solicitude formulada pola Asociación Élite Taxi Vigo, na data 4 de setembro de 2023 e pola Asociación provincial de autopatronos del taxi da la provincia de Pontevedra, nas datas 15 e 22 de setembro de 2023 ,e acordar a suspensión parcial temporal do descanso obrigatorio do servizo de taxi da cidade, durante 24 horas os días da celebración da feira Conxemar, e no horario nocturno dende as 22:00 até as 8:00 horas dende a data adopción do acordo de suspensión, ate o día 14 de xaneiro de 2024 a fin de poder satisfacer o previsible aumento da demanda , e de conformidade coas solicitudes presentadas polas asociacións representativas do sector .

RÉXIME XURÍDICO DE APLICACIÓN :

De conformidade co disposto no artigo 39 da vixente ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi da cidade de Vigo aprobada na data 9 de febreiro de 2015, e modificada nas datas 5 de setembro de 2018 e 30 de marzo de 2022: "Cando concorran situacións excepcionais que impliquen una importante diminución ou incremento da demanda perfectamente xustificada e provisional no tempo, que poida afectar as condicións de prestación do servizo en relación coa rendibilidade do mesmo, e que non se trate dunha proposta que de lugar a unha modificación permanente do sistema de descansos, pode estudarse unha modificación provisional do réxime de descanso. A proposta pode ser á solicitude das asociacións representativas do sector acreditando o apoio a iniciativa, dunha maioría absoluta das licenzas de taxi existentes.

De conformidade co disposto na vixente ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi, no seu artigo 4 apartado b establece que:) a competencia para a aprobación das disposicións complementarias de prestación do servizo corresponde a Xunta de Goberno Local, polo que considerando que o descanso obrigatorio para o sector do taxi, foi aprobado por unha disposición complementaria da ordenanza reguladora do servizo, considerase que no presente caso, por tratarse dunha suspensión parcial e temporal dunha duración de dous meses do contido da mesma, corresponde adoptar o Acordo ao mesmo órgano que ten a competencia para a súa aprobación .

Polo exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte :

ACORDO

PRIMEIRO: Autorizar a suspensión con carácter parcial e temporal, do réxime de descanso obrigatorio dos taxis da cidade aprobado na data 31 de xaneiro de 2011, durante as 24 horas dos días 2 ao 6 de outubro de 2023, solicitada pola Asociación Élite Taxi Vigo, na data 4 de setembro de 2023, e pola Asociación provincial de autopatronos del taxi da la provincia de Pontevedra, na data 15 de setembro de 2023, a fin da poder garantir a demanda de servizo derivada da celebración na cidade durante as citadas datas da feira CONXEMAR .

SEGUNDO: Autorizar a suspensión con carácter parcial e temporal, do réxime de descanso obrigatorio dos taxis da cidade aprobado na data 31 de xaneiro de 2011, solicitada pola Asociación provincial de autopatronos del taxi da la provincia de Pontevedra, na data 22 de setembro de 2023, no horario comprendido entre as 22:00 e as 08:00 horas, e no período comprendido entre o día seguinte da data de aprobación e notificación deste acordo ás asociacións representativas do sector, e até o 14 de xaneiro de 2024 incluído, ao obxecto de que poida satisfacerse o previsible incremento da demanda existente, e manter a calidade do servizo de taxis.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

13(819).- DAR CONTA DO PASE A VÍA DE CONSTRINXIMENTO DAS LIQUIDACIÓNS POLAS TAXAS DE LICENZA DE OBRAS E LICENZAS DE ACTIVIDADE. EXPTE. 15980/407.

Dáse conta do informe-proposta de data 19/09/2023, asinado pola técnica de Tesourería e Xestión de Ingresos e conformado polo xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

A partir de xaneiro do ano 2000 os ingresos polos distintos conceptos urbanísticos son liquidados, recadados e contabilizados polos servizos desta Xerencia Municipal de Urbanismo. Cando as autoliquidacións das taxas pola concesión de licenzas de obras, licenzas de actividades e instalacións e licenzas de cambio de titularidade non son correctas, realízanse liquidacións complementarias que, en algúns casos, non son ingresadas no período voluntario, polo que deben pasar á vía de constrinximento.

De conformidade coa base 48ª das bases de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo e a base 5ª das propias deste Organismo Autónomo “a recadación en vía de constrinximento dos ingresos da Xerencia farase utilizando os medios da Tesourería do Concello. A proposta do Xerente, o Tesoureiro dictará a correspondente providencia de apremio”.

O Concello contabilizará extrapresupostariamente os ingresos por este concepto para o posterior traspaso á Xerencia Municipal de Urbanismo.

En consecuencia, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

Quedar enterada das seguintes liquidacións complementarias de taxas que se remiten ao Tesoureiro do Concello de Vigo para que dicte a correspondente providencia de apremio:

Liquidacións de taxas por licenzas de obras:

Expediente 73881/421 (****929L)	134,90 euros
Expediente 38539/422 (****916W)	87,10 euros
Expediente 107067/421 (H****657)	357,38 euros
Expediente 108036/421 (****857Y)	206,15 euros
Expediente 103360/421 (B****726)	473,55 euros
Expediente 109086/421 (****496D)	18,83 euros
Expediente 109230/421 (H****509)	57,99 euros
Expediente 108941/421 (X****21L)	42,09 euros
Expediente 108728/421 (H****488)	760,00 euros
Expediente 106273/421 (****831S)	1.520,00 euros
Expediente 107828/421 (****811D)	89,59 euros
Expediente 73274/421 (****018A)	1.496,79 euros
Expediente 107131/421 (B****394)	1.821,45 euros
Expediente 104813/421 (****606M)	899,87 euros
Expediente 110396/421 (****559Y)	47,50 euros
Expediente 2269/426 (****062D)	292,23 euros

Expediente 103329/421 (B****885)	229,95 euros
Expediente 109621/421 (B****026)	204,96 euros
Expediente 111034/421 (H****460)	328,13euros
Expediente 111378/421 (****847W)	1.331,68euros
Expediente 111694/421 (A****631)	112,11 euros
Expediente 100721/421 (B****995)	229,95 euros
Expediente 113507/421 (****030P)	72,13 euros
Expediente 113766/421 (X****17R)	127,70 euros
Expediente 113810/421 (****869R)	44,43 euros
Expediente 113825/421 (****377M)	30,66 euros
Expediente 113909/421 (****085R)	245,70 euros
Expediente 93472/421 (B****520)	229,95 euros
Expediente 114319/421 (F****215)	68,15 euros
Expediente 110705/421 (B****246)	1.954,00 euros
Expediente 49018/422 (B****335)	27,76 euros
Expediente 112417/421 (B****977)	303,60 euros
Expediente 114670/421 (B****256)	787,39 euros
Expediente 114726/421 (B****339)	3.394,70 euros
Expediente 112233/421 (****681S)	281,48 euros
Expediente 111579/421 (B****267)	1.386,81 euros
Expediente 91612/421 (B****025)	229,95 euros
Expediente 113275/421 (****373G)	54,63 euros
Expediente 114729/421 (H****365)	614,45 euros
Expediente 115107/421 (****025B)	57,00 euros
Expediente 114709/421 (Y****33B)	109,88 euros
Expediente 49286/422 (B****573)	63,65 euros
Expediente 115698/421 (H****282)	376,62 euros
Expediente 109315/421 (A****533)	270,26 euros
Expediente 100719/421 (B****995)	261,92 euros
Expediente 107214/421 (A****518)	1.520,00 euros

Liquidacións de taxas por licenzas de actividade

Expediente 49179/422 (B****807)	772 ,00euros
---------------------------------	--------------

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.



Concello de Vigo

- Expediente de contratación do servizo de rutas guiadas caracterizadas para a promoción do turismo funerario de Vigo durante o Samaín. Expte. 8511/104
- Solicitude á Xunta de Galicia de axudas para o funcionamento e gratuidade da atención educativa das escolas infantís 0-3. Expte. 62749/332.
- Proposta de aprobación do condicionado da reunificación das concesións municipais do túnel de Beiramar e do túnel do Areal. Expte. 1753/441.
- Convocatoria de axudas – Incentivos á contratación por conta allea das persoas participantes no Obradoiro de Emprego Vigo Capacita VIII. Expte. 20478/77.
- Expediente de contratación e adxudicación do contrato baseado no acordo marco para o subministro de gas natural da central de contratación da FEMP. Expte. 1729/441.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

14(820).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE RUTAS GUIADAS CARACTERIZADAS PARA A PROMOCIÓN DO TURISMO FUNERARIO DE VIGO DURANTE O SAMAÍN. EXPTE. 8511/104.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 26/09/2023 e o informe de fiscalización do 27/09/2023, dáse conta do informe-proposta de data 20/09/2023, asinado pola técnica en actividades turísticas e conformado pola concelleira de Turismo e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP) no que no se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

Antecedentes:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), previa á resolución de inicio do expediente, foi asinada o 31/08/2023.
- Memoria económica de data 19/09/2023, relativa aos seguintes extremos:
 - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP, en base ós prezos facturados para o mesmo tipo de servizos nos anos precedentes para levar a cabo o obxecto de presente contrato e facendo un cálculo do custo medio.
 - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
 - Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
- Retención de crédito de data 19/09/23 (operación nº 170183).
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 20/09/2023
- Memoria xustificativa de data 20/09/2023 relativa aos seguintes extremos:
 - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP) e, no seu caso, a xustificación do establecemento de limitacións aos licitadores (artigo 99.4 da LCSP).
 - A xustificación do procedemento procedemento aberto simplificado (art. 159.6 da LCSP)
 - Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP).



Concello de Vigo

- Xustificación da elección do criterio de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP).
- Lugar de entrega dos bens obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Informe do servizo de contratación de que o expediente reúne toda a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública asinado en data 20/09/23
- Prego de Cláusulas administrativas particulares asinado polo servizo de contratación de data 20/09/23

Fundamentos de dereito

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP, iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 desta lei. No Concello de Vigo esta competencia esta delegada por Resolucións da Xunta de Goberno Local nos concelleiros delegados de área de goberno e nos concelleiros delegados de data 22 de xuño de 2023 e BOP n.º 123 de data 27 de xuño de 2023.

A Concelleira delegada de Turismo mediante resolución de 31/08/2023 autorizou o inicio da tramitación deste expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto o tipo de contrato é de servizo (art. 17 LCSP).O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto con varios criterios de adxudicación en aplicación dos artigos 131.2, 145, e 156.1 de la Lei 9/2017, conforme aos términos e requisitos establecidos en dito texto legal.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e no mesmo consta, tal e como prevé o artigo 116 apartados 2 e 3 da LCSP o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g) LCSP), o prezo e a súa xustificación (artigo 100 e seguintes LCSP), o prazo de duración e de execución (art. 29 LCSP), o valor estimado do contrato (artigo 116.4.d) LCSP, os criterios de adxudicación (artigo 145 e 146 LCSP), as condicións especiais de execución (art. 202.1 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 d Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril).

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP e a disposición adicional oitava, apartado e) da Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das

bases de réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe de fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo á aprobación polo órgano de contratación.

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartado 11 da LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Noveno.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª . 4 LCSP)

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto de **PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RUTAS GUIADAS CARACTERIZADAS PARA PROMOCIÓN DO TURISMO FUNERARIO DE VIGO DURANTE O SAMAIN.**

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares de data 20/09/2023 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o Contrato, asinado polo servizo de contratación de data 20/09/2023

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe máximo de licitación **20.048,49 €**, con IVE de **3.479,49€**

O contrato financiarase con cargo á seguinte aplicación orzamentaria 4320.2279904 "Plan e actividades de promoción turística" do programa orzamentario do servizo de Turismo.

Quinto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.



Concello de Vigo

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(821).- SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DE AXUDAS PARA O FUNCIONAMENTO E GRATUIDADE DA ATENCIÓN EDUCATIVA DAS ESCOLAS INFANTÍS 0-3. EXPTE. 62749/332.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Dáse conta do informe-proposta de data 27/09/2023, asinado pola xefa do Servizo de Educación e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

No Diario Oficial de Galicia nº 164, do 30 de agosto de 2023, publicáronse a Orde da Consellería de Política Social e Xuventude do 10 de agosto de 2023 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o funcionamento e gratuidade da atención educativa das escolas infantís 0-3 e puntos de atención á infancia de titularidade municipal para o curso 2023/24, e se procede á súa convocatoria (código de procedemento BS420D), así como o Extracto da devandita Orde.

Estas axudas van dirixidas ao sostemento dos centros de educación infantil 0-3 anos existentes e constan de dúas liñas: a liña 1, que financiará gastos de mantemento, e a liña 2, que compensará a aplicación dunha bonificación do 100% do prezo correspondente á atención educativa e matrícula, de ser o caso, das prazas ocupadas polo alumnado de 0-3 anos.

O Concello de Vigo podería solicitar estas axudas, en relación ás nove escolas da Rede de Escolas Infantís Municipais (REIM).

A solicitude desta axuda non supón un novo gasto para o Concello de Vigo por canto a xestión das Escolas Infantís Municipais lévase a cabo mediante contratos de servizo con empresas xestoras, polo que o custe deste servizo está comprometido nos correspondentes expedientes de contratación. En base a isto non é necesario o envío deste expediente á fiscalización pola Intervención Municipal, servizo ao que, de ser o caso, se dará conta da resolución de concesión da axuda.

O órgano competente para a adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local de conformidade co Decreto do Alcalde de Delegacións do Alcalde na Xunta de Goberno Local de data 20 de xuño de 2023 (publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 124 de data 28 de xuño de 2023).

Á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:
1.

Primeiro.- Solicitar á Consellería de Política Social e Xuventude as axudas para o funcionamento e gratuidade da atención educativa das escolas infantís 0-3 e puntos de atención á infancia de titularidade municipal para o curso 2023/24, conforme a Ode da citada Consellería do 10 de agosto de 2023.

Segundo.- Facultar á concelleira delegada de Educación para asinar a solicitude de subvención conforme ao procedemento establecido.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(822).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO CONDICIONADO DA REUNIFICACIÓN DAS CONCESIÓNS MUNICIPAIS DO TÚNEL DE BEIRAMAR E DO TÚNEL DO AREAL. EXPTE. 1753/441.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Dáse cona da proposta de data 28/09/2023, asinada polo enxeñeiro de camiños, canais e portos, polo xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

En data 5 de agosto de 1994, o Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vigo acordou outorgar ao Concello de Vigo a “concesión del suelo de las rampas de acceso al túnel, y del subsuelo a ocupar por el resto de las obras, para construir un paso inferior en el área central del puerto de Vigo, entre el Berbés y el Muelle de Comercio, en la zona de servicio del Puerto de Vigo, con destino al tráfico de vehículos, con carácter gratuito, y a otros servicios urbanos”, por un prazo de 30 anos.

Posteriormente acordouse a ampliación do túnel, mediante as obras definidas no proxecto de “prolongación paso inferior en el borde marítimo y estructura de conexión con la autopista AP9 y Sanjurjo Badía”. Para tal fin, o Concello de Vigo solicitou unha nova concesión administrativa para ocupar terreos da zona de servizo da Autoridade Portuaria de Vigo, outorgándose dita concesión por resolución do Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vigo de data 27 de outubro de 2000, por un prazo de 30 anos.

Ambas concesións corresponden a unha mesma infraestrutura viaria, executada en dúas fases (túnel de Beiramar), non sendo posible garantir a operatividade da mesma senón se mantén a vixencia de ambas concesións, polo que, estando próxima a data de finalización do período concesional da primeira das ditas concesións e como queira que nas mesmas concorren as circunstancias do artigo 90.3 TRLPMM, con data de 30 de agosto de 2023 o Concello de Vigo solicitou da Autoridade Portuaria de Vigo a unificación de ámbalas dúas concesións.



Concello de Vigo

A directora da Autoridade Portuaria de Vigo, en escrito de 14 de setembro de 2023 informa favorablemente a unificación solicitada; determina como data de finalización da nova concesión, resultado da unificación das dúas concesións citadas, o día 2 de febreiro de 2030; propón o mantemento das taxas concesionais actualmente vixentes para as dúas concesións que se unifican; e somete á consideración do Concello de Vigo as condicións baixo as cales podería levarse a cabo a unificación solicitada, as cales deberán ser aceptadas ou ser obxecto de reparos no prazo de 10 días.

A nova concesión mantén as taxas das dúas anteriores que se unifican e as condicións da nova concesión unificada non son outra cousa que esixencias legais propias das concesións, que non se agravan na unificada, polo que se informa favorablemente o dito condicionado e se propón a súa aprobación.

É competente para pronunciarse sobre a aprobación do condicionado da nova concesión unificada a Xunta de Goberno Local, por aplicación da disposición adicional 2ª.11 LCSP. Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Manifestar a conformidade municipal co condicionado que figura no informe da directora da Autoridade Portuaria de Vigo, de 14 de setembro de 2023, para a unificación das actuais concesións municipais do túnel de Beiramar e do túnel do Areal, nuha nova concesión unificada, cuxa duración estenderase ata o 2 de febreiro de 2030.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(823).- CONVOCATORIA DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN POR CONTA ALLEA DAS PERSOAS PARTICIPANTES NO OBRADOIRO DE EMPREGO VIGO CAPACITA VIII. Expte. 20478/77.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 27/09/2023, dáse conta do informe-proposta de data 26/09/2023, asinado pola xefa de Desenvolvemento local e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I. A Xunta de Goberno Local (XGL) en sesión ordinaria do 11 de agosto de 2022, a proposta do concelleiro delegado de Cultura e Emprego, acordou:

1.- Aceptar a subvención concedida para a realización do proxecto de Obradoiro dual de Emprego denominado "VIGO CAPACITA VIII", mediante resolución da xefa territorial PA (D123/2022, art. 62.3) PA a xefa do servizo de Coordinación Administrativa e Xestión Económica da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, notificada en data 29/07/2022, ao abeiro da Orde de 21 de febreiro de 2022 (DOG núm. 46, do 08 de marzo de 2022) pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, co número de expediente 36/00007/2022, polo importe de 503.987,00 € para o financiamento dos custos de formación profesional para o emprego e os gastos salariais derivados dos contratos de traballo que se subscriban co alumnado.

2.- Encomendar ao Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, a xestión do proxecto de obradoiro de emprego "VIGO CAPACITA VIII", conforme aos criterios establecidos na referida Orde de 21 de febreiro de 2022.

II. A Terceira Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude (Resolución Alcaldía 19/06/23, BOPP nº 123 do 27/06/23) o 15 de setembro de 2023 resolveu, logo do informe de necesidade da xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, iniciar o procedemento para a aprobación das bases reguladoras e a convocatoria das subvencións para a concesión dos Incentivos á contratación por conta allea das persoas participantes no obradoiro dual de emprego Vigo Capacita VIII (expte 20478/77).

III. No expediente consta a seguinte documentación:

- Resolución da xefa territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia PA (D 123/2022, do 23/06, art. 62.3) xefa do Servizo de Coordinación Administrativa e Xestión Económica do 28 de xullo de 2022 na que se concede a subvención para o obradoiro dual de emprego "VIGO CAPACITA VIII".

- Acordo da Xunta de Goberno Local, de 11 de agosto de 2022, polo que se acepta a subvención concedida para a realización do proxecto de Obradoiro de Emprego Vigo Capacita VIII. Expte. 19430/77.

- Bases reguladoras, convocatoria das axudas, extracto e os modelos de formularios (Anexos I a V) asinados pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local o 20 de setembro de 2023 co conforme da Terceira Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude (Resolución Alcaldía 19/06/23, BOPP nº 123 do 27/06/23) e do concelleiro da Área de Goberno Orzamentos e Facenda.



Concello de Vigo

II. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

I. OBXECTO DO EXPEDIENTE

O obxecto deste expediente consiste na aprobación das bases reguladoras e convocatoria de subvencións para a concesión dos Incentivos á contratación por conta allea das persoas participantes no obradoiro dual de emprego “Vigo Capacita VIII”.

Segundo se indica nas bases obxecto de informe, estas axudas teñen como beneficiarias as persoas empregadoras e as empresas/entidades, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, cuxa actividade estea directamente relacionada coa formación impartida no obradoiro dual de emprego, no ámbito da hostalería, e que contraten traballadores ou traballadoras por conta allea para prestar servizos en centros de traballo radicados no ámbito territorial de Vigo.

Estas contratacións (nas modalidades de contrato indefinido ou fixo discontinuo) terán unha duración mínima de 3 meses a xornada completa e incentivaranse cunha contía fixa de 1.500€ por cada traballador/a contratado/a, sendo o número máximo de incentivos a conceder de 20 en total.

A finalidade última destas axudas é promover a inserción laboral das persoas participantes nos obradoiros, mediante contratos laborais en empresas para ocupacións do ámbito das materias impartidas e no ámbito territorial dos obradoiros duais de emprego.

II. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

A Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos (apartado terceiro a) nin a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores (apartado terceiro b); como é o caso das convocatorias de selección de beneficiarios de Obradoiros de Emprego que se veñen desenvolvendo en exercicios anteriores pola unidade de Desenvolvemento Local e Emprego.

Neste marco normativo, cómpre subliñar que a Xunta de Goberno Local, mediante acordo do 09/03/2012, ven considerando que o fomento do emprego, constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

Así mesmo, a Disposición adicional primeira, adicada ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local establece que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndoseas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais. A este respecto, cómpre subliñar que corresponde a materias de competencia

propias do Concello segundo o artigo 80.2.p) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia a participación da formación de activos desempregados; e sendo de especial relevancia o desenvolvemento da dimensión local da política de emprego, segundo se indica no artigo 4 da Lei 3/2023, de 28 de febreiro, de Emprego.

O fomento do emprego constitúe un obxectivo prioritario das políticas públicas, especialmente necesario atendendo ás graves repercusións económicas e sociais derivadas da situación de crise sanitaria xerada no seu momento polo COVID-19.

III. NORMATIVA APLICABLE :

Preceptúa a normativa aplicable que, con carácter previo ó outorgamento das subvencións, deberán aprobarse as bases reguladoras de concesión nos termos establecidos na lei (Arts. 9.2 LXS e 6.2 LSG). Lémbrese, en todo caso, que –segundo o Art. 17.2 da LXS- as bases deberán aprobarse no marco das Bases de execución do Orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións.

A este respecto, de acordo co disposto nas Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo do 2022 e, sen prexuízo da desexable ordenanza municipal reguladora das subvencións que se aprobe a tal efecto - resulta de aplicación para a elaboración das presentes bases o previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG); a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común das Administracións públicas; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2023, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

No presente suposto ten unha especial importancia o disposto na Orde do 21 de febreiro de 2022 da Consellería de Emprego e Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia.

IV. BASES REGULADORAS

As bases reguladoras teñen como finalidade, de conformidade co previsto no capítulo IV “Incentivos á Contratación” da Orde do 21 de febreiro de 2022 da Consellería de Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (DOG nº 46 de 08-03-2022), a determinación do procedemento para a concesión dos incentivos á contratación das persoas participantes nos Obradoiros duais de Emprego.

No apartado 2 do artigo 15 da Orde do 21 de febreiro de 2022, establececese o seguinte:

“Porase a disposición na sede electrónica un anexo V como modelo orientativo de convocatoria.”

As bases propostas seguen o modelo orientativo elaborado pola Consellería de Emprego e Igualdade, e reflicten o contido mínimo esixido nos artigos 17 da LXS e 14 da LSG, en canto ao obxecto, requisitos das beneficiarias, procedemento de concesión, criterios de outorgamento, contías, crédito orzamentario, compatibilidade con outras subvencións, procedemento de



Concello de Vigo

concesión así coma órganos competentes, prazo e forma de xustificación. E atenden aos principios reguladores das subvencións establecidos nos artigos 8.3 LXS e 5.2 LSG.

Todos estes contidos estímense conformes ao interese público e ao ordenamento xurídico e suficientes, xunto co resto de documentación que consta no expediente, para o fin pretendido.

V. PUBLICIDADE:

As bases publicaranse no BOP e a convocatoria remitirase á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que remitirá un extracto da mesma ao BOP, de acordo co establecido no art. 20.8.a) da LXS.

Así mesmo as subvencións concedidas remitiranse á BDNS para a súa publicación, con indicación da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados, de conformidade co art. 20.8.b) da LXS.

Tamén se recolle a publicación das bases, da convocatoria e dos beneficiarios na web do Concello de Vigo -portal de transparencia- de conformidade co art.8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, así como na oficina de información do Concello de Vigo e na propia oficina administrativa de Desenvolvemento Local e Emprego.

VI. ÓRGANO COMPETENTE:

A competencia para aprobar as bases, a convocatoria e o extracto da mesma correspóndelle a **Xunta de Goberno Local**, a proposta da Terceira Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude nos termos das delegacións de competencias efectuadas á mesma, de conformidade co disposto no artigo 127.1. g) da LBRL, **previa fiscalización da Intervención Xeral** do Concello (artigos 9 da LXS e 6 da LGS e 214.1 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

Polo exposto, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO: Aprobar a convocatoria, o extracto da mesma, as “Bases Reguladoras dos incentivos á contratación por conta allea das persoas participantes no Obradoiro Dual de Emprego “VIGO CAPACITA VIII” e os modelos de formularios oficiais que se xuntan como Anexos ao presente acordo.

SEGUNDO: Aprobar o gasto por importe de 30.000,00 € (trinta mil euros), que se imputarán con cargo á partida orzamentaria 2410 4700007 denominada AXUDAS CONTRATACIÓN O.E. VIGO CAPACITA VIII, dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do exercicio orzamentario do ano 2023.

TERCEIRO: Publicar, unha vez aprobadas, a convocatoria, as bases reguladoras da convocatoria de “Incentivos á contratación por conta allea das persoas participantes no Obradoiro Dual de Emprego VIGO CAPACITA VIII” e os modelos de formularios oficiais, nos seguintes termos:

- A convocatoria, publicárase na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). Conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 5 días hábiles para a presentación de

solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.

- As bases reguladoras, publicaranse no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

- Os modelos de formularios oficiais, publicaranse na páxina web (www.vigo.org) a disposición dos usuarios.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN POR CONTA ALLEA DAS PERSOAS PARTICIPANTES NO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO “VIGO CAPACITA VIII” BASES REGULADORAS

ÍNDICE

ARTIGO 1. FINALIDADE E DURACIÓN DOS INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN POR CONTA ALLEA.

ARTIGO 2. ENTIDADES BENEFICIARIAS DOS INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN.

ARTIGO 3. CONTÍA DOS INCENTIVOS.

ARTIGO.4. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

ARTIGO 5. EXCLUSIÓNS. EXCLÚENSE DOS BENEFICIOS REGULADOS NESTE PROGRAMA.

ARTIGO 6. PRAZOS E SOLICITUDE

ARTIGO 7. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

ARTIGO 8. OBRIGACIÓNS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS.

ARTIGO 9. COMPETENCIA.

ARTIGO 10. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN, INSTRUCIÓN E TRAMITACIÓN.

ARTIGO 11. RESOLUCIÓN E RECURSOS.

ARTIGO 12. INCOMPATIBILIDADES E CONCORRENCIA

ARTIGO 13. PERDA DO DEREITO AO COBRO DA SUBVENCIÓN E REINTEGRO.

ARTIGO 14. DEVOLUCIÓN VOLUNTARIA DA SUBVENCIÓN.



Concello de Vigo

ANEXOS

ANEXO I. SOLICITUDE

ANEXO II. DECLARACIÓN XURADA

ANEXO III. DECLARACIÓN DE AXUDAS SOLICITADAS

ANEXO IV. AUTORIZACIÓN CONSULTA DE DATOS

ANEXO V. XUSTIFICACIÓN

INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN POR CONTA ALLEA DAS PERSOAS PARTICIPANTES NO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO "VIGO CAPACITA VIII" BASES REGULADORAS

Artigo 1. Finalidade e duración dos incentivos á contratación por conta allea.

1. Os incentivos á contratación por conta allea obxecto da presente convocatoria teñen por finalidade facilitar a empregabilidade e a ocupabilidade das persoas participantes no OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO "VIGO CAPACITA VIII", número de EXPTE.: 36/00007/2022, proxecto mixto de formación e emprego promovido polo Concello de Vigo e financiado a través da convocatoria 2022 de axudas e subvencións a obradoiros duais de emprego, da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, pertencente á Consellería de Emprego e Igualdade.
2. A contratación (nas modalidades de contrato indefinido ou fixo discontinuo) terá unha duración mínima de **3 meses**.
3. A xornada da contratación será a **tempo completo**.

Artigo 2. Entidades beneficiarias dos incentivos á contratación.

1. Poderán ser entidades beneficiarias dos incentivos á contratación as persoas empregadoras e as empresas/ entidades, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas, as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica, cuxa actividade estea directamente relacionada coa formación impartida no obradoiro dual de emprego, en concreto cos certificados de Profesionalidade de Cociña (HOTR0408) e Repostería (HOTR0509 Módulos) e Servizos de Restaurante (HOTR0608) e Servizos de Bar e Cafetería (HOTR0508) no ámbito da hostalería, e que contraten traballadoras ou traballadores por conta allea para prestar servizos en centros de traballo radicados no ámbito territorial de Vigo.

No caso de sociedades civís, comunidades de bens e unións temporais de empresas deberá facerse constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención que se vai a aplicar para cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiario. En calquera caso, deberán nomear unha persoa representante ou apoderada única da agrupación, con poder suficiente para cumprir as obrigacións que, como beneficiaria, correspóndanlle á agrupación. No suposto de unións temporais de empresas, cada empresa que forme parte desta unión deberá reunir os requisitos esixidos para acceder ás axudas.

2. Non poderán ser entidades beneficiarias destas axudas as administracións públicas, as sociedades públicas, nin as entidades vinculadas ou dependentes de calquera delas.

3. Non estarán incursas nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria previstas no art. 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no art. 13 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións, segundo o estipulado nas bases da convocatoria.

4. Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria as entidades solicitantes que estean excluídas do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme ao establecido no artigo 46 e 46 bis do texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto.

5. A xustificación por parte das persoas ou entidades solicitantes de non estar incursas nas prohibicións contidas nos números 3 e 4 anteriores para obter a condición de beneficiario realizarase mediante declaración responsable .

Artigo 3. Contía dos incentivos.

1. Os contratos incentivaranse cunha subvención fixa de **1.500€** por cada traballador/a, correspondente ao contrato mínimo de **3 meses** a xornada **completa**.

2. O número máximo de incentivos que se poderán conceder é de 20 en total.

3. Os beneficios establecidos á contratación neste programa non poderán, en concorrencia con outras axudas públicas para a mesma finalidade, superar o 100 % do custo salarial das mensualidades obxecto de subvención.

4. Unha vez esgotado o crédito orzamentario existente, procederase a denegar as subvencións que non poidan ser atendidas por falta de dispoñibilidade orzamentaria. As solicitudes denegadas por falta de crédito nunha convocatoria determinada, non causarán dereito nas seguintes.

Artigo 4. Contía total e crédito orzamentario

A contía total estimada destinada a estas subvencións para o exercicio orzamentario do 2023 do Concello de Vigo é de 30.000 € (trinta mil euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 4700007 denominada AXUDAS CONTRATACIÓN O.E. "VIGO CAPACITA VIII", de acordo co establecido nas bases reguladoras.

O importe da subvención ou axuda, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custo da actividade ou actuación subvencionada.

A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

Artigo 5. Exclusiones. Exclúense dos beneficios regulados neste programa.

1. As relacións laborais de carácter especial previstas no artigo 2.1 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores ou noutras disposicións legais, así como as contratacións de traballadores ou traballadoras para prestar servizos noutras empresas mediante contratos de posta a disposición.

2. Os contratos realizados co/a cónxuxe, as persoas ascendentes, as persoas descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, da empresaria ou empresario ou das persoas que teñan cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como as que se produzan con estes últimos. Non será aplicable esta exclusión cando a persoa empregadora sexa



Concello de Vigo

unha persoa traballadora autónoma que contrate como persoa traballadora por conta allea aos fillos e fillas menores de 30 anos, tanto se conviven ou non con ela, ou cando se trate dunha persoa traballadora autónoma sen persoas asalariadas e contrate a un só familiar menor de 45 anos que non conviva no seu fogar nin estea ao seu cargo.

3. As contratacións realizadas con persoas traballadoras que nos 24 meses anteriores á data da contratación prestasen servizos na mesma empresa, segundo o establecido no artigo 2 do Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, mediante un contrato de carácter indefinido, ou nos últimos 3 meses mediante un contrato de carácter temporal ou mediante un contrato formativo, de substitución ou de substitución por anticipación da idade de xubilación. O disposto neste parágrafo será tamén de aplicación no suposto de vinculación laboral anterior do traballador ou da traballadora con empresas ás cales a persoa solicitante dos beneficios sucedese en virtude do establecido no artigo 44 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro.

Artigo 6. Prazos e solicitude.

1. O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente será de **5 días hábiles**, a contar desde o día seguinte á publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

2. Os solicitantes obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo, segundo a obriga imposta polo artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), deberán presentar e tramitar por medios electrónicos a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo <https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=ga>, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>,

3. Os solicitantes non obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas, poderán optar pola tramitación electrónica da súa solicitude e documentación complementaria a través da sede electrónica do Concello de Vigo, e por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos ou ben a través da súa Carpeta Cidadá.

4. As solicitudes deberán presentarse no modelo normalizado que figura como Anexo I - Solicitude, xunto coa seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada ou cotexada:

- Copia do DNI, NIE ou NIF da empresa, e poder suficiente para actuar en nome da entidade.
- Declaración do persoal de todos os centros de traballo da empresa en Galicia no mes anterior ao mes de publicación da presente convocatoria, incluída no Anexo I - Solicitude.
- Declaración responsable de que posúe a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións da axuda.

Artigo 7. Xustificación e pagamento.

1. De non achegarse con anterioridade, o pago das subvencións quedará condicionado á presentación da documentación xustificativa para o pago no prazo, nos termos e no modo establecido

na resolución de concesión. Excepcionalmente, e por causas debidamente xustificadas, o órgano concedente poderá outorgar unha ampliación do prazo establecido para a presentación da xustificación que non exceda da metade deste. O acordo de ampliación deberá ser notificado ás persoas ou entidades beneficiarias.

A documentación a presentar é a seguinte:

- a) Declaración complementaria da presentada coa solicitude, do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, no seu caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, segundo o modelo do Anexo V – Xustificación.
- b) Copia dos contratos de traballo obxecto de subvención.
- c) Documentación xustificativa das altas, e no seu caso baixas, dos traballadores/as con cargo aos incentivos á contratación, que abranguen un contrato de ao menos de 3 meses, a xornada completa.
- d) Outra documentación xustificativa ou aclaratoria que o Concello poidera requirir á empresa/ entidade beneficiaria da axuda.

2. Non poderá realizarse o pago da subvención en tanto a entidade beneficiaria non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social ou teña pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou sexa debedora en virtude de resolución firme declarativa de orixe de reintegro.

Artigo 8. Obrigacións das entidades beneficiarias.

. Incorporar á persoa nun posto de traballo directamente relacionado coa formación recibida no obradoiro dual de emprego, e dicir, un posto de traballo directamente relacionado cos certificados de Profesionalidade de Cociña (HOTR0408) e Repostería (HOTR0509 Módulos) e Servizos de Restaurante (HOTR0608) e Servizos de Bar e Cafetería (HOTR0508), no ámbito da hostalería.

2. Manter no seu persoal á persoa contratada polo período de duración do contrato obxecto de subvención. No caso de extinción do contrato de traballo polas causas previstas na normativa laboral vixente con anterioridade á finalización do período esixible, a empresa/entidade deberá comunicar esta circunstancia á entidade promotora do obradoiro dual de emprego, e dicir, ao Concello de Vigo, no prazo de **sete días hábiles** desde que se produza, para promover a súa substitución nas mesmas condicións, ofertando a cobertura do posto de traballo vacante a outras persoas participantes no obradoiro, que non fosen contratadas previamente.

3. Como consecuencia da contratación pola que se solicita a subvención, ten que incrementarse o emprego neto da entidade solicitante no ámbito territorial de Galicia respecto ao mes anterior ao mes de realización da contratación pola que se solicita a subvención. Para o cálculo do incremento do persoal non se computarán as persoas traballadoras cuxo contrato de traballo extíngase por causas obxectivas ou por despedimento disciplinario, que non sexan declarados improcedentes, ou cuxas baixas se produciran por dimisión da persoa traballadora ou por morte, xubilación, incapacidade permanente total ou absoluta ou gran invalidez legalmente recoñecidas, ou por finalización do contrato.



Concello de Vigo

4. As contratacións, realizadas nas modalidades de contrato indefinido ou fixo discontinuo, polas que se solicita subvención deberán formalizarse e comunicarse á oficina pública de emprego correspondente na forma regulamentariamente establecida.

5. Unha vez finalizado o período de cumprimento desta obrigaón, corresponderá á entidade promotora do obradoiro dual de emprego (Concello de Vigo), levar a cabo a función de control das subvencións concedidas, así como a avaliación e seguimento deste programa.

Artigo 9. Competencia.

A competencia para resolver as solicitudes de axudas corresponderá ao Concello de Vigo, como entidade promotora do obradoiro dual de emprego.

Artigo 10. Procedemento de concesión, instrución e tramitación.

1. O procedemento de concesión das solicitudes presentadas ao amparo desta convocatoria non ten a consideración de concorrencia competitiva, dado que, de acordo coa finalidade e o obxecto do programa, non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento, senón que a concesión da axuda realízase pola comprobación da concorrencia nas empresas e nos empregadores/as dos requisitos establecidos, ata o esgotamento do crédito orzamentario.

2. No caso de que se presenten un maior número de solicitudes de contratación que axudas concedidas, na súa valoración teranse en conta factores tales como que a empresa/entidade asinara previamente un compromiso de contratación do alumnado do obradoiro achegado co proxecto que o Concello presentou á Xunta de Galicia para solicitar a subvención (compromiso contemplado na Orde de convocatoria e que se puntúa na valoración do proxecto); a orde de presentación das solicitudes.

3. Estes incentivos á contratación por conta allea quedan sometidos ao réxime de axuda de *mínimis*, nos termos establecidos no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de *mínimis* (DOUE L352, do 24 de decembro de 2013). [Esta circunstancia farase constar expresamente na resolución de concesión.](#)

Artigo 11. Resolución e recursos.

1. As resolucións de concesión ou denegación serán sempre motivadas.

2. O prazo para resolver e notificar é dun mes, que se computará desde a data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido devandito prazo sen que se dite resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude, de acordo co establecido no artigo 23.5 da Lei de subvencións de Galicia.

3. Notificada a resolución polo órgano competente, as entidades propostas como beneficiarias dispoñerán dun prazo de dous días hábiles para a súa aceptación; transcorrido este, sen que se produza manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.

4. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de acordo co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 12. Incompatibilidades e concorrencia.

1. As axudas previstas neste programa para as contratacións por conta allea son incompatibles con outras que, polos mesmos conceptos, poidan outorgar as administracións públicas como medida de fomento de emprego. Con todo, serán compatibles, no seu caso, coas bonificacións ou reducións de cotizacións á Seguridade Social.
2. Os incentivos establecidos neste programa serán compatibles con calquera outra axuda para distinta finalidade da Unión Europea, doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados pero, sen que en ningún caso, illadamente ou en concorrencia con outras poidan superar os límites establecidos pola Unión Europea e os que establece o artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 13. Perda do dereito ao cobro da subvención e reintegro.

1. Procederá a perda do dereito ao cobro da subvención, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de mora correspondentes desde o momento do pago da subvención ata a data en que se acorde a orixe do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
2. As obrigacións de reintegro establecidas nesta orde, entenderanse sen prexuízo do establecido no Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, que aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.
3. Entenderase que se produce un incumprimento parcial e, por tanto, procederá o reintegro parcial dos incentivos cando se extingue a relación laboral coa persoa traballadora subvencionada antes de que transcorra o período mínimo de subvención e a empresa non proceda a substituíla.

Artigo 14. Devolución voluntaria da subvención.

1. De acordo co establecido no artigo 64 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, as entidades beneficiarias poderán realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención concedida, mediante o seu ingreso na conta da entidade promotora do obradoiro dual de emprego, en concepto de devolución voluntaria da subvención.
2. En todo caso, a entidade beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, en que conste a data do ingreso, o seu importe, o número do expediente e denominación da subvención concedida.

CONVOCATORIA DE AXUDAS A TRAVÉS DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN POR CONTA ALLEA DAS PERSOAS PARTICIPANTES NO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO "VIGO CAPACITA VIII", NÚMERO DE EXPTE.: 36/00007/2022

Artigo 1. Finalidade e duración dos incentivos á contratación por conta allea.

1. Os incentivos á contratación por conta allea obxecto da presente convocatoria teñen por finalidade facilitar a empregabilidade e a ocupabilidade das persoas participantes no OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO "VIGO CAPACITA VIII", número de EXPTE.: 36/00007/2022, proxecto mixto de formación



Concello de Vigo

e emprego promovido polo Concello de Vigo e financiado a través da convocatoria 2022 de axudas e subvencións a obradoiros duais de emprego, da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, pertencente á Consellería de Emprego e Igualdade.

2. A contratación (nas modalidades de contrato indefinido ou fixo discontinuo) terá unha duración mínima de **3 meses**.

3. A xornada da contratación será a **tempo completo**.

Artigo 2. Entidades beneficiarias dos incentivos á contratación.

1. Poderán ser entidades beneficiarias dos incentivos á contratación as persoas empregadoras e as empresas/ entidades, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas, as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica, cuxa actividade estea directamente relacionada coa formación impartida no obradoiro dual de emprego, en concreto cos certificados de Profesionalidade de Cociña (HOTR0408) e Repostería (HOTR0509 Módulos) e Servizos de Restaurante (HOTR0608) e Servizos de Bar e Cafetería (HOTR0508) no ámbito da hostalería, e que contraten traballadoras ou traballadores por conta allea para prestar servizos en centros de traballo radicados no ámbito territorial de Vigo.

No caso de sociedades civís, comunidades de bens e unións temporais de empresas deberá facerse constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención que se vai a aplicar para cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiario. En calquera caso, deberán nomear unha persoa representante ou apoderada única da agrupación, con poder suficiente para cumprir as obrigacións que, como beneficiaria, correspóndanlle á agrupación. No suposto de unións temporais de empresas, cada empresa que forme parte desta unión deberá reunir os requisitos esixidos para acceder ás axudas.

2. Non poderán ser entidades beneficiarias destas axudas as administracións públicas, as sociedades públicas, nin as entidades vinculadas ou dependentes de calquera delas.

3. Non están incursas nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria previstas no art. 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no art. 13 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións, segundo o estipulado nas bases da convocatoria.

4. Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria as entidades solicitantes que estean excluídas do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme ao establecido no artigo 46 e 46 bis do texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto.

5. A xustificación por parte das persoas ou entidades solicitantes de non estar incursas nas prohibicións contidas nos números 3 e 4 anteriores para obter a condición de beneficiario realizarase mediante declaración responsable .

Artigo 3. Contía dos incentivos.

1. Os contratos incentivaranse cunha subvención fixa de **1.500€** por cada traballador/a, correspondente ao contrato mínimo de **3 meses** a xornada **completa**.

2. O número máximo de incentivos que se poderán conceder é de 20 en total.
3. Os beneficios establecidos á contratación neste programa non poderán, en concorrencia con outras axudas públicas para a mesma finalidade, superar o 100 % do custo salarial das mensualidades obxecto de subvención.
4. Unha vez esgotado o crédito orzamentario existente, procederase a denegar as subvencións que non poidan ser atendidas por falta de dispoñibilidade orzamentaria. As solicitudes denegadas por falta de crédito nunha convocatoria determinada, non causarán dereito nas seguintes.

Artigo 4. Contía total e crédito orzamentario

A contía total estimada destinada a estas subvencións para o exercicio orzamentario do 2023 do Concello de Vigo é de 30.000 € (trinta mil euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 4700007 denominada AXUDAS CONTRATACIÓN O.E. "VIGO CAPACITA VIII", de acordo co establecido nas bases reguladoras.

O importe da subvención ou axuda, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custo da actividade ou actuación subvencionada.

A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

Artigo 5. Exclusiones. Exclúense dos beneficios regulados neste programa.

1. As relacións laborais de carácter especial previstas no artigo 2.1 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores ou noutras disposicións legais, así como as contratacións de traballadores ou traballadoras para prestar servizos noutras empresas mediante contratos de posta a disposición.
2. Os contratos realizados co/a cónxuxe, as persoas ascendentes, as persoas descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, da empresaria ou empresario ou das persoas que teñan cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como as que se produzan con estes últimos. Non será aplicable esta exclusión cando a persoa empregadora sexa unha persoa traballadora autónoma que contrate como persoa traballadora por conta allea aos fillos e fillas menores de 30 anos, tanto se conviven ou non con ela, ou cando se trate dunha persoa traballadora autónoma sen persoas asalariadas e contrate a un só familiar menor de 45 anos que non conviva no seu fogar nin estea ao seu cargo.
3. As contratacións realizadas con persoas traballadoras que nos 24 meses anteriores á data da contratación prestasen servizos na mesma empresa, segundo o establecido no artigo 2 do Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, mediante un contrato de carácter indefinido, ou nos últimos 3 meses mediante un contrato de carácter temporal ou mediante un contrato formativo, de substitución ou de substitución por anticipación da idade de xubilación. O disposto neste parágrafo será tamén de aplicación no suposto de vinculación laboral anterior do traballador ou da traballadora con empresas ás cales a persoa solicitante dos beneficios sucedese en virtude do establecido no artigo 44 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro.

Artigo 6. Prazos e solicitude.

1. O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente será de **5 días hábiles**, a contar desde o día seguinte á publicación do extracto desta convocatoria no Boletín



Concello de Vigo

Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

2. Os solicitantes obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo, segundo a obriga imposta polo artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), deberán presentar e tramitar por medios electrónicos a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo <https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=ga>, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>,

3. Os solicitantes non obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas, poderán optar pola tramitación electrónica da súa solicitude e documentación complementaria a través da sede electrónica do Concello de Vigo, e por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos ou ben a través da súa Carpeta Cidadá.

4. As solicitudes deberán presentarse no modelo normalizado que figura como Anexo I - Solicitude, xunto coa seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada ou cotexada:

- Copia do DNI, NIE ou NIF da empresa, e poder suficiente para actuar en nome da entidade.
- Declaración do persoal de todos os centros de traballo da empresa en Galicia no mes anterior ao mes de publicación da presente convocatoria, incluída no Anexo I - Solicitude.
- Declaración responsable de que posúe a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións da axuda.

Artigo 7. Xustificación e pagamento.

1. De non achegarse con anterioridade, o pago das subvencións quedará condicionado á presentación da documentación xustificativa para o pago no prazo, nos termos e no modo establecido na resolución de concesión. Excepcionalmente, e por causas debidamente xustificadas, o órgano concedente poderá outorgar unha ampliación do prazo establecido para a presentación da xustificación que non exceda da metade deste. O acordo de ampliación deberá ser notificado ás persoas ou entidades beneficiarias.

A documentación a presentar é a seguinte:

- a) Declaración complementaria da presentada coa solicitude, do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, no seu caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, segundo o modelo do Anexo V – Xustificación.
- b) Copia dos contratos de traballo obxecto de subvención.
- c) Documentación xustificativa das altas, e no seu caso baixas, dos traballadores/as con cargo aos incentivos á contratación, que abranguen un contrato de ao menos de 3 meses, a xornada completa.

d) Outra documentación xustificativa ou aclaratoria que o Concello poidera requirir á empresa/ entidade beneficiaria da axuda.

2. Non poderá realizarse o pago da subvención en tanto a entidade beneficiaria non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social ou teña pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou sexa debedora en virtude de resolución firme declarativa de orixe de reintegro.

Artigo 8. Obrigacións das entidades beneficiarias.

1. Incorporar á persoa nun posto de traballo directamente relacionado coa formación recibida no obradoiro dual de emprego, e dicir, un posto de traballo directamente relacionado cos certificados de Profesionalidade de Cociña (HOTR0408) e Repostería (HOTR0509 Módulos) e Servizos de Restaurante (HOTR0608) e Servizos de Bar e Cafetería (HOTR0508), no ámbito da hostalería.

2. Manter no seu persoal á persoa contratada polo período de duración do contrato obxecto de subvención. No caso de extinción do contrato de traballo polas causas previstas na normativa laboral vixente con anterioridade á finalización do período esixible, a empresa/entidade deberá comunicar esta circunstancia á entidade promotora do obradoiro dual de emprego, e dicir, ao Concello de Vigo, no prazo de **sete días hábiles** desde que se produza, para promover a súa substitución nas mesmas condicións, ofertando a cobertura do posto de traballo vacante a outras persoas participantes no obradoiro, que non fosen contratadas previamente.

3. Como consecuencia da contratación pola que se solicita a subvención, ten que incrementarse o emprego neto da entidade solicitante no ámbito territorial de Galicia respecto ao mes anterior ao mes de realización da contratación pola que se solicita a subvención. Para o cálculo do incremento do persoal non se computarán as persoas traballadoras cuxo contrato de traballo extíngase por causas obxectivas ou por despedimento disciplinario, que non sexan declarados improcedentes, ou cuxas baixas se produciran por dimisión da persoa traballadora ou por morte, xubilación, incapacidade permanente total ou absoluta ou gran invalidez legalmente recoñecidas, ou por finalización do contrato.

4. As contratacións, realizadas nas modalidades de contrato indefinido ou fixo discontinuo, polas que se solicita subvención deberán formalizarse e comunicarse á oficina pública de emprego correspondente na forma regulamentariamente establecida.

5. Unha vez finalizado o período de cumprimento desta obrigación, corresponderá á entidade promotora do obradoiro dual de emprego (Concello de Vigo), levar a cabo a función de control das subvencións concedidas, así como a avaliación e seguimento deste programa.

Artigo 9. Competencia.

A competencia para resolver as solicitudes de axudas corresponderá ao Concello de Vigo, como entidade promotora do obradoiro dual de emprego.

Artigo 10. Procedemento de concesión, instrución e tramitación.

1. O procedemento de concesión das solicitudes presentadas ao amparo desta convocatoria non ten a consideración de concorrencia competitiva, dado que, de acordo coa finalidade e o obxecto do programa, non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento, senón que a concesión da axuda realízase pola comprobación da concorrencia nas empresas e nos empregadores/as dos requisitos establecidos, ata o esgotamento do crédito orzamentario.



Concello de Vigo

2. No caso de que se presenten un maior número de solicitudes de contratación que axudas concedidas, na súa valoración teranse en conta factores tales como que a empresa/entidade asinara previamente un compromiso de contratación do alumnado do obradoiro achegado co proxecto que o Concello presentou á Xunta de Galicia para solicitar a subvención (compromiso contemplado na Orde de convocatoria e que se puntúa na valoración do proxecto); a orde de presentación das solicitudes.

3. Estes incentivos á contratación por conta allea quedan sometidos ao réxime de axuda de *mínimis*, nos termos establecidos no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de *mínimis* (DOUE L352, do 24 de decembro de 2013). [Esta circunstancia farase constar expresamente na resolución de concesión.](#)

Artigo 11. Resolución e recursos.

1. As resolucións de concesión ou denegación serán sempre motivadas.

2. O prazo para resolver e notificar é dun mes, que se computará desde a data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido devandito prazo sen que se dite resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude, de acordo co establecido no artigo 23.5 da Lei de subvencións de Galicia.

3. Notificada a resolución polo órgano competente, as entidades propostas como beneficiarias dispoñerán dun prazo de dous días hábiles para a súa aceptación; transcorrido este, sen que se produza manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.

4. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de acordo co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 12. Incompatibilidades e concorrencia.

1. As axudas previstas neste programa para as contratacións por conta allea son incompatibles con outras que, polos mesmos conceptos, poidan outorgar as administracións públicas como medida de fomento de emprego. Con todo, serán compatibles, no seu caso, coas bonificacións ou reducións de cotizacións á Seguridade Social.

2. Os incentivos establecidos neste programa serán compatibles con calquera outra axuda para distinta finalidade da Unión Europea, doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados pero, sen que en ningún caso, illadamente ou en concorrencia con outras poidan superar os límites establecidos pola Unión Europea e os que establece o artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 13. Perda do dereito ao cobro da subvención e reintegro.

1. Procederá a perda do dereito ao cobro da subvención, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de mora correspondentes desde o momento do pago da subvención ata a data en que se acorde a orixe do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. As obrigacións de reintegro establecidas nesta orde, entenderanse sen prexuízo do establecido no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, que aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

3. Entenderase que se produce un incumprimento parcial e, por tanto, procederá o reintegro parcial dos incentivos cando se extingue a relación laboral coa persoa traballadora subvencionada antes de que transcorra o período mínimo de subvención e a empresa non proceda a substituíla.

Artigo 14. Devolución voluntaria da subvención.

1. De acordo co establecido no artigo 64 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, as entidades beneficiarias poderán realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención concedida, mediante o seu ingreso na conta da entidade promotora do obradoiro dual de emprego, en concepto de devolución voluntaria da subvención.

2. En todo caso, a entidade beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, en que conste a data do ingreso, o seu importe, o número do expediente e denominación da subvención concedida.

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO DE DD/MM/2023, POLO QUE SE CONVOCAN AXUDAS A TRAVÉS DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN POR CONTA ALLEA DAS PERSOAS PARTICIPANTES NO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO "VIGO CAPACITA VIII", NÚMERO DE EXPTE.: 36/00007/2022

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro. Obxecto

Os incentivos á contratación por conta allea obxecto da presente convocatoria teñen por finalidade facilitar a empregabilidade e a ocupabilidade das persoas participantes no OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO "VIGO CAPACITA VIII", número de EXPTE.: 36/00007/2022, proxecto mixto de formación e emprego promovido polo Concello de Vigo e financiado a través da convocatoria 2022 de axudas e subvencións a obradoiros duais de emprego, da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, pertencente á Consellería de Emprego e Igualdade.

A contratación (nas modalidades de contrato indefinido ou fixo discontinuo) terá unha duración mínima de **3 meses**.

A xornada da contratación será a **tempo completo**.

Segundo. Beneficiarios

Poderán ser entidades beneficiarias dos incentivos á contratación as persoas empregadoras e as empresas/ entidades, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas, as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica, cuxa actividade estea directamente relacionada coa formación impartida no obradoiro dual de emprego, en concreto cos certificados de Profesionalidade de Cociña (HOTR0408) e Repostería (HOTR0509 Módulos) e Servizos de Restaurante (HOTR0608) e Servizos de bar e cafetería (HOTR0508) no ámbito da hostalería, e que contraten traballadoras ou traballadores por conta allea para prestar servizos en centros de traballo radicados no ámbito territorial de Vigo.

Non poderán ser entidades beneficiarias destas axudas as administracións públicas, as sociedades públicas, nin as entidades vinculadas ou dependentes de calquera delas.



Concello de Vigo

Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria previstas no art. 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no art. 13 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións, segundo o estipulado nas bases da convocatoria.

Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria as entidades solicitantes que estean excluídos do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme ao establecido no artigo 46 e 46 bis do texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.

Terceiro. Bases reguladoras

Bases reguladoras aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo do **dd/mm/aaaa**, e publicadas en <https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/index.jsp?ide=0&lang=é>.

Cuarto. Contía

Os contratos incentivaranse cunha subvención fixa de 1.500 € por cada traballador/a, correspondente ao contrato mínimo de 3 meses a xornada completa.

O número máximo de incentivos que se poderán conceder é de 20 en total.

Os beneficios establecidos á contratación neste programa non poderán, en concorrencia con outras axudas públicas para a mesma finalidade, superar o 100 % do custo salarial das mensualidades obxecto de subvención. Unha vez esgotado o crédito orzamentario existente, procederase a denegar as subvencións que non poidan ser atendidas por falta de dispoñibilidade orzamentaria. As solicitudes denegadas por falta de crédito nunha convocatoria determinada, non causarán dereito nas seguintes.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente será de **5 días hábiles**, a contar desde o día seguinte á publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Os solicitantes obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo segundo a obriga imposta polo artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC). Deberán presentar e tramitar por medios electrónicos a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo <https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=ga>, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

Os solicitantes non obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas, poderán optar pola tramitación electrónica da súa solicitude e a documentación complementaria a través da sede electrónica do Concello de Vigo, e por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos ou ben a través da súa Carpeta Cidadá.

Sexto. Outros datos

As bases reguladoras e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse na páxina web www.vigo.org, na oficina de información do Concello de Vigo e na oficina administrativa de Desenvolvemento Local e Emprego (Casa do Concello – 4º andar),

18(824).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN E ADXUDICACIÓN DO CONTRATO BASEADO NO ACORDO MARCO PARA O SUBMINISTRO DE GAS NATURAL DA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEMP. Expte. 1729/441.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización de 29/09/2023, dáse conta do informe-proposta de data 27/09/2023, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno e pola letrada-titular de Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

ANTECEDENTES

Primeiro.- A XGL, en sesión ordinaria de data 30 de agosto de 2019, acordou adxudicar a Gas Natural Comercializadora, S.A. o procedemento aberto para a contratación do subministro de Gas Natural para os Colexios Públicos, Escolas Infantís Municipais, Pazo de Congressos e Dependencias do Concello De Vigo (261-441) por un prezo total de 308.711,10 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 53.577,96 euros. O contrato formalizouse en documento administrativo en data 24/09/2019, e consta na Cláusula cuarta o prazo do contrato, o cal é de dous anos, contado a partir do 25/09/2019, estando previstas dúas prórrogas dun ano cada unha.

Segundo.- O contrato foi prorrogado por acordos da XGL de 16 de setembro de 2021 e 25 de agosto de 2022 para os períodos comprendidos entre o 25/09/2021 ata o 24/09/22 e o 25/09/2022 ata o 24/09/23 respectivamente.

Terceiro.- A Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), por acordo da súa Xunta de Goberno do 28 de xaneiro de 2014, aprobou a creación dunha Central de Contratación ao amparo do previsto na Disposición Adicional Quinta da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, conforme á redacción dada á mesma polo artigo 1.35 da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local. A Central de Contratación da FEMP réxese polo disposto nos artigos 227 e seguintes da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Cuarto.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 17 de febreiro do 2022,



Concello de Vigo

acordou:

“PRIMEIRO.- Adherirse á Central de Contratación da FEMP a fin de poder contratar as obras, servizos e subministracións que oferte, de conformidade ás condicións e prezos que se fixen nos correspondentes contratos ou acordos marco que se subscriban entre a dita central e as empresas adxudicatarias dos mesmos.

SEGUNDO.- Axustarse ao establecido no Regulamento de Funcionamento da Central de Contratación da FEMP, en concreto, nas cláusulas referentes ao ámbito de aplicación, funcionamento, dereitos e obrigacións das Entidades Locais.

TERCEIRO.- Remitir o presente acordo á FEMP para os efectos oportunos”.

Quinto.- A FEMP, a través da súa Central de Contratación licitou o acordo marco para a contratación da subministración de gas natural a través da central de Contratación da FEMP con tres lotes xeográficos, dos que o lote 1 corresponde con Galicia.

Este acordo foi adxudicado por resolución de 12 de agosto de 2022 aos seguintes licitadores:

- GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. que formalizou o contrato en documento administrativo o 14 de setembro de 2022, comezando a súa execución o día da sinatura do mesmo. Ten un prazo de duración dun ano e prevé unha prórroga dun ano de duración que foi acordada mediante resolución de 4 de xullo de 2023.
- ENDESA ENERGÍA, S.A que formalizou o contrato en documento administrativo o 14 de setembro de 2022, comezando a súa execución o día da sinatura do mesmo. Ten un prazo de duración dun ano e prevé unha prórroga dun ano de duración que foi acordada mediante resolución de 4 de xullo de 2023.

Sexto.- Mediante resolución de 13 de xullo de 2023, o 2º Tenente Alcalde, Concelleiro delegado da Área de Goberno de Fomento e Servizos, A concelleira delegada de Educación, RRHH e Formación e a concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, acordaron o inicio dun expediente de contratación de subministración de gas natural para os colexios públicos, escolas infantís municipais, pazo de congresos e dependencias do concello de vigo, á vista do Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola enxeñeira Técnica Industrial, O Xefe de Área de Inversións e a Xefa do Servizo de Educación, e propón a adhesión ao citado acordo marco da Central de Contratación da FEMP.

Sétimo.- O 23 de agosto de 2023 solicitáronse ofertas aos 2 adxudicatarios do acordo marco que a presentaron a través da plataforma da FEMP. Na memoria económica do expediente se informa que das dúas ofertas presentadas a que ten un prezo máis baixo de acordo á cláusula 11 do PCA do acordo marco, correspondente a GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. a cal foi a seguinte:

**PROPOSICIÓN ECONÓMICA DE GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. PARA EL SUMINISTRO DE GAS
PARA AYUNTAMIENTO DE VIGO_EXP 2023/000723**

Fecha petición oferta 23/08/2023
 Fecha envío oferta 30/08/2023
 Fecha validez oferta 30 días hábiles, a contar desde la finalización de la fecha para presentar o

DE AYUNTAMIENTO VIGO	TARIFA DE ACCESO						TTFHERENMA101 (1)
	RL1	RL2	RL3	RL4	RLT5	RLT6	
Descuento (€/kWh)	0,006600	0,006600	0,006600	0,006600	0,006600	0,006600	29,213
Coefficiente K (€/kWh)	0,027712	0,024864	0,022703	0,024291	0,023339	0,016429	
Precio c €/kWh	5,0325	4,7477	4,5316	4,6904	4,5952	3,9042	
Precio €/kWh	0,050325	0,047477	0,045316	0,046904	0,045952	0,039042	

Precio c€/kWh: Precio final para cada tarifa expresado en c€/kWh teniendo en cuenta el TTFHERENMA101 indicado en celda y en vigor en el momento de envío del documento de invitación. Con 4 decimales.

Precio €/kWh: Precio final para cada tarifa expresado en €/kWh teniendo en cuenta el TTFHERENMA101 indicado en celda y en vigor en el momento de envío del documento de invitación. Con 6 decimales.

Precios sin impuestos.

FUNDAMENTOS JURÍDICOS

-I-

Do expediente de contratación

A celebración de contratos por parte das Administracións Públicas require a previa tramitación dun expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade del contrato.

Se ben a iniciación do expediente de contratación correspóndelle ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o caso de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 da LCSP), delegouse nos concelleiros de Área.

O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 da LCSP, e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas reitores do contrato (artigo 116.3 da LCSP).

No mesmo xustificase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP) e a xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116.4 f). Así mesmo, consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Constan no expediente os certificados de existencia de crédito de data 20 de setembro de 2023 .

-II-



Concello de Vigo

Do acordo marco

O artigo 218 da LCSP regula sistemas para a racionalización da contratación das administracións públicas, entre os que se atopan os acordos marco.

Mediante os acordos marcos, un ou varios órganos de contratación subscriben, cunha ou varias empresas, as condicións a que se deberán axustar os contratos que pretendan adxudicar durante un período determinado, que non poderá exceder dos catro anos (artigo 219.1 e 2 da LCSP).

Tal e como se indicou nos antecedentes, esta Administración adheriuse á central de contratación da FEMP, a cal subscribiu un acordo marco de subministro de gas natural a GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A. e a ENDESA ENERGÍA S.A. Este acordo formalizouse o 14 de setembro de 2022, e comezou a súa execución ao día seguinte. Ten un prazo de duración de 1 ano e prevé unha prórroga dun ano de duración que xa se acordou o 4 de xullo de 2023.

A lei esixe os seguintes **requisitos para a adxudicación do contrato baseado nun acordo marco**:

1. A vixencia do acordo marco (artigo 219.3 da LCSP). Para fixar a data relevante para o cumprimento deste requisito a lei distingue dous supostos, que sexa necesario realizar unha licitación para a adxudicación do contrato baseado, ou que non sexa necesaria, como no suposto que nos ocupa. En este segundo caso a data relevante será a da adxudicación do contrato baseado. Do dito despréndese que o acordo marco de subministro de gas natural da FEMP na actualidade está vixente.
2. Só se poderán subscribir contratos baseados nun acordo marco entre as empresas e os órganos de contratación que fosen orixinarmente partes nel, salvo no caso de que se trate de acordos marco realizados por centrais de contratación (artigo 221.1 en relación co artigo 227.4 da LCSP). Neste caso, poderanse subscribir contratos baseados entre as empresas e entes do sector público parte do acordo marco, así como por outros entes do sector público, sempre que os ditos entes, entidades ou organismos se identificasen no prego regulador do acordo marco, e se fixese constar esta circunstancia na convocatoria de licitación, como acontece no presente caso.
3. A remisión do correspondente anuncio á Oficina de Publicacións da Unión Europea, no caso de que se trate de contratos suxeitos a regulación harmonizada, no prazo de trinta días desde a súa formalización (artigo 220.2 da LCSP).
4. A súa publicación no perfil de contratante do órgano de contratación (artigo 220.2 da LCSP).

Tal e como determina o artigo 36.3 da LCSP os contratos baseados nun acordo marco se perfeccionan coa súa adxudicación.

-III-

COMPETENCIA

A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP).

É preceptivo, con carácter previo á aprobación do expediente de contratación, o informe da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), e a fiscalización previa. Esta última non é necesaria no presente caso por canto o expediente non xera gastos á facenda municipal.

ACORDO

Por todo o exposto, e unha vez incorporados ao expediente informe da titular da asesoría xurídico, e o informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“Primeiro.- Aprobar o presente expediente de contratación subministro de de gas natural para os colexios públicos, escolas infantís municipais, pazo de congresos e dependencias do concello de vigo.

Segundo- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CIENTO OITENTA E OITO MIL CIENTO DEZ EUROS CON SETENTA E NOVE CÉNTIMOS (188.110,79 €), IVE engadido, sendo a partida correspondente ao IVE de VINTE E SETE MIL OITOCENTOS E DOUS EUROS CON VINTE E OITO CÉNTIMOS (27.802,28 €), segundo consta na memoria económica do servizo xestor.

Terceiro.- Adxudicar o contrato baseado no Acordo Marco de subministro de gas natural adxudicado pola Central de Contratación da FEMP a GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A., con data 12 de agosto de 2022 e formalizado o 14 de setembro de 2022.

Cuarto.- O contrato baseado iniciarase o día seguinte da notificación ao adxudicatario e terá unha duración dun ano.

Quinto.- Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, nas aplicacións orzamentarias da táboa seguinte, e coa distribución en anualidades que sinala:

	PARTIDA	25 SETEMBRO 2023 – 31 DECEMBRO 2023	1 XANEIRO 2024 – 24 SETEMBRO 2024	TOTAL € ANO 1	
GRUPO I	CENTROS DOCENTES E GARDERIAS:	3230-2210200	11.041,64 €	42.595,11 €	53.636,75 €
GRUPO II	DEPENDENCIAS MUNICIPAIS:				
GRUPO III	PAZO DE CONGRESOS/AUDITORIO MAR DE VIGO:	9200-2210200	25.983,91 €	101.390,35 €	127.374,26 €
GRUPO IV	PARQUE CENTRAL DE SERVIZOS- SANTA CRISTINA:	9202-2210200	1.447,34 €	5.652,44 €	7.099,78 €
			38.472,89 €	149.637,90 €	188.110,79 €

Sexto.- Nomease responsable do contrato baseado a o a Enxeñeira Industrial e/o Enxeñeira Técnica Industrial da Área de Fomento.

Sétimo.- Ordenar a súa publicación no perfil do contratante, e a remisión do correspondente anuncio á Oficina de Publicacións da Unión Europea, por tratarse dun contrato suxeito a regulación harmonizada.”



Concello de Vigo

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(825).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO “PROXECTO VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL NA RÚA ESCULTOR GREGORIO FERNÁNDEZ NO MARCO DO PRTR FINANCIADO CON FONDOS EUROPEOS NEXT-GENERATION-EU”. EXPTE. 1632/441.

Visto o Informe de fiscalización do 18/09/2023, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación de data 14/09/2023, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do “Proxecto Vigo Vertical de implantación de medios mecánicos de transporte peonil na rúa Escultor Gregorio Fernández no marco do PRTR financiado con fondos europeos NEXT-GENERATION-EU” (1632-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do “Proxecto Vigo Vertical de implantación de medios mecánicos de transporte peonil na rúa Escultor Gregorio Fernández no marco do PRTR financiado con fondos europeos NEXT-GENERATION-EU” (1632-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 11 de maio de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE MEDIOS MECÁNICOS DE TRANSPORTE PEONIL NA RÚA ESCULTOR GREGORIO FERNÁNDEZ NO CONCELLO DE VIGO NO MARCO DO PRTR FINANCIADO CON FONDOS EUROPEOS NEXTGENERATION EU”, redactado polos Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos, Don Santiago J. Pérez Vázquez e Don Ignacio Teijeiro Calvo.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 5 de abril de 2023.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de DOUS MILLÓNS SEISCENTOS SETENTA E CATRO MIL

DOUSCENTOS SETENTA E TRES EUROS CON QUINCE CÉNTIMOS (2.674.273,15 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 464.130,05 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1539.609.00.65 do orzamento vixente, proxecto de gasto 22153965, dos cales 1.200.000, 00 euros provintes da incorporación de remanentes (Decreto do Alcalde-Presidente de data 08.02.2023), e o resto con cargo a correntes, segundo a seguinte distribución de anualidades:

2023	2.674.273,15 €
------	----------------

Cuarto.-Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

Segundo.- Con data 12 de maio de 2023, a concelleira delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal (por acordo da Xunta de Goberno local de data 12 de marzo de 2021) adoptou a seguinte resolución:

“Rectificar o apartado 5 a) do anexo I (Follas de especificacións do contrato) do PCAP, que quedará redactada como segue

A) PROCEDE ACREDITAR CLASIFICACIÓN, EN CASO AFIRMATIVO, INDÍCASE GRUPO/SUBGRUPO/CATEGORÍA ESIXIBLE: si, Grupo J, subgrupo 1, categoría 4.”

Terceiro.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 24 de agosto de 2023 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento á UTE CIVIS GLOBAL, S.L.U. – AVAN INTEGRAL, S.L. por entender que a súa oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais porque non se cumpren os requisitos para considerala xustificada consonte o informe asinado o 10 de agosto de 2023 pola enxeñeira industrial e o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do “Proxecto Vigo Vertical de implantación de medios mecánicos de transporte peonil na rúa Escultor Gregorio Fernández no marco do PRTR financiado con fondos europeos NEXT-GENERATION-EU” (1.632-441) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	ORECO BALGON, S.A.	94,56
2	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS S.A.	90,35
3	UTE XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L. -CONSTRUCCIONES OREGA S.L.	90,32

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORECO BALGON, S.A. (A-36.614.691), para que presente, no prazo de dez días hábiles , a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):



Concello de Vigo

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Cuarto.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORECO BALGON, S.A., o día 25 de agosto de 2023, que presenta a documentación requirida o 6 de setembro de 2023, dentro do prazo concedido.

Quinto.- A Mesa de Contratación na sesión do 14 de setembro de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarse aos licitadores e, simultaneamente, publicarse no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ORECO BALGON, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ORECO BALGON, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 17 de xullo de 2023 e 11 de agosto de 2023, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón da exclusión adoptada pola concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (22 de xuño de 2023), o 24 de agosto de 2023, de UTE CIVIS GLOBAL, S.L.U. - AVAN INTEGRAL, S.L. por entender que a súa oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais porque non se cumpren os requisitos para considerala xustificada*

consonte o informe asinado o 10 de agosto de 2023 pola enxeñeira industrial e o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos.

2. *Adxudicar a ORECO BALGON, S.A o procedemento aberto para a contratación das obras do “Proxecto Vigo Vertical de implantación de medios mecánicos de transporte peonil na rúa Escultor Gregorio Fernández no marco do PRTR financiado con fondos europeos NEXT-GENERATION-EU” (1632-441) por un prezo total do contrato de 2.511.677,34 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 435.910,94 euros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(826).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás once horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez